


Neira Vilas  
respóndelle  
a Saramago

(Páx. 34)

Verbum,  
os defectos  
dun museo

(Páx. 32-33)



ELECCIÓNS MUNICIPAIS

# Cambio de tendencia



O PP colleita os peores resultados do Estado

A oposición supera por vez primeira a dereita

Soben PSOE e BNG,  
pero os nacionalistas  
perden poder institucional

FACO VILABARROS

## ACCIDENTAL

Manuel Darriba

*Accidental* inaugura a colección **Illa nova**. Un texto que explora as trampas e servidumes da identidade, a aceptación do poder, a submisión e a súa expresión na degradación da memoria colectiva. Un discurso narrativo no roncel de Kafka polo que ten de absurdo e polos seus espasmos humorísticos.



DESPOIS DE SEIS MESES DE MOBILIZACIÓNS, é lóxico o desencanto dalgúns polos resultados electorais. Analistas diversos e os propios dirixentes do PSOE e do BNG xa viñan remarcando con todo que as eleccións municipais non constituían o mellor escenario para ollar o cambio político. Tampouco as manifestacións anti-Otan, nin as contrarias á reconversión lle restaron poder ao Partido Socialista. O colectivo que se mobiliza é heteroxéneo e disperso, composto en parte por unha mocidade que, nunha importante porcentaxe, non acode a votar. Esta frustración non deixa ollar os resultados reais: a esquerda gáñalle por vez primeira á dereita en Galiza desde 1936. O PP perdería a maioría absoluta se o resultado se repetise nunhas autonómicas e Galiza foi o lugar no que o partido de Aznar máis descendeu de todo o Estado, despois de Aragón. O devalar do PP nas cidades, ocorrido nos anteriores comicios locais, confirmase agora e expándese ás vilas e cabeceiras de comarca. O PP acaba en Lugo mínimos históricos e a carreira pola alcaldía das dúas ex-conselleiras remata nun sonoro fracaso. A pirámide poboacional ofrece idea clara dunha tendencia que se vén acelerando nos últimos anos: o PP soamente gaña entre os xubilados. Na Costa da Morte, e coa salvedade de Muxía e algunha outra localidade, por efecto sobre todo das promesas, axudas e mobilización dos Gobiernos, o resultado foi favorábel á oposición. Os froitos non veñen cando se traballa a terra, senón cando chega a estación. É preciso saber agardar, pero, tamén, seguir facendo os labores segundo as témporas. ♦

## O BNG

Non dá 'nada por sentado' nos pactos co PSOE

Continuará cos 'cambios internos previstos antes das eleccións'

Sufre a baixada máis pronunciada do Estado,  
incluída a Costa da Morte

# O PP superado por primeira vez pola oposición

A. EIRÉ - R. VALVERDE - H. VIXANDE - P. BERGANTIÑOS - C. VIDAL

A esquerda galega superou por vez primeira á dereita en votos desde 1936 (Fronte Popular). O PP encaixa a baixada máis pronunciada e homoxénea de todo o Estado, perdendo o 4% dos votos. A esquerda dobra nas cidades ao PP e a vitoria sería completa sen as escisións de Borreiros e Troitiño no PSOE. O PP perde tamén a hexemonía nas vilas. Fraga reconece o *efecto Prestige*. A extrapolación mecánica dos resultados indica un cambio de goberno nas próximas autonómicas e a consecución de grupo parlamentario propio do BNG nas próximas xerais.

Non son unhas eleccións municipais o mellor trinque para ollar as tendencias políticas polas que opta o elector, nin para comprobar os movementos sociais de fondo. Nestes comicios xogan diversos condicionantes locais que poden desfigurar os rasgos esenciais que se van levar na próxima tempada política. Aínda así, podemos visualizar querencias que conviviremos en dar como comúns aos distintos partidos políticos e outras subacentes que están presentes nas preferencias dos cidadáns.

Sen realizar extrapolacións mecánicas, a análise dos resultados serve para deducir que estamos no comezo dun cambio de tendencia política, e, polo tanto, que é posíbel nas próximas autonómicas un cambio de goberno.

Existe un dado con valor real por sí propio: a oposición supera por vez primeira en votos ao PP desde que goberna Fraga Iribarne. Outro dado é que Galiza é a segunda comunidade do Estado onde o PP descende máis en votos, superando o 4% porcentual: malia ao aumento do número total de votantes baixou 15.000 votos. Tamén perde a presidencia da Deputación da Coruña. Fraga, sen resolver os deberes da sucesión, pendente de Madrid, fracasou nas súas tres apostas persoais, con tres ex conselleiros: Santiago, Lugo e Vigo, esta última cidade proposta como estandarte xunto a Madrid en todo o Estado.

Outra constatación é que o BNG mingou en poder institucional ao non conseguir recuncar nas alcaldías de Vigo e Ferrol e



A participación foi máis alta que en anteriores comicios.

PACO VILABARROS

quedar fóra do goberno municipal de Lugo e con menos peso no de Compostela. Malia a conseguir 35.000 votos máis, non cumpriu a súa aposta e, polo tanto, a lectura dos resultados para os nacionalistas é negativa globalmente, malia a aumentar en número de votantes e de alcaldías a gobernar, algunha delas importantes. Paradoxicamente o mesmo secretario xeral do PP, Javier Arenas dá ao BNG como un dos vencedores no 25-M.

O PsdG-PSOE tamén aumentou o seu número de votantes en 57.000. Foi maiormente na provincia de Lugo, coa capital á cabeza. No feudo de Cacharro pasaron do 20 ao 32%. Pero baixa na Coruña, onde Francisco Vázquez estivo a piques de perder a maioría absoluta na capital, e remonta levemente tanto en Pontevedra como en Ourense. Os socialistas logran a alcaldía de Vigo e a maioría absoluta en Lugo, superando ao PP en Compostela.

## A letra pequena

Fronte a estas marcas electorais escritas en letras grosas para que podan ser olladas pola opinión pública, existe unha letra pequena, uns detalles significativos na tendencia global que se poderon ollar no comportamento electoral destes comicios municipais e que poden ter repercusión cara o futuro.

O mesmo Fraga Iribarne e tamén Xesús Palmou, secretario xeral do PP galego, recoñecen

algún destes sinais. Así, ambos dirixentes do PP, declaran que a perda de determinadas alcaldías nas periferias das cidades se debe a que a nestes concellos van vivir persoas xoves. Estas persoas non votarian o PP. O máis pa-vero é a explicación que dan estes dirixentes da dereita: "non están informados do que fixo o Goberno". Así, Fraga, que na noite electoral negou que o chamado "efecto Prestige" tivese algo que ver cos resultados electorais, ao día seguinte recapacitou e culpou a esta catástrofe do descenso dun PP que perdeu 15 maiorías absolutas.

A mesma tendencia que Fraga e Palmou visualizan nos chamados "concellos-dormitorio" pode ollarse tamén nas principais vilas, onde o PP sofre un descalabro sen precedentes. Colloendo unicamente a pirámide poboaacional poderíamos realizar unha aproximación casi exacta dos resultados. Canto máis baixa é a idade media, piores resultados para o PP.

Esta tendencia levou a que a dereita perdesse non só a case totalidade dos concellos próximos ás cidades, senón a maioría dos municipios capitais de comarca. O dado é moi significativo sobre todo en Lugo, provincia atada a pau e ferro por Cacharro Pardo desde a Deputación. Das capitais comarcas só conserva Mondoñedo, Vilalba e Chantada, onde a división do BNG en dúas listas lle permitiu a vitoria ao PP. Dos grandes concellos cabeceira de comarca en Ourense

Continúa na páxina seguinte

ANOS DA TERRA

Edita:  
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

Presidente:  
Cesáreo Sánchez Iglesias.

Consello Delegado:  
Xosé Fernández Puga.

Vogais:

Xosé M<sup>o</sup> Dobarro, Manuel Mera,  
Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel  
Barros e Bieito Alonso.

Secretario:  
Xan Piñeiro.

Director:  
Alfonso Eiré López.

Redacción:  
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio  
Vixande, Carme Vidal, Paula  
Bergantiños, César Lorenzo Gil, Mar  
Barros, Rubén Valverde, Paco Vila  
Barros (Fotografía).

Edicións Especiais:  
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:  
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:  
Ficho Suárez.

Colaboradores:

Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco  
Grande, Abelardo Vázquez, Xosé Vila,  
Santiago Jaureguizar, Manuel Monge,  
X.L. Muñoz Portabales, Martina F.

Baíobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M.  
Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga,  
M<sup>o</sup> Pilar García Negro, V.M. Vázquez  
Portomeñe, A. Gato Soengas.

Sociidade: Perfecto Conde, X. Vázquez  
Pintor, Encarna Otero, Xavier Queipo,  
Henrique Harguindey.

Economía: Manuel Cao, Ramón  
Maceiras, Carme Vences, Bieito  
Lobeira, X.F. Pérez Ota.

Península: G. Nuno de Faria, Manuel  
Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.

Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal,  
Gustavo Luca de Tena.

Deportes: Manuel Pampín.

Cultura: Ramiro Fonte, Vitor Vaqueiro,  
Pilar Pallares, Lois Diéguez, Cebo

López Pazos, X.M. Eyre Val, Xesús  
Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez,  
Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé  
Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo  
Dacuña, Xesús González Gómez,  
Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor  
Mera Herbello.

Fin de Semana: Borobó, Francisco  
Carballo, Marga Romero, César Varela,  
Xurxo F. Ledo, Luísa Vilalta,  
Francisco A. Vidal.

Letras: Eva Montenegro Piñeiro.

Última Páxina: X.R. Pousa, X.A.  
Gacilho, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:  
Antonio Panaro, Xosé Marra, GAESA.

Ilustración:  
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar,  
Gonzalo Vilas, Suso Summarrin, Ana  
Pillado Vega, Herme, Garrincha,  
Fernando Rodríguez & Sertxo Suárez  
(Posoneiro).

Xefe de Publicidade:  
Carlos Martínez Muñoz  
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:  
Blanca Costas

Subscricións:  
Lola Fernández Puga  
subscricions@anosaterra.com

Vendas:  
Xosé M. Fdez. Abalades

Redacción e Administración:  
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.  
Apartado 1371. 36200 Vigo  
Edición Electrónica:  
www.anosaterra.com

Teléfonos:

Redacción:  
986 433 886 - 222 405.

Fax: 986 223 101.

Correo Electrónico:  
info@anosaterra.com

Administración, Subscricións e Publicidade:  
986 433 830\*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

só conta con Xinzó e Celanova. Pero aínda é moito máis significativo se nestes municipios ollamos máis detidamente os resultados: o PP perde no núcleo urbano e só o salvan as parroquias cunha poboación máis envellecida. Así sucede en Ponteareas, onde manda secularmente a dereita, pero o BNG é a lista máis votada nos colexios electorais do centro.

O PP podería emascarar os seus resultados recorrendo ás listas "independentes", pero, cando estas saíron da matriz do PP, o único que serviron foi para impedir un verdadeiro cambio político, pois quitaronlle tantos votos a nacionalistas e socialistas como ao PP: Un exemplo claro é Porriño.

Os resultados do PP no 25-M seguen a tendencia de hai catro anos, onde a dereita comezou a perder peso nas cidades. Dasqueles Mariano Raxoi deu a voz de alerta afirmando que era unha tendencia preocupante que se podía trasladar ao resto do corpo electoral. Agora semella que chegou tamén ás vilas. O efecto *Prestige* e a invasión de Iraq servíulle ao PP para realizar unha campaña de confrontación directa con nacionalistas e socialistas, movilizándoo a toda a súa dereita electoral, como se ollou nos centros das cidades, con especial significado en Pontevedra.

#### Decepción nacionalista

Os nacionalistas non acadaron nin os obxectivos marcados nin o resultado agardado. Así o recoñecen tanto Xosé Manuel Beiras como Anxo Quintana. A estratexia do poder nas capitais para dar o salto ao goberno autonómi-

co quedou, en parte, paralizada.

Os resultados dos BNG, como hai catro anos, estiveron bailando no gume dunha navalla. Daquelas tivo sorte e conseguiu tres alcaldías nas cidades o que emascarou uns resultados que non se podían considerar satisfactorios. Esta vez, aumentando en 35.000 sufraxios, ata chegar aos 325.000 votos, as leis electorais fóronlle adversas. Pero esquecendo a perda das alcaldías de Vigo e Ferrol, os comicios terían que considerarse moito máis positivos e, secadra, tamén máis acordes co que é a realidade do BNG.

Os nacionalistas perderon a alcaldía de Vigo malia a aumentar o seu número de votos en 5.000 sufraxios e a obter un resultado porcentual cuspidiño ao de hai catro anos. Daquela, nacionalistas e socialistas estiveran separados unicamente por 900 votos o que lle permitiu chegar a alcaldía a Pérez Castrillo en detrimento dun Carlos Príncipe que nunca o aceptou.

En Ferrol, a marcha do PSOE do seu candidato de hai catro anos, Bonifacio Borreiros, presentándose cunha candidatura independente, pódelle permitir ao PP recuperar a alcaldía. Borreiros non conseguiu entrar no concello, pero superou o 4% dos votos. O seu compañeiro no goberno, ex responsable local, Fernando Blanco, apoiou a Xoán Fernández, o mesmo que a ex-centrista Nona Inés Vilarinho. De non ser polos conflitos socia-

listas, o BNG recuaría na cidade departamental.

Tamén foron os conflitos socialistas os que impediron arrebatarlle a alcaldía ao PP en Ourense. Antonio Troitiño, o cabeceira de lista do PsdG-PSOE hai catro anos, presentouse como independente, quedando a 25 decimas de conseguir un concelleiro. Aínda así, Manuel Cabezas retuvo a alcaldía por moi pouco.

Mencionar entre os resultados do BNG o da Coruña capital, onde dobrou o número de concelleiros, seis, quedando a só 153 votos dun sétimo que lle faría perder a Francisco Vázquez a maioría absoluta. Pero ese aumento de voto tamén se produciu en toda

a comarca, onde poderá compararse co PsdG-PSOE varios gobernos, entre eles Betanzos. O mesmo ocorre en Ferrolterra, onde ademais de consolidar a súa maioría nas Pontes, acadou a alcaldía de Mugarbos, quedando a uns poucos votos de lograr a de Neda. Os nacionalistas tamén voltan a recuperar alcaldías no Morrazo, como Moaña e Bueu, e se non conseguen a de Cangas foi pola fragmentación do voto da esquerda que supera amplamente ao do PP, malia a que o alcalde Sotelo se implicou directamente na loita contra o chapapote. A reseñar tamén a conquista da alcaldía de Boiro polos nacionalistas, enfrotándose a un alcalde, Xesús Alonso, que é o maior empresario da comarca. ♦

## Os conservadores perden boa parte das cabeceiras comarcais.

# O PsdG-PSOE sae airoso das crises internas

O grande beneficiado destas eleccións foi o PsdG-PSOE, que gaña poder institucional. Non só consegue maioría absoluta en Lugo e A Coruña, senón que recupera a alcaldía de Vigo e supera ao PP en Compostela, afianzando Bugallo a súa posición na alcaldía. Como eivas máis sobranceiras resaltar a perda da maioría absoluta en Vilagarcía e Betanzos e o descenso de Francisco Vázquez na Coruña, aínda que, nesta ocasión, as claves do resultado son distintas.

Pola contra, resaltar o cambio producido no litoral lugués, onde o PSOE lle arrebatou a tradicional maioría ao PP en Viveiro. Tamén logra a alcaldía de Ribadeo e retén a de Foz, ampliando a maioría. Tamén consegue a da Fonsagrada na montaña luguésa.

Son relevantes os resultados do PsdG-PSOE nas cidades e dignos de reflexión. Así, en Ourense na metade da lexislatura expulsou aos anteriores edís e disolveu a agrupación. Procurou

un actor para candidato, Abelar do Gabriel, e, un mes antes das eleccións, tivo que mudalo por Francisco Rodríguez. O seu anterior líder, Antonio Troitiño, presentouse cunha lista independente. Aínda así, os socialistas conseguiron idéntico resultado que hai catro anos.

Semellante é o caso do Ferrol, onde quedou uns meses antes das eleccións con único concelleiro, Amable Dopico, que sería o candidato. O anterior cabeza de cartel Bonifacio Borreiros tamén concurreu con lista propia e o ex responsable local, Fernando Blanco, apoiou a de Xoán Fernández.

En Vigo tamén disolveu a agrupación, prescindiron do anterior candidato Carlos Príncipe, os concelleiros estaban totalmente divididos e o partido fracturado. Confiaron nun candidato independente que criticou non só a labourosa dos seus compañeiros, senón a traxectoria do partido na máis recente historia pero conse-

guiron aumentar en votos.

En Pontevedra tamén logrou estabilizarse malia a boa xestión nacionalista e a que lles faliou o anterior candidato Roberto Taboada por enfermidade e tiveron que botar man a última hora dunha candidatura de compromiso, Tereixa Casal.

A clave ceceais esteña na dinámica estatal. Estas eleccións tiveron un claro compoñente de enfrontamento Aznar-Zapatero. Sería o efecto *Zapatero* e un cambio de ciclo político que se ollou vir no Estado o que lle permite o repunte aos socialistas galegos remontar a súa caída como xa ocorrira nos anos oitenta. Só que, daquela, Galiza ao comezo foi ao cambón e agora está aguilloada pola crise do *Prestige* e a dinámica social contra a guerra. O PsdG-PSOE semella ter un voto fiel e depende da dinámica estatal que vaia votar ou non. Se se moviliza, coma nesta ocasión, os socialistas retoman posicións. ♦

## Non toda a costa é Muxía

No litoral galego podemos ollar tres zonas diferenciadas no comportamento electoral. No Cantábrico o PP tivo un descenso sen precedentes, perdendo alcaldías emblemáticas como Viveiro, a da Costa da Morte e a das Rías Baixas.

En Muxía, a zona cero do *Prestige*, a dereita perde só 25 votos, grazas ás axudas e a contar con máis da metade dos xóvenes embarcados ou na emigración. Pero fronte a Muxía, está Camariñas, onde obtiveron maioría os socialistas, moi perto Laxe, onde tamén conseguiu maioría absoluta o alcalde socialista. A esquerda tamén goberna Vimianzo e Dumbría e ten posibilidades en Malpica. O PP tamén perdeu Carba-

llo, a principal poboación. En Fisterra o caldo de siglas impide ollar o resultado. Pero Corcubión non é do PP, aínda que o BNG perdeu a maioría absoluta. Nin Carnota, o outro "ponto cero" do chapapote, esta vez sen propaganda mediática porque o alcalde era nacionalista. E recunha. E Porto do Son e Muros...

Nas Rías Baixas, unha comarca máis potente economicamente o PP sae aínda peor parado. Resiste en Ribeira, consegue Noia, pero perde Boiro, Rianxo continúa a ser socialista, coma Catoira e Vilagarcía. Tamén perde Bueu e Moaña, aínda que conserva Cangas pola división da esquerda, que gaña en votos. ♦

Votos Galiza						
	2003			1999		
	Votos	%	Concelleiros	Votos	%	Concelleiros
PP	695.540	41,51	2.042	710.324	45,39	2.184
PSG-PSOE	452.456	27	927	395.189	25,25	861
BNG	325.492	19,43	594	290.187	18,54	586

Votos A Coruña						
	2003			1999		
	Votos	%	Concelleiros	Votos	%	Concelleiros
PP	242.321	36,66	586	251.781	40,67	640
PSG-PSOE	193.748	29,31	336	191.135	30,87	332
BNG	127.024	19,21	210	105.077	16,97	197

Votos Lugo						
	2003			1999		
	Votos	%	Concelleiros	Votos	%	Concelleiros
PP	116.041	48,13	428	123.022	53,95	469
PSG-PSOE	76.897	31,80	204	45.523	19,96	151
BNG	34.464	14,25	89	38.483	16,88	106

Votos Ourense						
	2003			1999		
	Votos	%	Concelleiros	Votos	%	Concelleiros
PP	118.279	52,50	588	117.902	53,62	608
PSG-PSOE	50.840	22,57	191	47.394	21,55	186
BNG	39.933	17,64	122	37.214	16,92	116

Votos Pontevedra						
	2003			1999		
	Votos	%	Concelleiros	Votos	%	Concelleiros
PP	218.539	39,93	440	217.619	43,71	467
PSG-PSOE	130.971	23,93	196	111.137	22,32	192
BNG	124.271	22,71	173	109.413	21,97	167

#### Evolución do voto na Galiza (1982 -2003)

	Xer./82	Aut./85	Xer./86	Mun./87	Eur./87	Eur./89	Xer./89(1)	Aut./89	Mun./91	Xer./93	Aut./93	Eur./94	Mun./95	Xer./96	Aut./97	Mun./99	Xer./00	Aut./01	Mun./03
PP	489.355	512.114	504.623	456.698	513.744	313.124	517.795	583.759	570.417	734.203	746.961	624.761	757.025	806.846	793.427	709.870	851.468	745.944	695.540
BNG	38.615	52.565	27.076	59.421	45.525	38.671	47.722	105.703	109.144	126.254	268.248	131.361	208.152	219.043	392.992	290.092	302.726	341.751	452.456
PSOE	426.948	358.180	459.941	358.591	364.474	303.262	453.607	428.915	441.049	549.974	337.048	277.573	421.771	558.144	297.981	294.941	371.054	320.283	325.492



A CORUÑA

Table with columns: CONCELO, VOTOS, PP, PSOE, BNG, OUTROS. Lists candidates and their vote counts for various constituencies in A Coruña.

LUGO

Table with columns: CONCELO, VOTOS, PP, PSOE, BNG, OUTROS. Lists candidates and their vote counts for various constituencies in Lugo.

Summary table for Ourense with columns: Xermado, Votos, 1.698, 790 (6), 373 (2), 459 (3), 396 (1), 435 (2).

OURENSE

Table with columns: CONCELO, VOTOS, PP, PSOE, BNG, OUTROS. Lists candidates and their vote counts for various constituencies in Ourense.

PONTEVEDRA

Table with columns: CONCELO, VOTOS, PP, PSOE, BNG, OUTROS. Lists candidates and their vote counts for various constituencies in Pontevedra.

O BNG obtería grupo parlamentario no Congreso O PP perdería a maioría absoluta nunhas autonómicas

Se algo demostraron sempre os distintos procesos electorais é que os cidadáns escollon o seu voto en función do tipo de convocatoria que se realiza. Por iso a análise débese axustar a esa particularidade. Sen embargo non deixa de ser interesante extrapolar nesta ocasión os datos electorais e observar a proxección sobre unha convocatoria autonómica ou ás Cortes do Estado.

En canto ao Congreso por primeira vez os nacionalistas obterían grupo parlamentario propio sen necesidade de recibir préstamos doutros partidos, técnica que si lle valeu a Coalición Canaria pero que lle foi impedida ao BNG. ♦

Deputados no parlamento galego

Table with columns: PP, PSOE, BNG. Shows seat counts for each party in the Galician Parliament.

Deputados nas Cortes

Table with columns: PP, PSOE, BNG. Shows seat counts for each party in the Cortes.

Abstención na Galiza

Table listing abstention rates for various constituencies and parties in Galicia.

A cantidade expresada en letra seguida corresponde ao número de concelleiros de cada formación





# Nieves Lagares Díaz, experta en mercadotecnia política

## 'O BNG e o PP teñen que resolver os seus problemas de liderazgo'

**¿Que conclusións se poden extraer do resultado destas eleccións?**

O resultado apunta un cambio importante no comportamento electoral dos galegos. O PP sufriu un desgaste importante. O gran beneficiado é o PSdeG-PSOE que gañou nas cidades e creceu nas vilas. Con estes resultados pode dicirse que o seu secretario xeral, Emilio Pérez Touriño, consolidouse á fronte da organización.

**¿Que supón esa consolidación para a estrutura do PSdeG-PSOE?**

Axudará a institucionalizar o partido. Non hai que esquecer que os mellores resultados foron obtidos naqueles lugares onde o candidato foi unha aposta persoal de Touriño, como son o caso de Ventura, Orozco e Bugallo. Tamén en Ourense lle funcionaron ben as cousas. O candidato designado a pouco máis dun mes das eleccións aguantou e mantivo a representación malia os problemas internos.

**¿Con que factores hai que**

**relacionar o cambio no voto dos galegos?**

Nestas eleccións hai unha diferenzia clara entre o voto urbano progresista e o rural conservador. Esta tendencia xa se viña dando dende as anteriores eleccións nas grandes cidades. As causas hai que buscalas en que os núcleos urbanos son economicamente máis dinámicos e polo tanto están máis dispostos a que se produza un cambio.

**¿Que relevancia terá a perda da Deputación da Coruña por parte do PP?**

Era un centro de poder dende o cal o PP podería intentar unha reconquista dos municipios que non estaban nas súas mans. A perda desta institución agudizará máis aínda o cambio nesta provincia.

**¿Como se poden interpretar os resultados na Costa da Morte?**

Non me sorprende que o PP conservase Muxía. Nos lugares onde o PP tiña unha maioría tan aplas-



tante foilles doado manter o poder. Non hai que esquecer que esta zona do litoral ten moi pouco dinamismo e diversidade económica.

**O PP amósase satisfeito cos resultados obtidos...**

O descenso en Galicia foi porcentualmente maior que no resto do Estado. En Ferrol non é

que gañaran. Se gobernan é porque o PSOE se desfondou e porque contarán co apoio dun ex-membro do partido que antes Fraga cualificaba de traídor. Na Coruña mantiveron os resultados porque gran parte da poboación exerceu un voto de castigo ao alcalde polo comportamento pouco claro. Traizooou ao seu partido e ao seu electorado e iso tampouco está ben visto por parte do electorado da oposición.

**A nivel de Estado todos os partidos considéranse gañadores das eleccións...**

Isto é algo habitual despois de calquera comicio. O que está claro é que se produciu un avance do PSOE, que por primeira vez en dez anos é o partido máis votado. É certo que o PP sufriu menos baixada da que moitos agardaban. Sen embargo non hai que esquecer que se trataba de eleccións locais e que os resultados apuntan a un declive. Ben é certo que tamén parte dunha si-

tuación ventaxosa o PSOE porque teñen un líder claro escollido e o partido preséntase sen fisuras.

**¿Quere dicir con iso que o PP galego tamén estaría nunha situación de desventaxa?**

O PP tanto a nivel estatal como galego teñen que resolver con urxencia o seu problema de liderazgo. Se o seguen a deixar pendente non lles vai dar tempo a recuperarse do claro descenso no que están inmersos e aínda así seguirían a ter moi difícil. Especialmente en Galicia. O feito de que o PSOE teña o problema do liderazgo resolto fai que poida ocuparse doutros problemas. Tamén o BNG ten que resolver os seus problemas de bicefalia. Teñen que decantarse por aprobar a Quintana ou deixar a Beiras, pero a estratexia de presentarse publicamente con dous candidatos é errónea. Este é un dos grandes aspectos que ten pendentes o BNG, que o coloca en desvantaxa e que o impide avanzar. ♦

# Xoán Fernández,

Independentes de Ferrol

## '¿Quen dixo que non podo pactar coa esquerda?'

**¿Que valoración fai dos resultados?**

Independentes por Ferrol fomos a única forza que medramos de verdade. O PP, o PSOE e o BNG perderon votos e IU reapareceu, conseguíu dous dos tres representantes que viña tendo. Sen embargo nós conseguimos 5.042 votos máis e seis concelleiros, iso a pesar de que nós só actuamos desde a Ponte das Pías para dentro e dos outros partidos viñeron as principais figuras.

**¿Cre posíbel un goberno de centro dereita?**

¿Quen dixo que IF fose de centro dereita? ¿Pensan que eses votos non son tamén de xente de esquerdas, que antes votaba ao PSOE, ao BNG ou a IU? ¿Por que non pode haber un goberno de xestión? ¿Nun concello lexíslase ou xestiónanse servizos de obrigado cumprimento? Son IU e o PSOE coa súa negativa a negociar

un goberno con IF os que nos abocan a darlle a alcaldía a Xoán Juncal (PP). É curioso, cando en Fene o PSOE está a piques de darlle o voto ao PP para desaloxar ao BNG da alcaldía, pero aquí Amable Dopico non quere negociar con nós e pónse a carón de IU, que en Euskadi vai da man do PNV, aliado de feito de AuB, brazo político de ETA. Iso é así, pero din que comigo non queren pactar.

**¿Entón non desbota ningunha posibilidade?**

Hai dúas listas que quedaron por diante de nós, PP e BNG. As dúas poden a vir a falar non nós. Mesmo podémosos entender IF, BNG, PSOE e IU, aínda que abonda cos tres primeiros para formar un goberno de maioría, porque no caso de que non haxa unha maioría absoluta a lei indica que Xoán Juncal, do PP, ten que ser alcalde porque encabeza a lista máis votada. ♦



Xoán Fernández.



Xaime Bello.

# Xaime Bello, BNG de Ferrol

## 'PP e IF teñen que chegar a un acordo, Juncal non pode gobernar con só sete concelleiros'

**Xoán Fernández chiscoulle un ollo á esquerda, ¿qué pretende, dicirlle ao PP que xa ten noiva?**

Non estou na cabeza de Xoán Fernández, o único que sei é que o 25 déronse uns resultados que dan un mandato claro para que o PP e IF cheguen a un acordo e gobernen xuntos. O que suporía un fracaso, sería que non houberse un acordo e que Xoán Juncal (PP) obtivese a alcaldía sen apoios por ser a lista máis votada, porque tería que gobernar con só sete concelleiros.

**¿Que acontecería entón?**

O BNG ten a obriga de garantir un goberno estábel e con continuidade, pero todo iso é política ficción. Son outros os que teñen que tomar a iniciativa na procura dunha solución.

**¿Cabe un goberno de esquerdas?**

Esa alternativa precisa de trece votos, a metade máis un da

Corporación, e entre as tres formacións de esquerda somos doce. Aí ten que haber ese acordo entre PP e IF, repito, o problema é que tanto Juncal como Fernández queren a alcaldía. Ademais, dentro do PP hai como mínimo dúas posturas: unha do PP local, con Juncal e o seu grupo, que queren a alcaldía, e outra do PP de Santiago que sempre dixo que pensaba obter a alcaldía con Xoán Fernández, aínda que a súa é a terceira forza política da Corporación.

**Ou sexa, que non dá un peso pola cabeza de Xoán Juncal.**

Algun dos dous terá que abandonar a Corporación, pero ten que haber unha saída porque a cidade non pode quedar sen goberno. Outra alternativa é, como xa dixen, política ficción: para conseguir esa solución cabe máis dunha ecuación pero o mandato da cidadanía obriga a un acordo entre PP e IF. ♦



# Xoaquín Gago, PSOE de Vilagarcía

## 'Gobernaremos co BNG por proximidade e por tradición'

**Aínda que a socialista é a lista máis votada, perdeu a maioría absoluta, ¿suporá un cambio?**

Sempre o supón, non é o mesmo gobernar con ela que sen ela. Pero ter a maioría absoluta non significa nada malo, o problema é o talento co que se goberna, tanto se se dispón da maioría absoluta como se non. Hai que ver se se admiten as propostas da oposición que sexan interesantes para a cidade, por exemplo. Por

outra banda, non é o resultado que agardábase polas circunstancias que se daban, pero somos a forza máis votada do concello, con máis votos que a suma dos sufraxios do PP e o BNG.

**¿Gobernarán en solitario? Concelleiros teñen.**

Non creo. De momento imos celebrar unha rolda de conversas cos partidos elixidos, empezando pola forza que nos é máis próxima, que é o BNG.

Ademais, hai que lembrar que hai unha tradición en política municipal en Galiza de pactos do PSdeG co BNG.

**¿De que depende o resultado das conversas?**

Antes de nada, da busca da estabilidade para o goberno municipal, pero tamén de que se trate de proxectos asumíbeis. Eu xa gobernei en coalición durante dous mandados. Ademais, a política municipal é moi limitada, non

aborda grandes cuestións como a sanidade, e educación ou a defensa; encárgase de cuestións máis próximas ao cidadán e das que é máis difícil que haxa diferenzas.

**Entón a coalición é un feito.**

Tamén depende das condicións que se poñan e que estas sexan asumíbeis, que respondan ao que se pode ofrecer, porque nos pactos hai que ceder e ás veces os prezos que se pagan son demasiado altos. ♦

# Xosé M. Rivera, Director do Barómetro Político

## 'O PSdeG-PSOE foi o único vencedor'

Tras as eleccións todos os partidos se presentan como triunfadores. ¿Pensa que en Galicia se pode falar dun gañador?

Non sei se podemos falar de grandes vencedores, pero se tivese que dicir que gañou alguén, cantaríame polo PSdeG-PSOE. O éxito mídese pola consecución dos obxectivos acadados segundo os que un se marca previamente. O PSOE acadou maioría absoluta en Lugo e Coruña, pode gobernar Santiago e Vigo, sen esquecer a Deputación da Coruña. O BNG sufriu un revés nas dúas cidades que gobernaba e en Pontevedra non conseguiu aumentar.

¿Por que saíron reforzados os alcaldes de Lugo e Santiago e en cambio en Vigo e Ferrol descendéron en número de concelleiros?

Hai que entender como funcionaron os propios axentes políticos dentro de cada concello. A coalición funcionou ben en Lugo e Santiago e mal en Vigo e Ferrol. Sen entrar a valorar de quen foi a culpa, podemos dicir que a cidadanía pediu un cambio polo mal funcionamento dos pactos. Así como en Ferrol a posición do PSOE é difícil de entender, penso que, en Vigo, Castrillo é un político que aínda ten moito que dicir. Perdeu malia non telo feito mal. Aínda que é certo que era o alcalde peor valorado de Galicia.



Semella que Castrillo chegou á campaña electoral sen recursos. Os cidadáns que xa estaban convencidos votaron, pero non conectou unha masa nova de cidadáns dispostos a apoialo.

¿Non é contradictorio isto último que acaba de dicir sobre Castrillo de que non ten apoios e está pouco valorado, co que expresou anteriormente de que aínda é unha aposta de futuro?

Non é contradictorio. Castrillo é un político interesante, que xestiona ben, pero que non soubo es-

partar o mesmo entusiasmo entre a cidadanía que Lorens en Pontevedra. Unha cousa é a capacidade que un ten para facer cousas e outra a capacidade para chegar a cidadanía. Evidentemente Castrillo non soubo sacarlle partido ao que fixo. Pero o seu talante político está aí. Non hai máis que ver a súa excelente reacción na noite electoral.

¿Refírese a que unha parte de políticos do BNG teñen un problema de marketing político?

Ata o momento o BNG tivo unha boa estratexia de marketing.

Conseguiu converterse na segunda forza de Galicia partindo dunha posición moi complexa e marxinal de esquerda nacionalista. Sen embargo, para poder seguir crecendo ten que ampliar máis o seu espectro. Non hai que esquecer que nestes intrínsecos o Bloque ten un 30% de rexeitamento entre o electorado. Unha cifra moi alta para un partido que quere ser alternativa. Fai falta unha recomposición e unha renovación dentro do BNG. Barreiro sempre utiliza a metáfora de Moisés para referirse a Beiras. No sentido de que reconece o seu grande traballo pero afirmando que non está chamado a entrar na terra prometida. O Bloque xogou ben as súas bazas como oposición e elaborou unha estratexia para iso. Pero esa mesma estratexia non serve para erixirse como goberno. Por iso os votos que saen do PP, van parar maioritariamente ao PSOE. O cambio dentro do BNG é necesario, aínda que sexa difícil de entender por parte da xente que o levou ata onde está agora.

¿Sorprendeulle o descenso de Paco Vázquez?

Non esperaba tanta baixada, pero non me sorprendeu. En certo modo é lóxica a suba do BNG na Coruña, porque Vázquez enfocou esta lexislatura escorándose á dereita. Deste xeito pretendía entrar

no electorado do PP. Sen embargo, deixou libre un campo ideolóxico que era o que ocupaban unha parte dos seus votantes de esquerda. Ao final non foi capaz de penetrar no electorado do PP, polo gran desembarco de líderes galegos e estatais en axuda de Coroba, co obxectivo final de salvar a Deputación. Por iso Vázquez quedou en terra de ningúen e case perde a maioría folgada que tiña.

Como especialista en comportamento electoral, ¿pensa que estas eleccións confirman que se está a producir un cambio en Galicia?

O cambio electoral efectivamente está a producirse e ten unha base sociodemográfica forte. Apréciase que ademais de nas cidades, agora son as cabeceiras de comarca as que empezan a virar cara á esquerda, ademais doutras vilas intermedias importantes e localidades limítrofes ás cidades. En boa medida débese a que existe unha masa de poboación nova, arredor dos trinta anos, que contrarresta o voto da xente que antes vivía nesas localidades. Esa xente trasladouse dende as cidades e dende as vilas pequenas a estas outras vilas intermedias, en busca de traballo, e sobre todo, de vivendas máis baratas. Por iso teñen un comportamento máis urbano que rural. ♦

## Branca Rodríguez, BNG de Lugo

### 'Non aceptaremos ningunha concellería'

¿Como valora a caída do BNG en Lugo?

O único que podoo dicir é que fixemos un traballo serio e rigoroso, constatado pola cidadanía. O que aconteceu é que o alcalde soubo capitalizar esa boa xestión. Podemos dicir que é un especialista en marketing, en levar ao exterior o que se fai dentro do concello. Parécenme pouco satisfactorios estes resultados e inxusto se temos en conta o traballo realizado. Agora pensamos en cumprir co noso papel de oposición que é o que nos pediron os cidadáns.

Comenta que Orozco sabe trasladarlle á cidadanía a xestión realizada. ¿É esa unha das tarefas que ten pendentes o BNG?

Penso que é un dos cambios que temos que facer, tentar transmitir. Hai que ter unha cousa en conta, os medios como La Voz de Galicia ou a SER, traballan para outras forzas políticas. Nós non temos ningún medio. Ademais, nestas eleccións xogouse moito coa dicotomía Aznar-Zapatero. Trátáronos en primeiro plano no tema da guerra e do Prestige coma se nós non existisemos. Estamos nunha sociedade na que a xente ve moito a tele-



visión e escoita moito a radio...

¿Pensa entón que os medios fanlle boicot ao BNG?

Non hai rexeitamento, pero non hai medios escritos na nosa lingua. Despois, a maioría das canles de televisión e de radio céntranse na política do Estado. Non é porque os medios teñan resentimento, senón por outros factores.

Comentou Orozco que estaba agradecido polo traballo realizado polo BNG e deixa unha porta aberta á colaboración incluso encabezando algunha concelle-

ría. ¿Aceptarían esta oferta de producirse en firme?

Escoitei ese tema nos medios de comunicación. Os cidadáns expresaron a súa vontade e dixeron o que querían. O noso papel é distinto, agora tócanos estar na oposición, aínda que coa colaboración que sempre nos caracteriza. Todos os partidos saben que o BNG exerce o seu papel de xeito responsable. Durante os catro anos anteriores o PP no fixo oposición como hai que facela. Esa é a labor que nos queda por desempeñar nesta lexislatura. ♦

## Melchor Roel, PSOE de Viveiro

### 'A xente votou PSOE, BNG ou IU porque prometemos un goberno de coalición progresista'

¿Que valoración fai dos resultados?

Que conxuntamente a xente progresista de Viveiro quería un cambio e votou polas tres forzas progresistas que había e a nós converteunos, das tres, na máis votada, aínda que o importante é que vai gobernar a esquerda conxuntamente por primeira vez en sesenta e sete anos.

¿Houbo traspaso de votos?


Non. Todos os grupos repiten resultados. O que houbo foi a incorporación de novos votantes, ben porque eran novos ou ben porque antes se abstían. Pero o PP, o BNG e IU practicamente conservaron os seus votos. Aumentamos nós; foi porque aumentou a participación.

¿Prevé un goberno de esquadras?

Non hai dificultades porque as tres forzas xa dixemos durante a campaña que aquí non só non fa gobernar a dereita senón que ían facelo as tres forzas. Iso foi o que animou o voto dos progresistas.

Viveiro, un concello conservador, perde o goberno de dereitas.

Nas autonómicas e nas xerais non é así. Aquí gaña a esquerda pero o PP atopou o poder municipal hai dezaseis anos e nós non soubemos formular unha alterna-



tiva. Ademais, o PP, unha vez que colle o poder, emprega todas as formas para conservalo. Coa crise do Prestige chegaron a contratar a duascenas persoas que estaban deambulando pola vila sen nada que facer, así funciona o PP.

¿Cales van ser as liñas do seu goberno?

Participación, transparencia e honestidade na xestión, e logo tamén facer o plan xeral que o PP non foi capaz de facer en dezaseis anos de goberno con maioría absoluta, o saneamento integral segundo as directrices da Unión Europea, cultura... Queremos facer un goberno progresista que faga país. ♦

## Henrique Tello, BNG da Coruña

### 'A xente decatouse de que Vázquez non é de esqerdas'

¿Empezou a perder poder Francisco Vázquez entre un sector esquerdista do PSOE?

A estratexia de captar votos no sector da esquerda do PSOE deu bos resultados. Nós tomamos a decisión de enfocar a campaña centrándonos nese sector porque notamos que había un gran malestar debido á política de Vázquez durante os últimos anos. As persoas progresistas da Coruña empezan a decatarse de que o alcalde fai política a favor dos intereses duns poucos. Antes dicíase que era intocábel e el mesmo non cría que podería perder a maioría absoluta. Agora vemos que non é imposible e que estas eleccións convertéronse nun aviso para el, porque tan só acadou maioría absoluta por 180 votos. Nestas condicións o BNG pode considerarse o auténtico triunfador na cidade. **Dicía vostede antes dos co-**



**micios que en caso de aumentar o número de concelleiros a labor do BNG como oposición sería moito máis importante...** Agora podemos fiscalizar o

traballo do alcalde e ampliar as nosas actuacións. Con tres concelleiros custábanos moito poder levar a voz da xente ás corporacións. Esta suba é histórica. Puxémonos a un nivel que nos abre un gran número de expectativas de cara a estes catro anos e tamén pensando nos vindeiros comicios. O noso gran reto é manter este teito para as eleccións xerais, europeas e autonómicas.

**¿Pensa que despois deste forte descenso Vázquez comezará a variar a súa actitude con respecto ao BNG?**

Non vai cambiar en nada polo seu carácter totalitario. Nos vindeiros meses tentará dar un golpe de efecto con toque máis populista na súa xestión, pero sen deixar de favorecer os intereses das elites de sempre. Intentará proxectar unha imaxe de que vai mudar de actitude pero non vai ser así. ♦

## Corina Porro, PP de Vigo

### 'Estou aberta a pactos'

Vostedes foron a forza máis votada, ¿cómo valora os resultados?

O Partido Popular foi o gañador nas eleccións municipais en Vigo. Os vigueses seguen apostando polo PP como primeira forza política na cidade de Vigo, pero os resultados non nos permitirán gobernar porque o PSOE e o BNG xa anunciaron un pacto entre eles e de feito xa están a negociar. Houbo unhas circunstancias alleas á realidade do propio concello e da cidade que nos impediron chegar á maioría absoluta, pero nós entregámonos, tiñamos un proxecto de cidade e en todos os debates nos que participei cuestionábase o noso programa, o único que coñezo, non hai outro.



**E a partir de agora, ¿que?** Imos facer unha oposición constructiva con aportacións,

non só imos fiscalizar a labor de

**¿Pensa ser unha ponte coas institucións que goberna o PP?**

A realidade é que se viu unha situación na que o alcalde presumía de que todo o que lle pediu a Fraga cumprírase. Con todo, hai que ser ambiciosos. Sendo candidata xa fixen algo por Vigo co da autovía ao Porriño, aínda que será outro o que poña a primeira pedra, e penso seguir a axudar no que poida.

**Parece que entre o PSOE e o BNG hai diferencias en canto o pacto, se non hai acordo, ¿ánimase a gobernar con dez?**

Por suposto, non só me animo, senón que estou aberta a calquera posibilidade; outra cousa é que no momento de chegar a acordos haxa puntos en común, pero teño intención de negociar. ♦

## Manuel Cabezas, PP de Ourense

### 'Obtivemos dous mil votos máis'

¿Cómo valora os resultados?

Tres maiorías absolutas consecutivas demostran que esta cidade ten apostado por un proxecto de futuro e de modernización que contou e seguirá contando con capacidade para decidir desde unha maioría. É algo que debemos agradecer a todos e que nos obriga a seguir traballando aínda con máis forzas.



**Resistiu cando noutros concellos se produciron cambios. Mantivo a maioría absoluta, aínda que por estreita marxe. ¿Pensa, como Paco Vázquez, cambiar de estratexia despois deste resultado tan axustado?** A reflexión sobre conseguir 14, 15 ou 16 concelleiros pode ser unha análise que se faga o mesmo día das eleccións, cando se coñecen os resultados. Ao día seguinte

unha análise que se faga o mesmo día das eleccións, cando se coñecen os resultados. Ao día seguinte

unha reflexión sobre conseguir 14, 15 ou 16 concelleiros pode ser unha análise que se faga o mesmo día das eleccións, cando se coñecen os resultados. Ao día seguinte

## Entre a mobilización e 'a política non me interesa' O voto escéptico da xente nova

RUBÉN VALVERDE

Moitas persoas, tralas eleccións, preguntáanse sobre a relación entre o voto e a mobilización social. Algo sobre o que se podería estar teorizando infinitamente, chegando a múltiples conclusións. Entre elas, que non existe unha relación directa entre un e outro factor. Alén do terxiversadas que puidesen estar as cifras das manifestacións, parece claro que hai unha boa parte dos cidadáns que se mobilizan e que logo non acoden ás urnas. Existe un compromiso cívico e social que logo non ten traducción política. ¿Por que? En parte ven propiciado polo propio descrédito da política. Algo que pensabamos que era propio dos países sudamericanos, como Arxentina, vemos que tamén —por suposto non de xeito tan flagrante— acontece entre nós.

Unha parte dese electorado potencial da esquerda, o que despois non exerce o seu dereito, está composto por xente nova. Sen ánimo de converter en científico o que só é unha observación diaria, pódese constatar que nas conversas dos novos proliferan temas que poderían estar a cotío na axenda dos políticos e dos medios de comunicación. Entre as súas preocupacións atópanse problemas tan diversos como a alza dos prezos, especialmente nos locais nocturnos, e polo tanto as dificultades lóxicas para chegar a fin de mes. A incapacidade para independizarse dos pais, incluso en moitas ocasións para ir estudar fóra da cidade onde reside a familia. A necesidade de mellorar as instalacións deportivas da cidade. As críticas á chamada "Lei do Botellón". A legalización da marihuana. O fomento de espazos alternativos de recreo e divertimento. A creación de máis espazos verdes. A necesidade de abaratar os custes da gasolina, do transporte público ou dos seguros, especialmente das motocicletas. Os baixos salarios e a precariedade...

**'A defensa da familia, seguridade cidadá, terrorismo, igualdade entre sexos e razas... non conecta porque a xente nova xa dá todos eses valores por sentados'**

Cando lle preguntamos porqué non van votar, por un lado contestan que "total non serve de nada". Como se todos os políticos e as políticas fosen iguais, ou que os seus votos non van provocar ningún cambio. Isto débese en gran medida a que os partidos de esquerdas e nacionalistas, cos que teoricamente se identifica a maior parte, non saben adaptar o seu discurso a este público. A mensaxe destas forzas semella pensada para un público adulto, con preocupacións que serven para rebater a dereita ou análises xerais da política. As ideas de defender as familias, da seguridade cidadá, do terrorismo, da igualdade entre sexos e razas... non conectan coas preocupacións da xente nova porque xa foron educados nunha cultura onde dan todos eses valores por sentados.

Polo tanto, de cara fóra, os mozos seguen a ter dúas sensacións. Por un lado, que non se conta con eles á hora de planificar as políticas públicas, aínda que estas poidan estar orientadas a este segmento de poboación. Por outra banda, ven a política como algo moi distante. Como un eterno cruce de declaracións que a penas lles inflúe na súa vida diaria, aínda que isto non sexa certo na realidade.

Os partidos políticos progresistas seguen ancorados nun discurso que non se adapta co tempo e que só capta a xente máis "ideoloxizada". Esquecen que a política, ademais de xestión, tamén é unha sorte de mercado, onde hai que contar con todos os segmentos. Non abonda con xestionar. Hai que facerlle chegar á cidadanía a importancia dese xestión. No mercado non só importa a realidade, senón tamén a percepción da realidade. A percepción da xente nova é que os políticos non fan nada por eles, por iso a pesar das críticas que a mocidade lle fai á dereita por ir contra dos seus valores e por consideralos represores, o proceso non se completa coa posterior votación.

Os políticos deberían percorrer un camiño para educar e facerlle comprender á xente nova a importancia que teñen, pedir-lle opinión e intentar satisfacer unha parte factible desas peticións. Senón, a política vai seguir sendo para os mozos, "iso que non me interesa". Vai seguir sendo un "todo para moitos novos pero sen os novos". Só contando con este colectivo en sentido amplo e non só con aquela xente máis ideoloxizada, as forzas progresistas conseguirán aumentar realmente o seu número de votos. Mentres tanto, a abstención vai seguir sendo o comportamento dominante neste segmento, por moito que as enquisas digan que na súa maior parte simpatizan coa esquerda e co nacionalismo. É certo, pero só por oposición á dereita. ♦



# Manuel Rivas, escritor e voceiro de *Nunca Máis*

'Hai que lembrarlle a Fraga que *Nunca Máis* non se presentaba ás eleccións'

## ¿Como interpreta os resultados destas eleccións?

En primeiro lugar hai que deixar claro que se trata dunhas eleccións municipais e que polo tanto están moi condicionadas polo candidato. A personalidade dun alcalde é decisiva para os resultados. Hai un intento por parte do poder de Prestidixitar a campaña cando lles interesa. Por exemplo explótano mediaticamente para falar do éxito de Muxía. Algo que por outro lado estaba claro para calquera persoa medianamente informada sobre Galicia. Analizados obxectivamente os resultados apuntan cara o final dunha etapa. Atopámonos nun lusco e fusco, pero máis preto do fusco. Claramente o total de votos indica que a esquerda supera por primeira vez á dereita. Outro factor importante é o desparafusamento da maquinaria do poder nas vilas intermedias, nas cabeceiras de bisbarra. Un dato que apunta que a Galicia rural tamén entrará en crise para o PP.

## ¿Ante as perspectivas de futuro que se abren cómpre un entendemento claro entre BNG e PSOE?

O PP non ten visos de volver a ser referencia nas cidades. En Ferrol non terían acadado bos resultados se o PSOE non se presentase fraccionado. De feito, sumando os votos da esquerda, vemos como son maioría tamén nesa cidade. Ourense foron quen de salvara pola personalidade do alcalde. Isto deixa ao PP co xacemento arqueolóxico que supoñen as pequenas localidades. A dereita teno moi difícil para recuperar-se. Neste contexto, tanto BNG



PACO VILABARROS

como PSOE deben cambiar a perspectiva. En lugar de entender os pactos como unha especie de fatalidade, terían que velo como algo positivo. Un goberno de maioría absoluta non é sinónimo de progreso, de aí a necesidade de entenderse. Os acordos co PSOE viñéronlle ben á cultura política

do BNG. A súa vez, ao PSOE beneficiouno pactar co BNG no sentido de que é un partido máis galego e máis útil. Teñen que asumir o entendemento con optimismo para poder acadar unha maioría social. Incluso deberían integrar a Esquerda Unida e aos colectivos independentes de esquer-

da para crear unha cultura política anovada.

## Vexo que non lle sorprenden os resultados na Costa da Morte...

O PP utilizou Muxía como escaparate propagandístico. Alí xa había maioría absoluta, co cal a maquinaria pesada puido funcionar con máis eficacia. Para min o realmente sorprendente foi que houbo unha parte importante de veciños que resistiron ao "galaneo", por chamarlle dalgún xeito, ao que foron sometidos por parte do poder. Tamén pode mirarse cara Camariñas ou Laxe, onde as opcións progresistas resistiron os envites da maquinaria do PP. O traballo da xente do mar non se pode medir logo polo seu voto. No Morrazo votaron a opcións diferentes ás do PP, non sendo Cangas. De todos os xeitos, o Prestige pouco ten que ver cunhas eleccións municipais. Nunca Máis ten que verse como unha nova cultura que se vai deixar notar a longo prazo.

## Sen embargo, os voluntarios queixáronse polo comportamento electoral da xente da Costa da Morte.

Non vexo o motivo. Poderían criticar o alcalde porque foi quen fixo unhas declaracións desafortunadas. A condición de voluntario indica que fan un traballo de xeito altruísta e sen agardar nada a cambio. Non penso que se mobilizasen para buscar un cambio do comportamento electoral das xentes do lu-

gar. Felicitóos pola súa labor e dígolles que non teñen motivo para estar frustrados. A honra teñen que buscala no traballo que fixeron eles e non no que votan os demais.

## ¿Como valora os ataques do presidente Fraga á Plataforma Nunca Máis na noite electoral?

O que hai que dicirle ao presidente Fraga é que Nunca Máis non se presentaba ás eleccións. Penso que nas súas declaracións hai un problema de personalidade e mala conciencia. A nosa actitude durante a campaña de-

mostrou ser moito máis respectuosa que a del. Non fixemos manifestacións durante a campaña nin ningún outro acto. Penso que cada un ten dereito a manifestarse a súa maneira. As declaracións de Fraga son un problema de democracia. A disidencia forma parte da democracia e iso hai xente que non o entende.

## ¿Agardaba o descenso de Francisco Vázquez na Coruña?

Podo entender o destino dos votos, tendo en conta como se comportou Vázquez apoiando ao goberno Galego e estatal. Débese ao talante do alcalde que de seguro vai ter que cambiar. De non facelo o BNG e EU seguirán aumentando os seus votos porque os barrios están a retirarlle o apoio. Estas eleccións gañounas grazas a feudos onde á dereita é forte. Vázquez ten un instinto político grande, pero ten o ego máis grande que a cabeza. ♦

## É preciso un xiro

MANUEL MERA

Aínda que o número de votos do nacionalismo é superior aos acadados en 1999, os resultados débense considerar como pobres nestas eleccións municipais. Primeiro, porque se perderon dúas das tres alcaldías das cidades onde gobernaba o nacionalismo, concellos que se presentaban como unha referencia. Segundo, porque os PSDG-PSOE consolidáse como a segunda forza en Galicia e gobernará catro das sete cidades, e entre elas as dúas de maior poboación. Terceiro, porque perder dous concellos tan importantes, que pode custar moito recuperar, reflicte un fracaso das políticas aplicadas que supera o ámbito local. Cuarto, porque é o segundo paso atrás consecutivo e un aviso da xente.

Diante destes resultados negativos pódense adoptar dúas posturas totalmente diverxentes, por un lado facer como se non pasara ren e achacarlle todo á xente "que non sabe o que vota". Tamén, na beira oposta, adxudicarlle todas as responsabilidades ao suxeito, persoal ou colectivo. Dende o meu punto de vista hai un pouco de todo nos resultados destas eleccións, aínda que o único que está na nosa man mudar axiña son aqueles aspectos que corresponden ou responden á nosa actuación teórica e práctica. Sendo así, pechar os ollos, negar a evidencia de que non estívemos á altura do momento, ademais de agudizar os erros no futuro, será ollado como prepotente e infantil pola mili-

tancia, simpatizantes e a poboación en xeral. Nin Paco Vázquez procede con tanta miopía e despois das eleccións recoñecía que fora castigado polo Nunca Máis.

A campaña electoral estivo precedida por un contexto inzado de mobilizacións sociais como había décadas que non vivía o noso país (LOU, Folgas Xerais, Nunca Máis, Non á Guerra, etc.). Por iso, aínda que houbese unha presión mediática a prol do bipartidismo, había unhas condicións obxectivas favorábeis ao cambio, ao afortalamiento da esquerda. Ademais, non podemos esquecer que tamén en anteriores procesos electorais nos abafaron os meios con campañas polarizando o voto, e nesta ocasión, teño a impresión, que o nacionalismo tivo máis propaganda paga que nunca.

Daquela ¿por que non se aproveitou axeitadamente a contestación social? Coido que o BNG recolleu en parte toda esta mobilización, aínda que non totalmente, polo que a pregunta correcta debe ser outra ¿que tería pasado se non se deran protestas sociais tan importantes e masivas?... Entendo, e teño dito moitas veces nos últimos anos, que o na-

cionalismo frontista foise afastando dos movementos sociais, e abandonando no discurso cotiá, das súas figuras máis públicas a nivel nacional e en varios dos seus concellos máis representativos, as reivindicacións das

clases e sectores sociais que sempre lle deron sustento. Fícaron nun recuncho temas como a redistribución da riqueza, a liberación nacional e social, a defensa a ultranza da lingua e cultura do país. Aínda que compre facer unha matización importante, non sempre e en todos os lugares foi así; por exemplo: o Concello de Pontevedra, o Parlamento do Estado, e a maioría da base seguiu coa imaxe e a verba de sempre, reverdecida agora coas loitas sociais, o que permitiu dar folgos aos resultados electorais.

Resumindo, os malos resultados electorais, por segunda vez, son consecuencia de que se puxo a xestión do sistema, o institucional, por riba da liña política e dos obxectivos estratéxicos. Lembremos as asistencias ás procesións, o recibimento a Álvarez Cascos con honores cando ducias de miles de persoas berraban nas rúas contra el. Exemplos sobrarían. Porén, estas contradicións foron máis evidentes porque non hou-

bo ningún avance no protagonismo institucional, na participación das clases sociais que deron e dan apoio ao nacionalismo. As protestas, as mobilizacións aumentaron a consciencia social, a esixencia política, tanto para os que gobernan, como, especialmente, para os que prometen transformacións radicais cando están na oposición.

Os nosos votantes fanse as mesmas preguntas que nós, e coma nós procuran mudanzas e esixen coerenza. Apoiaron e votaron o nacionalismo para que defendese a identidade nacional e a construción dunha sociedade con xustiza social e participación popular. Aínda que levease tempo e fose de vagar este era o obxectivo unha vez no goberno dun concello ou da Xunta, no Parlamento Galego ou na Eurocámara. Claro, ademais ¡hai que facer unha boa xestión! Agora ben, para facer só isto último non fai falla a través o deserto e prometer soberanía e xustiza social, ou sexa: ser nacionalista.

Compre debater a fondo estes problemas e que as cabezas que defenderon e difundiron esta estratexia errada asuman a súa responsabilidade. Se non temos capacidade autocrítica e de análise, se ren se mexe, quen pode crer seriamente que imos mudar nada na sociedade. ♦

MANUEL MERA é membro da Executiva da Confederación Intersindical Galega

## A NOITE ELECTORAL

## De 'excelentes resultados' a 'non foron tan malos' no PP

Sede do Hórreo. No ambiente notábase tensión e cheiro a tortilla. Un gran bufete de comida preparado para os xornalistas, serviu como distracción ante a ausencia de líderes políticos que valorasen os resultados que se ían dando a coñecer. Co 20% das papeletas escrutadas compareceu o secretario do populares galegos, Xesús Palmou. Cun sorriso expresou a súa satisfacción polos resultados acadados. "O PP gañou as eleccións en Galicia. Conservamos a maioría absoluta en Ourense, somos a forza máis votada en Vigo e Ferrol e arrollamos en Muxía e Ribeira". Nese momento empezouse a comprender que a estratexia do PP non pasaba por recuperar as cidades, senón por facerlle ver á opinión pública que o Prestige non influiría no resultado e que se xestionara tan ben a catástrofe que os habitantes da Costa da Morte o agradecían con votos.

Pero neses momentos a noticia na sede do PP non estaba na súa maioría de Ourense, nin na posibilidade de pactar con Fernández en Ferrol. Paco Vázquez tiña neses momentos 13 concelleiros. Perdía a maioría absoluta. Ninguén saía do seu abraio. "Estalle ben a Paco" comentaba algún xornalista. Palmou non comentou nada da Coruña. ¿Perdía o seu candidato e gañaba Corcoba, ou mantiñase Corcoba e con iso as esperanzas de conservar a Deputación? Non sabía por cal das dúas causas alegrarse máis.

Esa intervención foi ás oito e media máis ou menos. Non compareceu ninguén máis ata as 11. "Ata que se compute o 100% non vai volver comparecer ninguén. Nese momento será o señor Fraga que non explique os resultados". Os periodistas seguiron comentando os datos. Non



Manuel Fraga e Xesús Palmou.

PACO VILABARROS

Ile deron demasiada importancia ao escrutinio da Costa da Morte. Si en cambio estaban máis pendentes do que acontecía nas cidades. Paco Vázquez era a maior sorpresa. Pero tamén causou moita impresión o que acontecía en Lugo, Vigo e Ferrol.

Pola noite, tras unha longa agarda, compareceu Fraga. Rodado do núcleo duro do PP galego -Pérez Varela, Xesús Palmou e Xaime Pita- Fraga amosou a súa satisfacción polos resultados e comezou a facer un relatório do que lle interesaba resaltar. "Temos 200 alcaldías con maiorías absolutas. O 60% dos alcaldes serán do Partido Popular. Pode considerarse un gran éxito tendo en conta que estivemos na campaña máis violenta que lembro". Dito isto, quixo resaltar os bos resultados obtidos en Vilalba.

A continuación os xornalistas comezaron a preguntarlle sobre a influencia do Prestige. Fraga resolveu dicindo que os resultados en Muxía e Fisterra foron excelentes. "A xente da Costa da Morte non se deixou manipular

por Nunca Máis". Fraga, cun rostro aparentemente canso e preocupado, centrou os seus ataques no BNG. "Iso é o que lle pasa a un partido que está máis fóra que dentro do sistema", referíndose á perda das alcaldías de Ferrol e Vigo. "Houbo unha época na que o Bloque quixo estar dentro do sistema e intentar dialogar. Pero demostraron que son incapaces e esa etapa finalizou", concluíu dando a entender que o sistema estaba representado polo PP. Logo destas declaracións, Xesús Palmou púxolle a gabardina e o séquito marchou.

Unha vez Fraga subiu ao coche, Palmou empezou a chamar por teléfono pedindo explicacións e chamando á calma. "Non son resultados tan malos. Mañán chamamos a Xoán Fernández e negociamos con el o de Ferrol. Podemos ofrecerlle a el a alcaldía se os seus votos nos dan para acadar á Deputación". Xaime Pita asentía autoconsolándose dende fóra da conversa telefónica, "non foron malos para nada". ♦

## Satisfacción sen euforia no PSOE

Acababan de coñecerse os primeiros resultados das sondaxes. Vigo podería ser seguir mans do Bloque. Tan só pasaban uns minutos das oito da tarde, cando o secretario de organización do PSdeG-PSOE Antón Louro se deixou ver na sala de prensa para afirmar con xesto tranquilo que a alcaldía da cidade en disputa sería para o seu partido. "Non fagas caso aos inquietos, fíate do que eu che diga", aseguraballe en conversa informal a unha xornalista. Confirmouse o ascenso pero a obrigada negociación cun BNG perxudicado polo resultado dos pactos, freou a euforia.

O Comité Electoral seguiu os recoitos en privado e Louro foi un dos poucos que se deixou ver antes da comparecencia de Emilio Pérez Touriño pasadas as dez e media da noite. Seguros duns bos resultados amosáronse tamén Xosé Manuel Laxe, das Xuventudes Socialistas, e Cefirino Díaz, deputado no Congreso que no tempo que parolou cos xornalistas, non quitou a radio da orella. "Acaba de chamar Paco -bromeaba a primeira hora Laxe. Está preocupado porque di a Galega que perde a maioría". Pero o escrutinio confirmou as dificultades de Vázquez para conservar o seu poder, e o alcalde da Coruña converteuse nun dos protagonistas dos comentarios da noite.

Despois da comparecencia de Anxo Quintana, as oito e media da tarde, Antón Louro daba unha primeira rolda de prensa na que, de xeito comedido, valoraba positivamente os datos das primeiras sondaxes que evidenciaban ao seu ver que o PSOE en Galiza e no Estado era a forza política que incrementaba de xeito im-



Emilio P. Touriño.

A. PANARO

portante a confianza da cidadanía, polo ascenso en número de votos, concelleiros e alcaldes. A aquela altura Louro adiantaba, que a falta de confirmar a información da que dispoñía, o PSOE se convertería na primeira forza política nas cidades e nas vilas de maior poboación.

Dúas horas despois, un Touriño satisfeito referíase ao PSOE como "a única forza que nestas eleccións crece significativamente" mentres o PP sofre un "desgate significativo" do 5%. "O PSOE gobernará sobre algo máis da metade da cidadanía, é a forza política de referencia, a alternativa en torno a cal se nuclea a posibilidade de cambio e o progreso de Galicia", afirmou. Touriño, que entrou a compañía polo deputado Ismael Rego, non quixo entrar a valorar a axustada vitoria de Francisco Vázquez e aclarou que en canto tivera oportunidade trataría de porse en contacto co BNG para iniciar as negociacións de futuros pactos. ♦

## 'O BNG segue sendo motor' segundo Beiras

A noite electoral alongouse na sede nacional do BNG na que só por volta das once e media da noite saíra o portavoz Xosé Manuel Beiras a facer o primeiro balance dos resultados. Máis de trinta xornalistas agardaban a comparecencia, unha das máis serodias e esperadas da xornada de eleccións. Non tardou, en cambio, Beiras en dicir que os resultados non eran os que a el e ao BNG lle podían parecer "satisfactorios". Sen embargo valorou o incremento de sufraxios con respecto ao 1999 como un feito "espléndido" tendo en conta o "escenario de polarización que se trasladou a Galiza" onde as eleccións municipais se desenvolveron como se fosen "de alternancia ás Cortes do Estado".

"De non ser polo BNG Galiza tería desaparecido do escenario electoral" dixo Beiras mentres destacaba que, malia ese panorama, os nacionalistas conseguisen un aumento na porcentaxe de votos e no

número de concelleiros. O BNG é, para o seu portavoz, o "motor da dinámica socio-política" e non vai permitir "ningún tipo de retroceso dos proxectos de cidade e de país". Sinalou que avanzaran en votos en cidades nas que gobernaran como Vigo, malia ter perdido a alcaldía, e que en Pontevedra, a única cidade na que asumiu o goberno en solitario, o aumento de apoio da cidadanía deixaba á vista que se trasladara con máis claridade a política dos nacionalistas. Destacou así mesmo o "forte tirón" experimentado na cidade da Coruña.

Aproveitou Beiras o agradecemento aos xornalistas que seguían a campaña do BNG polo seu "exemplo de profesionalidade" para afirmar que iso "non se trasladou aos poderes mediáticos".

## A 'corrente de simpatía' de Quintana

Púñase así fin a case catro horas de



Xosé Manuel Beiras.

A. PANARO

espera na sede nacional do BNG que comezaran co peche das urnas ás oito da tarde. Durante todo ese tempo de baleiro informativo pero de necesidade de ocupar espazos nos medios foi o coordinador da

executiva, Anxo Quintana o encargado de poñer voz ao BNG en radios e televisións. Non pasara media hora do remate das votacións cando Quintana facía a primeira rolda de prensa na que valoraba o in-

cremento de sufraxios como reflexo do "momento importante de participación política" da sociedade galega. Aventuraba unha "tendencia positiva para o BNG" que, a seu ver, xa se constatará na campaña na que os nacionalistas viran unha "corrente de simpatía" da cidadanía. Despois desta primeira intervención pública, Anxo Quintana era entrevistado nese tempo de espera por varios radios en directo e en todas elas repetía que non quería valorar datos que aínda non eran firmes pero confirmaba de novo esa "corrente de simpatía" que acuíu case como lema da xornada. Unha hora máis tarde volvería aparecer en rolda de prensa para "corroborar a tendencia positiva do BNG". Despois desaparecería da sala de medios para participar na reunión que avaliaba os datos xunto con Cecilia Pérez Orxe, Camilo Nogueira e Xosé Manuel Beiras que se prolongou ata a aparición deste último para o balance final da noite. ♦

OS PACTOS

# O PP tamén quer falar con todos O BNG 'non dá por sentado nada' e o PSOE propón gobernos presidencialistas

**O BNG olla ao PSDG-PSOE como contrincante electoral. Este cambio de estratexia xa estaba aprobado na pasada Asemblea Nacional, pero non semellaba asumido plenamente por todos na fronte nacionalista. Os resultados electorais unificaron a Executiva.**

Esta liña terá, evidentemente, consecuencias á hora dos pactos electorais. Aínda que será o Consello Nacional o que fixe o próximo sábado 31 de maio as regras e as normas polas que se rexerán as negociacións, o informe que vai presentar a dirección semella claro: "o BNG non dá por sentado nada, salvo non favorecer os gobernos do PP".

As negociacións cos PSDG-PSOE preséntanse máis duras e difíciles que as de hai catro anos. Os nacionalistas apostan por un acordo global cos socialistas, pero este terá que levar "concrecións particulares e específicas segundo os concellos", declarou fonte da dirección a *A Nosa Terra*.

O BNG estaría disposto a votar as candidaturas socialistas onde o necesiten para gobernar se o PSDG-PSOE obra á recíproca, aínda que neste caso tamén poden existir excepcións que os nacionalistas non quixeron contemplar hai catro anos, provocando a marcha dalgúns concelleiros.

Mais para entrar nun goberno de coalición cos socialistas "seremos estritos e non renunciaremos á hora de exixir que respeten as nosas liñas programáticas máis básicas", coa idea de "construir país desde os concellos", afirman desde o BNG.


Esta idea "irrenunciábel" viría determinada polas experiencias de hai catro anos. En primeiro lugar, o BNG considera que o PSDG-PSOE non obrou coa mesma lealdade ca eles. Á hora de conformar os pactos, onde os nacionalistas, que tiña máis que gañar e ansias de chegar as alcaldías, deron moitas facilidades. E, tamén, nos gobernos, contraponendo os casos de Ferrol, Pontevedra e Vigo, cos de Santiago e Lugo.

Esa falta de lealdade socialista onde presidían os nacionalistas e o traballo do BNG onde tiñan alcalde do PSOE sería o que levou nestas capitais aos actuais resultados. O BNG non cree que fosen os problemas puntuais, senón unha táctica perfectamente calculada na dirección do PSOE. Aínda se lembran das declaracións de Carlos Príncipe en Vigo afirmando que non permitiría que "utilicen esta cidade para loogar a presidencia da Xunta". No BNG pensa que "non podemos caer de novo coma paraisos".

Os nacionalistas tampouco se fían do talento de moitos dos candidatos socialistas a alcaldes. Non só é o caso de Francisco Vázquez,



Ventura Pérez Mariño (PSOE) e Lois Castrillo (BNG) iniciarán nas próximas semanas a negociación para garantir a gobernabilidade de Vigo.



ou de Xoaquín Gago en Vilagarcía. Agora aparece Ventura Pérez Mariño en Vigo cun discurso semellante ao do alcalde coruñés de claro carácter antigaleguista. No BNG preguntábase "se é críbel o galeguismo que vende Touriño".

Consideran tamén no BNG que, ante a tendencia alcista do PSOE no Estado, que sempre repercute na Galiza, é preciso acen-

tuar a proposta do BNG como alternativa propia, sen vinculada á "pata socialista". Creen na dirección nacionalista que se as eleccións fosen autonómicas, os seus resultados serían moito milloros.

**O PSOE ten apuro en pactar**

Ao contrario que hai catro anos, o PSOE, que daquela demorou

os acordos –en Vigo cinco meses– é o que ten agora apuro por entenderse canto antes cos nacionalistas, rexeitando, ao mesmo tempo os modelos aplicados hai catro anos. Certamente que a experiencia foi positiva para eles pero as circunstancias non son as que eran. Tanto en Vigo como en Compostela pretenden alcaldías fortemente centralizadas, que na cidade olívica Ventura Pérez Mariño alcumou como "presidencialista". Os nacionalistas consideran que esta idea "non é comezar con bó pe", como recordou Pérez Castrillo.

¿Estará tentado o BNG en devolverlles a pelota de hai catro anos cando se falaba de bigobernos? Os nacionalistas afirman que non, pero tamén semellan ter claro que tampouco van perder todo o poder institucional e, menos, traballar arreo como fixeron hai catro anos para que outros leven as ganancias electorais.

No BNG afirman que aprenderon a que non "só temos que facer boa xestión, senón tamén sabela vender e, sobre todo, facer política". Son precisamente as diferencias políticas as que poden dificultar máis os pactos entre nacionalistas e socialistas. Todo semella indicar que as negociacións nas cidades serán segredas como queren ambos partidos, pero tamén longas e difíciles, como xa anunciábase desde estas mes-

mas páxinas a pasada semana, antes de coñecerse os resultados.

**O PP tamén quere pactar**

O PP tamén quer pactar. Está disposto a "falar con todos, incluído o BNG, agás con algúns independentes por cuestións de hi-xiene política". No PP consideran que, nalgúns concellos, poden pactar con nacionalistas e socialistas Sería o caso de Ponteareas. No PP estarían dispostos a apoiar ao nacionalista Roberto Mera para alcalde se o BNG bota a Rafael Louzán para o mesmo posto en Ribadumia. Trataría o PP de desbancar dunha tacada a Xosé Castro e colocar ao seu responsábel provincial na alcaldía arousán, na vez do seu ex militante Nene Barral, implicado no narcotráfico.

Pero Nava Castro xa reaccionou en Ponteareas e afirma que está disposta a sacrificar o seu pai e chegar a un acordo co PP. Estaría disposta mesmo a voltar ao partido polo que foi deputada autonómica.

No PP tamén estarían dispostos a chegar a un acordo con socialistas e nacionalistas en Nigrán e Baiona: a primeira alcaldía para o PSOE, a segunda para o PP.

Por pactar, os populares estarían dispostos a pactar en 15 concellos, pero saben que non van poder facelo. ♦

**Cincuenta e dúas alcaldías pendentes dos pactos**

**Apoios que precisa o PSOE, do BNG, para obter alcaldía**

Ames, Betanzos, Cabanas, Cambre, Cariño, Carral, Muros, Neda, Porto do Son, Santiago, Fonsagrada, Guitiriz, Ribadeo, Sarria, Baltar, Piñor, Ribadavia, Vere, Catoira, Cotobade, A Illa, Marín, Mos, Redondela, Vigo, Vilaboa e Vilagarcía.

**Apoios que precisa o PSOE, do BNG e outras forzas, para obter alcaldía**

Fisterra, Lousame, Malpica, Viveiro, Pontedeume, Verín, Baiona, A Garda e Nigrán.

**Apoios que precisa o BNG, do PSOE, para obter alcaldía**

Arzúa, Carnota, Corcubión, Fene, Mugaros, Porqueira e Pontevedra.

**Apoios que precisa o BNG, do PSOE e outras forzas, para obter alcaldía**

Boiro, Carballo, Sada, Teo, Monforte, Bueu, O Grove, Moaña e Pontecesures.

*Vivimos no mellor  
dos mundos posibles\**  
Felipe González

**O que non** se pode disimular. Que o PP recuou en Galiza, que Zapatero non saíu ben parado no conxunto estatal, que o Bloque non se sabe se sobe ou se **baixa**.

**En maio** de 1968 subleváronse en Francia os estudantes. O país foi percorrido por grandes mobilizacións. Dez millóns de obreiros chegaron a poñerse en folga. As seguintes eleccións gañounas a dereita. Pero aquel maio do 68 cambiou Francia para sempre e o líder político que triunfou nas eleccións ninguén o **lembra**.

**Noite** electoral. Vigo. 21 horas 45 minutos. Local socialista na rúa do Príncipe. Felicidade. Unhas duascenas persoas. Ninguén fala galego, salvo un varón que supera de longo os **sesenta** abris.

**O que** está ledó é Touriño. Afrouxou o no da gravata. Xa non sente na caluga o alento de Paco Vázquez e ademais refréscase co resultado de **Orozco**, supercalde de Lugo.

**Expectativa** no mundo musical, ante o éxito de Ventura Pérez Mariño.

**M**uitas cousas mudaron en Galiza tras o afundimento do *Prestige*. Por saúde social non podemos permitir que a xente deixe de preocuparse polo seu medio ambiente, polo patrimonio natural que temos emprestado dos nosos fillos, e pola perda de tanta riqueza, que aprendéramos, como pobo, a cultivar. Unha agresión ao ecosistema tan grave como esta precisa ser atacada de maneira coordinada desde diferentes frentes e baixo protocolos estritos e definidos de actuación.

Os danos producidos por unha contaminación, dependen de varios factores: do axente contaminante, da súa persistencia no medio, do espazo afectado das posibilidades e estratexias de solución.

■ **AS CARACTERÍSTICAS DO AXENTE CONTAMINANTE**, son ben coñecidas a estas alturas. Lembremos que, a pesar da ocultación e deixadez dos responsábeis políticos, que negaban a súa presenza, este fuel contén compostos altamente perigosos para a vida, como os benzopirenos, ou, en xeral os Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAP), no que este vertido é particularmente rico. Só despois que entidades privadas como ADEGA, fixesen públicas as súas análises recoñeceron a presenza de compostos que sabemos que poden ser canceríxenos e mutáxenos.

Polas súas características físicas este produto pode aboair sobre as augas, descer e viaxar entre elas, ou ir ao fondo, dependendo da temperatura, e de que englobe materiais como areas ou algas que a fan aumentar de peso. Tamén pode formar emulsións, aumentando de volume variando a súa consistencia de maneira parecida ao que lle pasa á mahonesa que tamén é unha emulsión.

Ademais este produto presenta bioacumulación, é dicir, os seres vivos que o inxeren non o poden eliminar, de maneira que se vai acumulando nas cadeas tróficas, ou sexa, a medida que os individuos se van alimentando, coméndose uns a outros.

■ **PERSISTENCIA NO MEDIO**. Canto máis tempo estexa o contaminante, máis grave será o dano producido. As comunidades de seres vivos teñen moita máis dificultade en se repoiñeren, a acumulación do axente contaminante nas cadeas tróficas consolídase, e propiciase a formación de compostos resultado das reaccións cós reactivos que contén o medio mariño, que dan lugar a unha contaminación difusa de tipo secundario, moito máis difícil de controlar. Aquí tamén temos dereito a exixir responsabilidades aos que nos gobernan. Foron varias as vagas de contaminante a chegaren á costa, e aínda non se retirou unha grande parte do chapapote que chegou hai *xa 6 meses!* Por outra parte o barco continúa a deitar fuel, a razón de 1 ou 2 tm. diarias, según fontes do Cen-

## Seis meses após o afundimento

ADELA FIGUEROA PANISSE

Pasados máis de seis meses despois da catástrofe do *Prestige*, moitos asuntos seguen pendentes de resolver, na costa e no mar. O balance da limpeza mistúrase coa valoración das ocultacións sobre a realidade da contaminación

tro de control de Calidade do Medio Mariño. O fuel tiña que ter sido eficazmente retirado desde os primeiros tempos e iso non se fixo. Como todos sabemos, só foi tras unha loita de denuncias contra a inoperancia e a ocultación que se procedeu a facer algo.

■ **O ESPACIO AFECTADO**. Como todos sabemos o espazo foi todo (1.100 millas, aproximadamente) Hai que ter en conta non só a *cantidade*, mais tamén a *calidade* deste espazo. Existe unha relación directa entre a cantidade de costa afectada e a distancia do naufragio á terra. O efecto é algo así como un funil ou un abano. Porque todo o que se botou no mar volta a terra. ¡E aínda temos que escoitar, por parte dos responsábeis que se voltase a ocorrer voltarían a facer igual!..! ¡Que perigo! Seremos irresponsábeis se permitimos que outra vez volten a estar os mesmos no poder, controlando e administrando a nosa vida.

A calidade do espazo afectado, é moi importante á hora de avaliar o impacto ambiental dun desastre, como este. Está por unha banda a beleza, a variedade das nosas costas, e tamén toda a riqueza que delas se saca. Aquí xerouse unha cultura que leva explotando o litoral desde épocas recuadas no tempo e que aprendeu a lle tirar o máximo rendimento. A pesca na súa complexidade, en Galiza non é un sector primario, segundo M<sup>o</sup> do Carmo García Negro, pois desde o peixe ou a ameixa ata o prato de comer, existen 62 sectores económicos implicados, valorándose o produto en 3.000 millóns de euros de beneficio nun ano. O vicepresidente das confrarias de pescadores da provincia de Pontevedra denuncia a 27/4/03 que cada lonxa galega perde un promedio de 1 millón de euros á semana.

■ **ESTRATEXIAS DE SOLUCIÓN: OS REMEDIOS**. Temos por unha parte a limpeza das costas e recuperación dos ecosistemas costeiros, e por outra o problema xerado polos residuos do *Prestige*, que aínda non está solucionado, e que se ven sumar a todo o desastre ecolóxico descrito. Na limpeza das costas, temos que denunciar, o que xa dixemos da falta de dilixencia e ademais o mal que se está a facer.

Todo o mundo concorda en que os métodos físicos e particularmente os manuais, son os



ANA PILLADO

máis indicados nos primeiros momentos. Así fomos limpar a tantas e tantas praias, como voluntarios, para axudar e para denunciar. Pero é tanto o que se verteu, e sobre tal cantidade de litoral, que aínda hai moitos lugares afectados. Os coídos e as rochas están agora a ser sometidos a lavados por bombas de hidropresión, que deixan as pedras tan limpas que nin rastro de vida fica nelas. Isto dificulta a súa rexeneración. Ademais o fuel que levantan desta maneira vai para o mar. Non utilizan mantas absorbentes ou barreiras para impedir que chegue á costa, de maneira que o que fan é moverlo dun lugar para outro. Hai poucas semanas, en Corme, na praia da Hermida, puidemos comprobar isto. O que se levanta a gran presión dos coídos é fuel moi fragmentado, que emulsiona moi facilmente coa auga do mar, ou vai para a praia na forma de pequeniñas lentellas que son moi difíciles de retirar. Utilízanse peneiras para intentar limpar a area. Peor, ao levantar as pedras enterradas da praia aparecían bolsadas de fuel, que fica oculto, pero que está ahí e coa calor vai sair. Sabemos tamén que moito do chapapote está enterrado baixo as areas a 1,30 ou 1,50 me-

### Cartas

#### *Cando os paxaros se botan ás escopetas*

Un histórico do pacifismo e da defensa do medio ambiente, Anxo Moure, ven de ser denunciado por "atentado á autoridade" por exhibir un cartel co lema *adeus as armas* diante de Manuel Fraga en Chantada. Anxo Moure leva moitos anos mergullado nos movementos sociais deste país, promovendo iniciativas e espazos de encontro cos que poder progresar na procura dun mundo máis xusto, máis ecolóxico e máis pacífico. É unha das figuras señeras do Colectivo "Bicicletas pola Paz" e un firme defensor da "Non Violencia" nas manifestacións. Resulta de todo punto surrealista e irónico que unha persoa como Anxo sexa denunciada por "atentado" cando o único que fixo foi manifestar a súa discrepancia nun espazo público (é dicir, de todos) de

xeito totalmente pacífico. O verdadeiro atentado sufríuno o cando foi empurrado polas *forzas de orde* dende un muro de metro e medio. Sufriu un atentado á súa integridade física, un atentado aos seus dereitos de cidadán e un atentado, simbolizado na súa persoa, a todos os movementos cidadáns pacíficos que manifestamos o noso rexeitamento ás políticas e actitudes dos nosos gobernantes actuais. Seica agora os paxaros bótanse ás escopetas. ♦

**XAN DURO FERNÁNDEZ**  
PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN  
PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE  
GALIZIA (ADEGA)

#### *Eleccións: evitar a depresión*

En novembro de 1997, nun boletín ciclostilado que se editaba en Barcelona, *O Pote* —boletín no que os seus colaboradores non

asinaban os seus traballos—, o poeta Xoan Manuel Casado, nunha sección titulada "Diario de entretempo", falaba das eleccións autonómicas que tiveran lugar en Galiza o mes anterior, nos que o Bloque pasara a ser a segunda forza do país. Eis o seu comentario:

"Visto o visto, a pregunta de sempre: ¿por que os votantes galegos, parias arquetípicos dos ciclos agrícolas, desposuídos radicais da civilización, escollen votar...? Etcétera. Xa non me serve explicación ningunha. Están mal acostumados á impunidad que se lles dispensa. O pobo galego: xente cunha innata predisposición a admirar ao poderoso, a buscar a súa proximidade, a impetrar o seu favor. En definitiva, teñen o que queren. A desculpa histórica xa non conta, son ast.

Entre as falacias que levo escoitado, ningunha do calibre da que figura ao paisano galego como exemplo de socratismo e intuición xenial. Tratei a moitos, e

nunca coñecín a ningún libre dunha zafiedade mental asoladora. Os cantos tipolóxicos ou temperamentalistas sempre os apuxen á condición paduana dos escritores.

Estarán contentos tamén os da esquerda nacionalista. O seu é un triunfo notorio en termos relativos. Con todo, o seu país de promisión tampouco acabou de sentilo perto. (Penso no meu, tan nada profético, cernido polo viño e o centeo, celador da monodía das súas horas mirméticas, termando desas poucas sabencias sen as que nada perduraría moito cacho: a receita do caldo, o uso venial do adulterio, o retrato de colindantes.)

O único que sinto é que eso todo me quede tan lonxe, por temperamento sempre preciso ter a man alguén, algo ó que non querer".

Antón Baamonde en *Aire para respirar* fai, tamén, un atinado tratado do "pobo galego", que moitos pensaron fóra de lugar, logo das grandes manifestacións sobre o



tros de profundidade. Hai tres domingos, en Muxía, un grupo de voluntarios de ADEGA sacaron 1,5 Tm aprox, das pedras, e varios deles mareáronse debido ás emanacións producidas como consecuencia da calor sobre o fuel.

■ **A BIORREMEDIACIÓN:** este é un método de corrección que consiste en aproveitar, o papel dos microorganismos, na eliminación do piche. Pola súa composición, é unha fonte de carbono, e existen bacterias que se adaptan ao medio alimentándose del. A eficacia natural destas bacterias é moi reducida, polo que non sería operativo deixar só ao seu coidado a limpeza do noso litoral. O que se fai é potenciar a súa acción, mediante *bioestimulación* e *bioaumento*. No primeiro caso déixase a degradación aos organismos autóctonos, pero estimulando o seu crecemento pola adición de nutrientes que escasean naturalmente no medio. Como Nitróxeno, Fósforo, tamén se acrescenta Ferro, que actúa como catalizador. Débese tamén garantir un bon aporte de osíxeno na auga, para garantir un medio aerobio, no que a actuación dos microorganismos é máis eficaz. O bioaumento, consiste na adición de microorganismos alóctonos que se demostraron eficaces e que poden potenciar a actuación dos autóctonos. Existen misturas de microorganismos no mercado. Todo isto está a ser probado en Sálvora, por unha equipa de científicos de Vigo e parece que pronto coñeceremos os resultados.

Nos titulares dun xornal galego leíamnos luns pasado (5/5/03) que as rochas da costa estaban cheas de vida. Na letra miúda aclarábase: vida microbiana, bacterias e fungos. Estes poden ser utilizados para a biorremediación como organismos autóctonos. Pero, por suposto, non valen para comer, nin para seren levados á lonxa.

A biorremediación é unha técnica complementaria da limpeza. Ten certas ventaxas como a súa efectividade, os baixos custos, e que se adapta ás condicións naturais. Pode eliminar compoñentes tóxicos do petróleo, e non parece ter efectos colaterais adversos. Entre as súas limitacións está a necesidade de eliminar, previamente o goso do hidrocarburo, a escaseza de nutrientes o que limita o seu crecemento, a necesidade de garantir un aporte de osíxeno, para que non se xere un ambiente anaerobio, como consecuencia da excesiva proliferación dos microorganismos, e tamén, que non garanten a eliminación dos metais pesados, que se acumulan inevitabilmente nas células bacterianas ou fúngicas.

Estamos falando do estado do ecosistema mariño, e das súas posibilidades de limpeza. Pero isto non quere dicir que estexa limpo. Nós sabemos que aínda hai moito fuel, que os fondos non están limpos, as rochas están aínda suxas, e as que están a ser limpadas faise incorrectamente; hai fuel enterrado na

area, baixo as rochas das praias, e nas redes dos mariñeiros que se ven obrigados a saíren pescar, porque a consellería de pesca declarou abertas as zonas de pesca.

■ **OUTRA IRRESPONSABILIDADE MÁIS, A APERTURA PRECIPITADA DA PESCA.** Segundo un informe do 24 /3/03 feito polo Instituto Oceanográfico Español, de Vigo, a porcentaxe de fuel (3,8%) en relación ás capturas supón que o 80% do peixe estará afectado por este, se a flota opera na mesma zona en que o facía antes do desastre do *Prestige*. Os estudos feitos demostran que o 77% da pesca de interese comercial non poderá ser utilizada para a súa comercialización. Isto supón destruír 77 Kg por cada 100 capturados, o que levará indefectiblemente á sobreexplotación dos caladoiros, e a súa destrución. Ao forzar á pesca incrementase o dano do fuel sobre os peixes, que axuntados nas redes có chapapote, xa non poden escapar ao seu contacto.

Segundo Marcelino Maneiro da Facultade de Ciencias (USC), a apertura da pesca non responde a análises rigorosas, do medio e dos seres vivos, e que neste momento pode entranar un grave risco pois non só é perigoso o chapapote que vemos, mais tamén os compostos derivados que se poden encontrar nos seres mariños, particularmente do grupo dos HAPs, así como os metais pesados, para alén dos estragos en aparellos e nasas que cargarán nas economías,

‘**A apertura da pesca non responde a análises rigorosas do medio e dos seres vivos, e neste momento pode entranar un grave risco**’

as, xa mermaidas dos traballadores do mar.

■ **CONCLUSIÓN.** Desde aquí denuncio a incapacidade e inoperancia para resolver os problemas, nomeadamente este tan grave que nos afectou a todos os galegos/as. A falta de interese por facelo, e pola contra a celeridade para ocultar información e confundir á opinión pública.

Unome a Esther Rivas representante das mariscadoras no seu sentido e dramático *¿Atacando?*, lanzado na Praza do Obradoiro de Compostela, no día 4 de maio. ¿Canto máis teremos que agardar a que esta administración se sinta responsable do dano que lle fixo a este país?.

Temos a obriga de esixir responsabilidades, utilizando todos os instrumentos legais ao noso alcance.

Temos o dereito a esixir información acerca do estado do noso medio, das análises que se fagan ás especies comestíbeis e dos procedimentos para a remediación do dano feito. A administración ten a obriga de facilitar esa información a calquera persoa física ou entidade, asociación cidadá, ou colectivo, que o reclame, se se sinte afectado, como nos sentimos todos os galegos/os.

Temos tamén o dereito a participarmos nas decisións acerca do noso medio ambiente, e a coñecer os instrumentos legais para a remediación, compensacións dos afectados, e punición dos culpábeis. ♦

Durante a campaña dixox que mandaría patrullas cidadás a buscar drogas sintéticas nos concertos de rap. Pero hai quen o viu, hai mes e pico, na sala *Nashville* de Vigo, presenciando unha actuación de *Chivi*, artista que gusta de alcumarse “o pornoautor”. Sospéitase que entrou trabucado porque marchou de seguida. Teríalle medo aos posibles fotógrafos.

**Despois** de cada proceso electoral, os do BNG culpan os medios de comunicación e acúsanos de malos tratos. Teñen razón, pero desde os medios responden que tampouco eles saben aproveitar as oportunidades que lle ofrecen. Que algúns lle falan á xente co vocabulario das reunións orgánicas e que a outros se lles nota moito o ton de quen se cre en posesión da **verdade** e que iso estaba ben no antigo Exipto.

**Falando** do BNG e dos medios. Un principal da organización falou en campaña nunha emisora importante. En vez de dialogar parecía que estaba soltando un mitin desde un bidón. O locutor apampaba. Tirou a conclusión lóxica de que ao individuo lle faltaban **táboas**. ♦



tema, porque xa é un tema, non unha traxedia, non un atentado, despois do acontecido o 25-M, do *Prestige*. Acontecido que será difícil de explicar, en certa maneira. Hai que procurar novas explicacións ¿E se comezamos por procurar explicacións “psicolóxicas, de tipos psicolóxicos”, e non en análises concretas da situación concreta? ¿E se empezamos a pensar que o vello refrán, mexan por riba dun e hai que dicir que chove, é unha falacia, que gostamos, que canto máis mexen mellor? ¿E se comezamos a pensar que os pobos tamén poden ser submisos, medofrentos, covardes, rastreiros e amantes dos poderosos polo simple feito de que son poderosos?

Digo, escribo todo isto non por aristocratismo, elitismo, etcétera, dos que poden ser doadamente acusado. Digo, simplemente, para comezar a evitar depresións. ♦

XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ

### Privatización das autoestradas

A Plataforma cidadá pola supresión da peaxe denuncia a pasividade da Xunta durante o proceso de privatización de ENA –no que están incluídas AUDASA e as autoestradas de Carballo-A Coruña e Vigo-Baiona– que finalizará esta mesma semana. Galicia aportou e aportará millóns de euros directamente en peaxes e indirectamente a través dos impostos de todos. Incluso puxo unha importante inversión nas autoestradas de Carballo e Baiona e non recibirá nada a cambio.

Non se cumpriron as promesas electorais dos máximos dirixentes do PP, entre eles as do propio Manuel Fraga que comprometeu a súa palabra a “*garantizar a supresión da peaxe entre O Morrazo e Vigo*” aproveitando este proceso da privatización.

Agora que xa temos á vista os

resultados electorais das municipais, podemos tirar algunhas conclusións. Foron varios anos dunha reivindicación, desde 1999 fundamentalmente, promovida por esta Plataforma pero apoiada polos Concellos de Vigo, Vilaboa, Poio, Redondela, Marín, Pontevedra e timidamente polos de Cangas, Bueu e Moaña. Precisamente o voto dos cidadáns castigou ó PP nos concellos que menos apoiaron ós seus veciños nesta reclamación unánime, os de Bueu e Moaña.

Será pois este partido o que debe analizar os seus resultados e ver que unha parte do electorado cambiou de opinión. Unha parte importante do electorado de Moaña e Bueu deulle unha oportunidade hai catro anos que non suborron aproveitar. E agora toca incidir na cuestión porque o problema da peaxe de Rande non está resolto cos Bonos-peaxe inventados pola Xunta e que non satisfacen á maioría.

A Plataforma lembra un acor-

do do Parlamento Galego que instaba á Xunta a reclamar do goberno central a supresión e que está sen tramitar, lembra a célebre promesa de Rajoy de suprimilo nesta lexislatura e xa lle queda menos dun ano e tamén as últimas declaracións de Fraga en Cangas “*O PP daralle unha solución ó problema da peaxe*”. Agora resultarálles un pouco máis difícil coa privatización de ENA case finiquitada. Máis difícil pero non imposible. Hai datos de numerosos acordos do consello de ministros desde 1997 suprimindo e rebaixando peaxes noutras autoestradas privatizadas como é caso de Catalunya.

A Plataforma anuncia que seguirá nesta carreira de fondo e analizará publicamente con economistas de prestixio este proceso privatizador da A-9 que non vai beneficiar nin a Galicia nin ós usuarios. ♦

XESÚS CANCELAS FRANCO  
PRESIDENTE DA PLATAFORMA ANTIPEAXE

Correo electrónico: info@anosaterra.com



## A El País foiselle a mano co PSOE

“O PSOE gaña as súas primeiras eleccións desde 1993”, titulou, de forma un tanto optimista e en acordo coas simpatías do propio periódico, o diario *El País* ao día seguinte das eleccións (luns 26 de maio). O martes sentiuse obrigado a rectificarlaxa desde o editorial: “Como noutras citas electorais, o avance do escrutinio do domingo foi matizando os datos iniciais da noite. Sobre todo, foi recortando o alcance da vitoria socialista en número total de votos, que ficou limitado a pouco máis de 100.000”.

## Un artigo de La Voz de Galicia atribúelle erradamente maioría absoluta ao PP

A resaca electoral ou un soberano despiste (do que desde logo non estamos libres ningún xornal) levou a *La Voz de Galicia* a publicar un gráfico e un texto con títulos a cinco columnas e de media páxina completamente trabucados. Foi o luns 26, xornada seguinte ás eleccións. O diario coruñés realizou unha extrapolación dos datos das eleccións locais a uns comicios autonómicos e xerais. A extrapolación ás xerais era correcta e ofrecía un resultado de 13 deputados para o PP, sete para o PSOE e 5 para o BNG, fronte á situación actual de 16, 6 e 3. Sen embargo, a comparación autonómica era errada. *La Voz* publicou que o PP obtería 40 escaños, o PSOE 23 e o BNG 12. O cálculo trabucado levou ao xornal a incluír o seguinte titular: “O PP mantería a maioría absoluta se onte se tivesen celebrado autonómicas” e un antetítulo co seguinte texto: “O PSOE gañaría seis deputados e deixaría aos nacionalistas, que perderían cinco, como terceira forza política”. Todo o texto basease neste cálculo e colixe un éxito dos partidos de Fraga e Touriño. O cálculo real é sen embargo moi diferente. Unha extrapolación dos resultados municipais a uns comicios a escala galega outórgalle ao PP 37 deputados, ao PSOE 22 e aos nacionalistas 16, o que significaría a perda da maioría absoluta



para o partido conservador. Algúns lectores do xornal opinaron que, máis que un erro de cálculo, tratouse dun lapsus freudiano.

## O segundo despiste de La Voz

Non anda fino o diario coruñés. O martes 27, na súa páxina dúas, titulou: “O enfado do BNG por perder Vigo complica o seu previsíbel pacto co PSOE” e no antetítulo complementa esta afirmación co seguinte recorda-

torio: “Fronte ao rápido acordo de hai catro anos, acadado nunhas horas, aínda non se iniciou a negociación”. A realidade é que o acordo de hai catro anos non foi nada rápido, como se pode ler no *Faro de Vigo* dese mesmo día. Este diario titula na súa terceira páxina: “A negociación en 1999 prolongouse durante cinco meses”. Castrillo presentárase na sesión de investidura co apoio do PSOE, pero só para garantir os votos suficientes para a súa elección. “O pacto de goberno fraguou tras catro meses e rubricouse en novembro, cinco meses despois da toma de posesión de Lois Castrillo”.



O ministro Federico Trillo no lugar do accidente do avión no que morreron os militares españois. Unha visita rápida e oportuna que contrasta coa desatención que sufriu durante as primeiras semanas a costa galega afecta polo Prestige.

## Votífero

BIEITO IGLESIAS

Retrocedo eós de tempo pra sintonizar con Eurovisión. Na taberna do Xemerías, en Meriz, vin triunfar a Massiel, e no Instituto comentei cun meu profesor de entón –Paco Rodríguez– a tropelía cometida co catalao e con Serrat. *La Voz* anunciou que os conterráneos da diáspora europea terían a noite do vintecatro o corazón esgazado entre España e Bélxica, porque este último país enviaba ó Festival unha representación que incluía á emigrante galega Verónica Codesal. ¿E os galegos do interior? O redactor da *Voz* pensaría que, vivindo no intestino goso, no pedro de Fragalandia, habíamos volver pola cantora española con lealdade canina. Sen aturar as interpretacións, déuseme por seguir a votación. Bélxica perdeu por pouco. A maioría dos votos hispanos (12) foron prá nosa galleguina (lindeza dun locutor de TVE con faísca de caspa). Os portugueses reservaron esa máxima puntuación pra Espanha, coma en tempos de Franco e Salazar; o xuri espanholito correspondeulle con dous sufraxios por xunto. Eu dispuña dun voto ó día seguinte, e tiña tanta ansia de exercelo coma ningunha. Fun tomar café e escoiteille dicir a un camareiro que en Nunca Máis militan malas persoas dedicadas a armarlle ó merlo en lugar de coídar dos fillos. Semellante argumento tangueme cara o colexio electoral. Alí emitín unha papeleta contra a chusma. Certa populaza, fascinada polo Poder, ve nos opositores un fato de perdidos, unha requitropa de calzafoques que non dispón de BOE nin de exército. Cando gañan os seus, inchan coma sapos estes pequenos que se van co grande. Precisan a vitoria do partido maioritario e as tazas de Europa do Real Madrid pra mascarar a fraqueza.

## Ourense

# O PP míralle as orellas ao lobo

ABELARDO VÁZQUEZ PITA

Os resultados electorais mancaron no Partido Popular malia conseguir reter a maioría absoluta na capital. O poder do presidente da Deputación Xosé L. Baltar depende cada vez máis do voto rural e envellecido.

Os resultados das municipais en Ourense non son tan diferentes das do resto de Galicia se se analizan polo miúdo e, sobre todo, se observamos tendencias e valoramos na súa xusta medida o que para o PP local significa o símbolo principal do seu poder e que se sustenta nunha morea de concellos con censos de entre mil e dous mil votantes.

Malia vitoria por maioría absoluta de Manuel Cabezas na capital, hai que ter en conta que a suma dos votos da esquerda é maior que os outorgados á candidatura do PP. Un detalle que sorprende ao propio alcalde cando llo subliñou un xornalista inoportuno. Non foi a súa única sorpresa na noite do 25-M. Ao comezar o escrutinio, houbo momentos nos que na sede do PP ourensán consideraron seriamente a posibilidade de non obter a maioría absoluta. Un ex dirixente do PSDG, Antonio Troitiño, deulle a vitoria coa súa candidatura de Socialistas por Ourense, ao sumar case tres mil votos que, de repartirse entre PSDeG e BNG, darían paso a un goberno de progreso na cidade das Burgas.

Na provincia, o panorama foi peor porque o Partido Popular recuperou só unha alcaldía das máis apetecidas e que nos últimos catro anos estivo nas mans dos “radicais” e mais dun coaga que se repartiu a cadeira de xeito inexplicable (dous anos para cada un) cos socialistas. Trátase de Xinzo de Limia, poboación que volve ao dominio de Isaac Vila logo de cumprir unha condena

por facer negocios desde o concello cunha das súas empresas. Máis de tres mil limiáns entenderon que a picaresca merece unha segunda oportunidade.

Sen embargo, os populares perderon a maioría absoluta en Verín e agora será un ex militante popular, Santiago Cid Harguindey (outro inhabilitado dos tempos de Vitorino Núñez) quen decida o que goberna. Perderon Ribadavia, que será gobernada por socialistas e nacionalistas. O Barco de Valdeorras e O Carballiño seguirá disfrutando de maiorías absolutas do PSDG con Alberto García e Pachi Vázquez.

O PP gobernará con maioría suficiente en 72 dos 92 concellos da provincia, mentres que o PSDeG gobernará en 11 e o BNG en 4, sempre á espera de pactos pendentes. Pero o PP baixou un punto no conxunto da provincia, malia redución en máis de dous da abstención, mentres socialistas e nacionalistas medraron. Na Deputación, os populares manteñen unha cómoda maioría absoluta, pero perderon un escano, diminuindo a porcentaxe de votos en 5,2 puntos.

Unha vez máis, na provincia ourensá quedou claro que o poder do Partido Popular e do seu presidente, Xosé Luís Baltar, susténsase nos pequenos concellos, os que contan cunha poboación máis avellentada e baixo nivel cultural. Pola contra, as vilas rexistran desde 1999 un dinamismo que dificulta a chegada ao poder polos métodos clientelares. Pasenamente, as cousas tamén van mudando en Ourense.



## O Cela de Ian Gibson

X.L. FRANCO GRANDE

**G**ibson asegura que *Cela, el hombre que quiso ganar* (Aguilar, 2003) non se trata dunha biografía de CJC senón da resposta á pregunta: “¿Quen foi realmente o autor de *La Colmena*?” Pero o libro, en calquera caso, ven ser unha biografía do escritor. E poño en dúbida que esa “gran biografía” futura que Gibson agarda que se publique un día poida iluminar moito máis a personalidade de Cela ca este libro do escritor irlandés.

O libro proba, cunha documentación abraiante, o que xa se nos anuncia no título: “o home que quixo gañar”. A isto supeditou CJC todo na vida. A iso sacrificouno todo. Por iso viviu e traballou. Foi un escravo do seu lema “o que resiste, gaña”. O que chama a atención é, á vista da documentación que Gibson nos dá, que toda unha existencia, dende a mocidade ata o fin dos seus días, estivese presidida por semellante cobiza. Pero así é. Ou así foi.

Gibson analiza polo miúdo, como é costume seu, ó abeiro de documentos moi diversos, que van dende declaracións de CJC a textos, literarios ou non, do escritor, e de outros, todo o camiño que recorreu para chegar a gañar, os éxitos e os fracasos que tivo, que pode que fosen máis estes últimos ca os primeiros –se ben estes abundan para garanti-lo gaño que tanto persiguiu. Gibson sinala a obra de CJC que ó seu xuízo vai quedar, ben pouca, separándoa da que case seguira que non, que é a maioría.

Todo valfa para este escritor que non tivo outra teima máis ca gañar. Nin a familia, nin iso que se chama educación, nin o respecto ós demais –plaxio incluído– foron freos para tanta teima e tanta cobiza. Por certo que, en canto ó plaxio da novela dunha autora coruñesa, Gibson é moi cauteloso, pero vese obrigado a dicir que “lo certo es que existen tantas coincidencias entre ambas novelas que la sospecha es inevitable”. Sospeita que, nun premio Nobel, desconcerta a calquera.

Confirmamos este libro espléndido e fundado que CJC, humanamente, foi un ser desprezable. E como escritor, mediocre e vulgar na maioría dos seus libros, pero que o salvarán non máis de tres ou catro que Gibson ten por xeniais e que a outros nolo parecen moito menos. Pois algúns pensamos que este escritor morrera hai xa moitos anos. Todo isto, xunto coas súas baballadas, contribuíu a facer de CJC o ídolo literario da peor dereita deste país. ♦

# O BNG pediulle que garanta alomenos 2.000 millóns de euros para paliar as consecuencias do *Prestige* Fraga elude concretar a cantidade que investirá o Estado en Galiza no 2004

**P.B.**  
**O Parlamento recuperou a súa actividade despois das eleccións nun pleno no que o BNG tratou de arrincarlle a Manuel Fraga o compromiso de que os orzamentos do Estado para o 2004 inclúan un sobreinvestimento para Galiza de alomenos 2.000 millóns de euros. O presidente da Xunta dixo que non era o momento de discutir os presupostos e que a única responsabilidade que ten que asumir el é a de que o Plan Galicia se cumpla.**

“Iremos saíndo adiante en todos os compromisos pero agora non estamos discutindo os orzamentos. Cando chegue o momento veremos o que hai que facer”, dixo Fraga que aproveitou de novo a súa intervención na Cámara para acusar á oposición de adicarse a “debilitar” Galiza. “Neste momento no que se están consignando as cifras que darán vida aos orzamentos do ano que vén queremos saber –preguntáralle o portavoz do BNG, Alfredo Suárez Canal– se por parte do presidente da Xunta vai haber reclamación e garantía de que alomenos 2.000 millóns de euros figurarán como asignación concreta para paliar as consecuencias do *Prestige*”. Pero o presidente da Xunta sorteou a pregunta e remitiuse aos Plans anunciados por ambos executivos. Dixo que todas as obras que dependen de Fomento están en distintas fases de cumprimento, que os afectados xa percibiron 103 millóns de euros e que existen tres solucións “serias” para poder extraer o fuel do *Prestige*.

Diante das palabras do pre-



Manuel Fraga foi acusado, polo portavoz nacionalista Suárez Canal, de derivar o debate polos “cerros de Ubeda”.

sidente, Suárez Canal acusou a Fraga de derivar o debate polos cerros de Ubeda e de ser incapaz sequer de comprometerse a conseguir para o vindeiro ano a sexta parte dos investimentos anunciados pola Administración. O portavoz do Bloque acusou a Fraga de actuar como “escudo protector” do Goberno de Aznar por riba dos intereses dos galegos e de utilizar ade-

mais o país como “moeda de cambio”. Pediulle a Fraga que “afronte a realidade” e insistiu na necesidade de lograr concrecións orzamentarias. “A súa resposta –engadiu– evidencia que non teñen perspectiva de futuro para resolver o problema e iso é moi grave”. De seguido Fraga concluíu que a única responsabilidade que ten que asumir é a do cumprimen-

to dos plan anunciados e entregoulle ao Presidente do Parlamento os documentos que proban, segundo dixo, que as obras anunciadas máis importantes figuran no BOE. Esa mesma tarde, o mércores 28 de maio, coñeciase que o Comisionado do Goberno para as Actuacións derivadas da catástrofe do *Prestige* rebaixaba a 600 millóns de euros o seu cálculo sobre o custo do desastre.

### Comisión de Seguimento

Na mesma xornada Fraga rexeitou a proposta do PSOE de crear no Parlamento unha Comisión de Seguimento para o *Plan Galicia* por considerala innecesaria ao existir unha equipa dentro do Goberno galego encargada dese traballo, dixo. Emilio Pérez Touriño (PSOE) acusou ao PP de utilizar este plan de xeito electoralista, un documento que dixo nace da exclusión e carece de garantía de sustentabilidade no tempo. Fraga díxolle que o único que considera necesario neste momento é explicar “ben” estes proxectos para contrarrestar a “campaña de propaganda en contra”.

Na réplica Touriño recriou a Fraga que “siga instalado nunha actitude de descualificación da oposición” que non beneficia aos galegos e pediulle que rectifique e que abandone o camiño da soedade e a prepotencia. O portavoz do PSOE insistiulle a Fraga en que aceptara “a leal oferta” de diálogo que lle estaba a facer e poder “sumar esforzos”. Logo, o presidente da Xunta respondeu ao seu convite responsabilizando á oposición á confrontación actual. ♦

## O Goberno continúa sen poñerlle data á extracción do fuel

Repsol anunciou para o verán a realización dunha proba piloto de extracción de fuel do *Prestige* co método das “bolsas lanzadeiras”. No caso de que funcione, asegurou o conselleiro de Pesca no Parlamento, Enrique López Veiga, o proceso para vaciar o buque “podería” iniciarse no Outono. Se o experimento fracasara as outras dúas solucións que se apuntan, a do “sarcófago dinámico” e a da “extracción por bombeo” retrasaríanse alomenos ata o 2004 e o 2005, respectivamente. O control, a dirección e a coordinación do operativo está nas mans da empresa privada Repsol IPF.

Na súa comparecencia Ló-

pez Veiga explicou o mesmo que o vicepresidente do Goberno central, Mariano Raxoi, no Congreso uns días antes. É dicir, estúdiense tres solucións pero a día de hoxe non existen garantías de éxito de ningunha das tres. A primeira, consiste na recollida do fuel cunhas “cápsulas” através dunha bálbula instalada por un robot nunha fenda aberta no casco do petroleiro que supostamente subirían a superficie unha vez cheas. No caso de fracasar ensaiaríase a segunda das solucións que consiste, segundo tratou de explicar López Veiga, en confinar o *Prestige* dentro dunha especie de “cúpula activa” que te-

ría unha bálbula desde as que extraer o fuel no momento indicado por un radar. E a terceira e “máis complexa tecnologicamente”, engadiu, sería a da extracción por bombeo. Pero esta non estaría preparada ata cando menos o 2005. López Veiga tratou de restarlle gravidade a situación e asegurou que a cantidade de fuel que perde o *Prestige* é menor e “dilúese”.

Pero o deputado do BNG, Bieito Lobeira, retou ao conselleiro a que difundira as últimas imaxes gravadas polo Nautilo durante unha intervención na que denunciou que a Xunta segue a exercer a “censura descarada” sobre a

realidade da situación”. Lobeira lembrou que hai quince días Malpica sufriu unha nova marea negra e denunciou, entre outras cuestións, que a Xunta nega a información recollida polas aeronaves e ten prohibida a entrada a 42 praias porque o fuel segue chegando. Para a oposición o Goberno galego segue sen prantar cara ao problema como debera. Desconfían da viabilidade das fórmulas anunciadas e critican a decisión do Executivo de Aznar de desestimar as solucións propostas polo Comité Científico. Tamén advirten que no Outono os temporais farán inviábel calquer operación. ♦

## Confirmao unha nova inmersión do *Nautilo* O *Prestige* segue a verter dúas toneladas diarias de fuel

**A.N.T.**  
As últimas inmersións do *Nautilo*, realizadas durante a última semana, confirmaron que o *Prestige* continúa a verter dúas toneladas de fuel e que continúa a ser líquido, de modo que se pode extraer.

O conselleiro de Pesca anunciou que do *Prestige* segue a manar fuel, aínda que matizou que "son cantidades tan pequenas que se dilúen no mar". Sen embargo, outra fonte dos círculos oficiais da investigación recalca que "cando non ofrecen novas cifras, significa que continúa a verter as dúas toneladas diarias, o que acontece é que as autoridades nesta crise sempre interpretaron os datos como a elas lles interesaba".

Segundo a Xunta, o que flúen son irisacións moi diluídas, pero fontes científicas indican que "en realidade o que pasa é que nesta época do ano sou o vento de nordeste e o fuel marcha para o océano, o que xoga



As novas prospeccións do pecio do *Prestige* amosan que o combustíbel non parou de fluir.

a favor da Xunta e do Goberno".

O que si mudou foi o discurso sobre a solidificación do fuel.

"Trabucáronse —dixo a mesma fonte—, pensaron que o fuel, ao enfriarse, fa solidificarse e que fa

quedar abaixo como unha pedra, pero logo compróbase que catro meses despois a súa temperatura é de dous graos e medio de temperatura e que continúa fluído". E se antes era bo que se solidificase porque o *Prestige* deixaba de verter fuel, agora é bo que continúe líquido porque se pode extraer.

Outra contradicción na que incorre a Administración é no momento para realizar a extracción de inmediato. Un informe oficial do Comité Científico do Consello Superior de Investigacións Científicas demanda que comece xa a extracción. Sen embargo, a solución demorárase ata despois do verán, aínda que a Xunta anunciou que antes realizárase unha proba cun mecanismo mediante bolsas lanzadeira. As razóns de *Repsol* para pospor a solución durante uns meses descoñécese, como tamén se ignora se as autoridades están a presionar á empresa contratada polo Goberno para proceder á extracción do combustíbel. ♦

## A terceira edición de *Vigonatura*, cita do consumo ecolóxico Mil consellos para unha vida máis sa

**A.N.T.**  
Marmelada de olivas cultivadas ecolóxicamente, xemoterapia, enerxía solar para o propio domicilio, xoguetes de madeira, xabóns naturais, cadeiras ergonómicas e un curso de meditación. Non é a revolución nun hipermercado, é só unha pequena mostra dos moitos aspectos que recolle a terceira edición de *Vigonatura*, a feira da ecoloxía e calidade de vida que se poderá visitar en Cotogrande (Vigo) entre o 30 de maio e o 1 de xuño. Unha das novidades deste ano é a presenza de diferentes

iniciativas ecolóxicas chegadas de Portugal. Na feira poderase degustar aceite de Tras-Os-Montes, viño verde ecolóxico e menciñas naturais cultivadas no Algarve.

A agricultura ecolóxica contará coa participación de Gabino Vázquez, presidente do Consello Regulador de Agricultura de Galicia. Ademais, os estómagos atrevidos gozarán coa panadería artesá, algas ou cócteles sans.

En relación coa actualidade, *Vigonatura* dálle importancia á desfeita do *Prestige* ao tentar

buscar as causas e consecuencias da maré negra. En Cotogrande vaise presentar o libro de Adela Leiro e Manuel Domínguez, *Marés Negras*, que edita *A Nosa Terra*.

A relaxación ten un papel importante nestes tempos de estrés. Amais de diferentes terapias naturais para combater o nerviosismo, a feira dálles espazo ao esoterismo, á astroloxía, ás masaxes e ás técnicas de relaxación.

Un capítulo con moito éxito en pasadas edicións é o capítulo de bioconstrución. Especialistas en converter a nosa casa

nun recinto san explicarán cál é o mellor xeito de aplicar na venda as técnicas máis saudábeis, desde a escolla dos materiais ao aforro enerxético que se pode conseguir ao utilizar o poder do sol.

*Vigonatura* pretende ser un foro no que se fagan concretas aquelas propostas de consumo respectuosas coa natureza e boas para a saúde. Para iso, os visitantes non só poden utilizar produtos senón aprenderen a vivir dun mellor xeito, ben aprendendo coíña xaponesa ou aprendendo as claves do ioga. ♦

### A Coruña

## O devalar de Vázquez

MANUEL MONGE

Durante boa parte da noite electoral a maioría absoluta de Francisco Vázquez estivo en perigo. Houbo indicios durante a pasada campaña dese descenso nos apoios.

Vázquez contestaba nesa mesma entrevista: "Aíí fue el sindicato de cabreados". Un sindicato bastante numeroso, digo eu.

Chegabamos ao final da campaña electoral e Vázquez pisaba o acelerador, deixando moi claro onde estaban os seus apoios. Nunha visita á sede da Confederación de Empresarios da Coruña era recibido pola directiva en pleno e o construtor e presidente da patronal, Antonio Fontenla, dicía que "Paco Vázquez é o

maior patrimonio que ten A Coruña; se a cidade crece é porque ten un alcalde como este".

O mitin de peche de campaña foi un fracaso; Vázquez xa adiantara que só falaría "El menda", pero non respondeu a parroquia porque había 600 persoas sobre un aforo de 1.700. Neste acto desvelaba os seus plans para o futuro: "Cuando abandone la Alcaldía montaré una academia de alcaldes porque todos los candidatos dicen lo mismo: yo quiero ser el

Paco Vázquez de mi ciudad".

Nestas eleccións continúa o debalo de Vázquez, que vén de atrás; en 1995 tivo 69.705 votos, en 1999 foron 66.911 e o 25 de maio 57.050. O PP, que tiña 49.135 votos en 1995, queda agora con 30.171. O avance do BNG nese período, con Henrique Tello á cabeza, é histórico: 10.735 votos en 1995, 15.460 en 1999 e 28.381 o pasado domingo. Con estes resultados e o importante ascenso en todos os concellos da comarca (pode acadar a alcaldía de Sada e formar parte do goberno en Carral, Betanzos e Cambre) o BNG terá dous representantes na Deputación polo partido xudicial de A Coruña e o PP perde a maioría que tiña. Tello declaraba que estamos ante un declive imparábel, que culminará na derrota de Vázquez no 2007 e co acceso do BNG á Alcaldía. ♦

Todo estaba preparado para unha vitoria de Vázquez, pero a cidadanía decidiu poñer freo a tanta soberbia. Tomou boa nota de actitudes do alcalde como no tema do *Prestige* cando calificou a quen apoiaba a Nunca Máis como extremistas e radicais, actuando como o auténtico delegado en Galicia do goberno do PP. Nunha entrevista en *La Opinión* dicía: "Comremos el riesgo de batanizar el país porque una de las estrategias del BNG es el montaje de toda una serie de asociaciones. Lo que les faltaba era una plataforma de movilización popular que es Nunca Más. Por eso se volcaron en ella, porque podría ser el embrión de la Kale borroka".

Respecto á protesta polo derribo do asilo de Adelaída Muro (lembramos que 96 entidades da cidade se manifestaron en contra da actuación do goberno muni-

## Bufidos

X.M. SARILLE

É un alivio saber que as declaracións de Castrillo na noite electoral foron só froito do momento. Decía que pasaría o relevo do poder sen problemas. Ao outro día anunciou que negociaría Vigo sobre dous eixos, e que un deles sería a identidade de Galiza. Outra satisfacción, porque algúns, desde fóra e desde dentro de Vigo, nunca simpatizaremos cun goberno no que o máximo representante da cidade e en última instancia portavoz dos dous partidos que a rexen, non use publicamente, sen excepción, o idioma galego. Con BNG ou sen BNG. Así de claro. Só nos falta que o xuíz-prodixio faga unha pinza co alcalde da Coruña e o seu entorno.

É unha cousa lateral, pero non. Como non o son os rituais que se repetiron nestes catro anos. Triunfaron os discursos claros e a política firme. É o caso de Pontevedra, onde non fixo falta andar detrás dos cregos nas proceções, nin facer ofrendas, nin ocultar a ideoloxía. E por suposto, onde se fixo ben. Perderon o titubeo e a indecisión. Nalgún caso até a falta de valentía para denunciar irregularidades do adversario. Houbo un candidato da dereita que tiña sen pagar cinco millóns de pesetas ás arcas municipais e baseou a súa política no endebedamento do concello. O alcalde do Bloque sabíao e non o fixo público. ¿Por que?

No seu día abandonouse o seitarismo e mentres se enterraban moi ben defectos, tamén se comezou a rebaixar o perfil que nutre a razón de ser, o que serve para alicerzar calquer cambio. A xente prefire en todas as partes a actitude decidida moito antes que a man tremante.

Saen derrotados os que fixeron unha política débil. Gañan os audaces, entre eles o coruñaés, apesar de que a traición lle pasase factura por primeira vez. Realmente pede perdón porque non lle saíu ben a felonía, non porque considere un defecto apuñalear ao seu partido polas costas.

Outra cousa é Lugo, onde non gañou a audacia senón o ecumenismo. E vós tamén con eses defectos, querida Branca, apesar de que fósedes a columna vertebral do concello.

Pero o que nos enche de ternura é a inocencia de *Bambi*. ¿Cre que gañou as eleccións...! Miñaxoia... enleado agora nesa ridícula batalla virtual. O idilio rematará cando Aznar ordene que os bascos se partan a cara, e el, doce e manso, siga a folla de rota do novo caudillo. ♦

## ¡NUNCA MÁIS!

## Segundo as imaxes tomadas na costa por mergulladores Un vídeo de *Nunca Máis* confirma a presenza de fuel nos fondos mariños

**H.V.**  
**Un vídeo de media hora de duración producido pola Plataforma Nunca Máis pon de manifesto a presenza de fuel nos fondos mariños e nega a versión oficial de que están limpos.**

O vídeo realizouse como resposta a un documental do programa Informe Semanal da Televisión Española, no que se "recalcaba de forma taxativa que non hai fuel". Mesmo un grupo de mergulladores baixaron aos fondos cun exemplar plastificado dun xornal do 21 de maio para deixar constancia da data e negar esta afirmación. Os principais escenarios do vídeo son o Parque Nacional das Illas Atlánticas e a Costa da morte.

"No vídeo desmóntanse un por un os argumentos do programa de TVE", indicou Xaquín Rubido, o coordinador da Comisión Científica de Nunca Máis. "Ofrécense imaxes dos fondos contaminados -engadiu Rubido-, pero tamén cómo se están a desenvolver os labores de limpeza, con hidrolavadoras con auga quente e sen mantas que recollan fuel. Vense operarios de Tragsa con palas escavadoras que trasladan os coidados de Muxia, de forma que a zona dos coidados queda sen coidados. O vídeo non deixa lugar a dúbidas".

Pero o vídeo difundido por Nunca Máis tamén pon en cuestión as visualizacións realizadas polo robot da Armada, nas que se fundamenta o Estado para afirmar que os fondos mariños non están danados. O robot da Armada realiza visualizacións desde arriba, de modo que non se perciben as manchas que si se observan nas imaxes aportadas polos mergulladores, que chegan ata o fondo mariño.

A contradición entre as dúas fontes estriba, segundo Xa-

quín Rubido, no método de busca do fuel, un desde lonxe e outro a pé do problema. "Isto concorda coa vontade do Estado e do Goberno de construír unha normalidade que non existe, de dicir que non hai fuel, porque non hai vontade de retirar o fuel, nin de cartografiar os depósitos de fuel, nin de estudar o xeito de extraelo. A filosofía é non darse por advertido porque retiralo obrigaría a un forte investimento", denuncia o coordinador da Comisión Científica de Nunca Máis, que engadiu que

"isto supón continuar coa mesma filosofía coa que se xestionou a crise do *Prestige*, ignorando o aspecto técnico e científico e dándolle a resposta política de negar o problema".

Rubido menciona dous informes do Instituto Español de Oceanografía, os dous non difundidos oficialmente, que si recoñecen a presenza de fuel. O primeiro deles, do que é autora Nélida Pérez Contreras, transcendeu e é relativamente coñecido. Nel afirmase que se atopa fuel nas redes no 77% dos lances con artes de arrastre. O segundo dos informes, de elaboración máis recente, transcendeu só en parte. Para a súa elaboración realizáronse lances científicos e das súas conclusións extráese que a maior cantidade de fuel sitúase entre 120 e 200 metros de profundidade.

Aínda que os informes recoñecen a existencia de fuel e o vídeo de Nunca Máis confirma

este extremo, o Estado só admite a presenza de combustíbel no Parque Nacional das Illas Atlánticas, pero non no resto da plataforma continental e nas bocas das rías. O recoñecemento da presenza de chapapote nas Illas Atlánticas débese a que depende do Ministerio de Medio Ambiente, non do de Fomento nin do de Agricultura e Pesca.

Para Xaquín Rubido, a "teima do Goberno de negar a presenza do fuel e de ignorar as posibles consecuencias é negativa, pero si toman a decisión de abrir

a pesca, a situación empeora porque levan ao sector productivo a realizar prácticas non desexábeis como a limpar o peixe con fuel para podelo vender. Non sabemos qué consecuencias pode ter isto porque non hai estudos que o aclaren". ♦

**'A filosofía é non darse por advertido porque retiralo obrigaría a un forte investimento'**



Só os mergulladores da Armada teñen autorizado o acceso aos fondos mariños das Cies. PACO VILABARROS

## Filmacións obtidas clandestinamente

O proceso de filmación do vídeo presentado pola Plataforma Nunca Máis requiriu botar man da imaxinación e de certas doses de clandestinidade. Aínda que en teoría só está en vigor unha prohibición para filmar os fondos do Parque Nacional das Illas Atlánticas, tomar imaxes de calquera parte do litoral da Costa da Morte pode implicar algún tipo de sanción por realizar a inmersión sen autorización, por iso os mergulladores que gravaron o fuel nesta zona tiveron que ter moito coidado.

No Parque Nacional das Illas Atlánticas as dificultades acentúanse. No seu día, prohibíuse a presenza de mergulladores civís porque ademais de recoller fuel, filtraban datos sobre a situación dos fondos, datos que contrariaban ás autoridades. A consecuencia é que a zona está dominada pola Armada e que os civís teñen vedado o seu acceso.

Na actualidade, as imaxes que proveñen dos fondos mariños das Cies obtéñense aproveitando as labores de mostraxe biolóxica que realizan as

confrarías de pescadores.

"Desde terra teñen vixilantes e desde o mar anda a patrulleira da Armada, *Tabarca*", afirmou un dos mergulladores que tomou as imaxes dos fondos das Illas Cies. Este mergullador denunciou a abondosa presenza de fuel nesa zona, así como en toda a plataforma continental e nas bocas das rías. Ademais, o mergullador tamén denunciou que "aquí, nas Cies, a Armada non está a limpar nada, só prospecta algo os fondos, pero limpar non limpa". ♦

## Despois do fraguismo

MIGUEL BARROS

Galiza verase logo abocada a unha situación que porá a proba a capacidade da súas forzas políticas para dar resposta ás necesidades de gobernación do País. O postfraguismo é un escenario inmediato caracterizado polo baleiro que provoca a retirada do gobernante da dereita máis colosal dende Cánovas.

Fraga, evaluado dende a historia da segunda metade deste século, ten méritos sobrados para optar a un posto sobranceiro no Olimpo dos políticos máis singulares e capaces da dereita en España e en Europa. Na miña apreciación ninguén coma el conqueirou a reunificación da dereita, a súa disciplina organizativa no seo dunha forza constitucional e a reconversión de amplos sectores ultramontanos, a labouira da construción da democracia en España. Co lema "galego coma ti" entrou na política en Galicia

e puxo o seu entusiasmo e capacidade ao servizo dun proxecto autonomista, que el aceptaba con toda caste de reservas no período constituinte.

Tal capacidade de adaptación e flexibilidade colocou á esquerda socialista e nacionalista mesmamente á defensiva. A súa última boutade foi o anuncio da maduración das condicións para chegar a acordos co BNG, e ante o asombro de Madrid, Fraga defendeu ante Arenas e os homes de Genova15 a constitucionalidade do Bloque Nacionalista Galego.

Pero o peso esmagador da súa figura pasa factura ao seu partido, xa que logo, no horizonte político da dereita non albiscamos outro sucesor digno do León de Vilalba máis ca o pontevedrés, e ministro da presidencia Mariano Rajoy, e a súa presenza en Galicia demandaría unha reconversión que dubidamos sexa posíbel no caso de Mariano. Así as cousas no campo da dereita o máis económico, politicamente falando, para o País sería probar a capacidade e pulso dos partidos da oposición. Nacionalistas e socialistas serían sometidos a unha exame de madurez, os nacionalistas acadarían unha

experiencia indispensable para ser un partido institucionalizado, responsábel e capaz de xerar confianza. Para os socialistas galegos sería a proba definitiva para revalidar o seu título de galeguista, despois da fase constitutiva da autonomía, a capitalidade e o goberno tripartito.

O principal problema da coalición socialista-nacionalista céntrase no carácter presidencialista da alcaldía. Todos sabemos que o resultado do bo traballo dun goberno sempre acaba capitalizado por quen o preside e fronte a esa evidencia non cabería ensaiar gobernos bicéfalos ou tricéfalos, cousa difícil e escasamente rentábel politicamente. Para compensar este desequilibrio convén aceptar como guía da actuación o veredicto electoral, concedendo a Alcaldía ao partido da coalición máis beneficiado polos electores, pactando, despois un programa priorizado da actuación e formando un goberno paritario. A execución do programa pactado sería unha ocasión para demostrar a cualificación dos concelleiros e permitiría aos partidos seleccionar candidatos en función da súa capacidade de xestión, administración e goberno. ♦

# A lei establece que as partes poderán utilizar as dúas linguas oficiais

## A Mesa denuncia á xuíza que lle abriu expediente a unha avogada por utilizar o galego

**A.N.T.**  
**A Mesa pola Normalización Lingüística ven de denunciar á xuíza titular do Xulgado de Primeira Instancia de Muros perante a Comisión Disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial por inadmitir a trámite unha demanda de divorcio formulada en galego e abrirelle expediente á avogada que a presentou.**

“A actuación da xuíza atenta contra a liberdade de expresión en Galiza e manifesta o seu descoñecemento de normas fundamentais”, explica Carlos Manuel Callón, presidente desta asociación. “Calquer cidadán ten dereito a un xuízo sen dilacións indebidas e con todas as garantías. Cando isto non é así, a xustiza tamén debe actuar para que se restituán esas garantías, entre as que está algo fundamental como o dereito ao uso da lingua propia”, engade.

A Mesa mantén que xuíza “prescindiú de todas as normas relativas ao uso das linguas autonómicas nos procesos xudiciais, chegou mesmo a considerar o uso do idioma cooficial como un erro emendábel e inventou unha causa de suspensión do trámite de admisión da demanda non previsto en ningunha norma”. Considera tamén esta asociación que “a credibilidade da Xustiza pasa porque sucesos deste tipo non se volvan repetir”.



A avogada expedientada, Isabel Castillo, na manifestación do 17 de maio en Compostela.

### Fundamentos legais

A Lei Orgánica do Poder Xudicial, lembran desde a Mesa, esta-

blece no seu artigo 231.3 que as partes poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma tanto en mani-

festacións orais como escritas. Ademais recorda este artigo no punto 4 que as actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados neste idioma oficial terán, sen necesidade de tradución para o español, plena validez e eficacia e que, no caso de ser precisa unha tradución, esta debe ser efectuada de oficio polo propio órgano xudicial.

O presidente da Mesa cualifica como “un feito de enorme gravidade que a xuíza manifeste ese descoñecemento da norma cabeceira do sistema xudicial español e que, frente ao seu descoñecemento da normativa que debe aplicar, se permita responder cun procedemento sancionador contra a avogada que lle recordou as súas obrigas e a normativa aplicábel”. ♦

## Emoción e decepción ao redor da lingua galega

XAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ

Creo que un futuro en galego é posíbel, como se salientaba a semana pasada na portada de “A Nosa Terra”. Ten que ser posíbel, pese a casos de persecución xudicial como o que sofre a avogada Isabel Castillo, expedientada por presentar escritos en galego. Ten que ser posíbel porque non podemos deixar que nos convertan en orfos da lingua.

Sen embargo este ano, a festa das letras galegas foi para min unha mestura de emoción e decepción, case vergonza persoal pola realidade social, da rúa. Foi emocionante porque tiven oportunidade de manter, nas incomparábeis escaleiras da praza da Quintrana, un encontro cun grupo de catorce rapaces cataláns que formaban parte dun grupo máis grande desprazado a Galicia como premio

por seren estudantes de lingua galega. Dixeríno como o sentía. Máis ou menos así: “Síntome tan emocionado coma se me acabases de dicir que queredes moito a miña nai. Sentir que en Catalunya hai rapaces do voso tempo que deciden apuntarse a aprender lingua galega échome de emoción”.

¿Eran todos descendentes de emigrantes galegos? Nin moito menos. Só un deles, o meu sobriño Hugo, descendente en primeira xeración. E había tamén unha rapaza neta de galegos emigrados á Arxentina, filla de arxentinos de orixe galega asentados en Catalunya: todo un paradigma de tantas historias de emigración. Puiden adiviñar que a decisión dos outros doce podía ter algo que ver –se cadra moito– coa devoción

polo galego da súa profesora, Lluísa Soaz, tamén filla de galegos e tradutora ao catalán de Carlos Casares (“Deus sentado nun sillón azul”) ou Manuel Rivas (“Ela, maldita alma”, “O lapis do carpinteiro” ou “¿Que me queres, amor?”).

Os rapaces viñan coa ilusión de observar o nivel de uso do galego nas rúas das cidades galegas, coa idea de facer comparanzas co seu coñecemento directo sobre o uso do catalán na súa terra. Despois de pasaren por A Coruña e Santiago xa estaban convencidos de que, polo menos nas cidades, non había comparanza posíbel.

O catalán era a única lingua que se oía entre eles e mesmo se atrevían a botar unhas parrafadas en galego pero quedei convencido

de que volverían a Catalunya envoltos nun mar de dúbidas, por estar a aprender unha lingua pouco apreciada, cando menos pouco usada, polos galegos. Esa foi a miña impresión despois de despedilos, antes de que fosen ata o cabo do mundo.

Días despois sentín necesidade de chamar a Lluísa para saber cómo acabara a viaxe para os rapaces, despois de visitaren Fisterra, Carnota e Lugo. Por sorte, as súas impresións cambiaran. E sentínme un pouco mellor cando me asegurou que o grupo estaba decidido a seguir estudando galego no curso que ven. Por este camiño, algún falante máis teremos. En Catalunya. ♦

XAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ é escritor.

### POSONEJRO

posonejro@yahoo.es



## Ave, Silverio

PERFECTO CONDE

Que non se alarme ninguén. Non vou falar das municipais nin da enésima vez que un importantísimo grupo téxtil aparece relacionado coas miserias que aínda lle quedan ao mundo actual, e conste que me sangra a lingua de tanto trabar nela para impedirme a min mesmo laticar sobre a peste máis abominable que non somos capaces de erradicar: a escravitude de homes e mulleres en forma de explotación laboral.

Aínda que lles pareza mentira non vou dicir nada, de momento, acerca de Baviera nin de Sicilia. Tampouco hei chancear sobre a irrealidade que acontece na realidade nin buscar metáforas onde só hai analoxismo estéril e desecante. Por primeira vez na miña vida síntome anacrónico, anafórico, anafilático, anagóxico, analéptico, anafrodisíaco e analfabeto. Coido que ata podía dicir que me sinto anarquista, por non saírme da inmensa restra de palabras con alfa privativa. Iso si, anarquista insolente, que era como se sentía o grandísimo pintor Laxeiro, aquela boísima persoa que tamén era de Lalín pero que non se debe confundir con ese político que Fraga botou da súa cama para seguir durmindo con el na alfombra.

Hoxe, lectores e lectoras, analistas e analistas, intérpretes e intérpretes, profetas e profetas, políticos e políticas, mulleres e mulleros, listos e listas (foder, por fin saíame ben), vou falar dun amigo que me morreu hai un ano e que agora recupera o

sitio que lle corresponde na memoria colectiva de Galicia. Refírome ao asturiano Silverio Cañada, editor da primeira gran enciclopedia que se fixo en Galicia, cando a década dos setenta corría cara a súa primeira metade.

Daquela, e sei abondo ben do que falo, Cañada era o quixote dos libros non só na súa patria de Asturias, onde tiña en marcha moi avanzada a *Gran Enciclopedia Asturiana*, senón tamén na edición estatal, con coleccións tan pedagóxicas e fundamentais como *Los Poetas* ou *Los Juglares* e editoriais que foron tan influentes como Júcar, por exemplo. Cando chegou ao mercado libreiro de Galicia, en 1972, o patio estaba para poucas carreiras e tivo –tívemos– que editar en castelán a *Gran Enciclopedia Gallega*, obra fundamental sen dúbida para “corporizar” a cultura da nosa terra. A todos, e a el o primeiro, quedounos cravada unha espiña no corazón que Silverio Cañada non foi quen de arrincar en vida.

Gracias á nobre iniciativa dos editores de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* –vai por vós, Branca Montenegro e Pepe Cora– e á dedicación dun veterano da “anterior” enciclopedia de Cañada, Benxamín Casal, esta mesma semana chega ao mercado a *Gran Enciclopedia Galega*, escrita no idioma que non puido ter en 1972, en galego. Ten, ademais, para min, o mérito de homenaxear o nome do seu promotor engadíndoo ao título da obra, algo que os amigos e os herdeiros de Cañada, que cederon os seus dereitos á empresa editora de Lugo, temos que agradecer pola súa xusteza.

Ave, Silverio, aló onde esteas, e toma unha “sிடrina” á miña saúde, que xa non é tan boa como a que tiña cando ti e máis eu andabamos de farra. ♦

# A fortaleza do euro

MANUEL CAO

As análises realizadas arredor da continua apreciación do euro respecto do dólar acusan un componente político importante ao que compre engadir a valoración de determinados grupos de interese ou empresas que se sinten directamente perxudicados. Dende o punto de vista económico-financieiro, existen razóns dabondo que xustifican esa apreciación. Os déficits actuais e acumulados da balanza comercial, o déficit fiscal, a escasa capacidade de aforro e o diferencial de tipos de interese da economía norteamericana respecto da área euro explican a caída inexorable do dólar nos mercados internacionais. Moitas veces, téndese a ver unha man agachada nas principais decisións e mecanismos evolutivos da economía de xeito que para uns serían os omnipotentes grupos de poder dos EE UU os que estarían detrás da depreciación calculada do dólar para exportar desemprego e deflación aos mercados europeos coa finalidade de lastrar a economía da "vella Europa" nas súas posibilidades de medre e de paso minar a consolidación do euro e da propia UE. Nesta visión, o BCE cumpriría a función de "tonto útil" para restaurar os equilibrios da economía norteamericana que sería a única capacitada de tirar da economía mundial. Este grupo de analistas son os mesmos que tendían a lairse da febleza do euro alegando a súa incapacidade para competir co dólar como moeda de reserva dominante na economía mundial e acentuando as críticas á Unión Europea como anano político ao tempo que traballaban con ardor para que tales predicións se cumprisen apoiando a política exterior da Administración Bush, minando os avances da UE desde dentro e dificultando a súa consolidación institucional interna e externa como ente autónomo con intereses comúns ben definidos no escenario socioeconómico global.

A fortaleza do euro ten vantaxes e inconvenientes para a economía europea prevalecendo as vantaxes para o conxunto pero con valoracións diferentes segundo países, sectores e empresas dependendo das súas características estruturais e as relacións comerciais e financeiras. Un euro forte consolida á Unión Europea política e financeiramente, abarata os *inputs* básicos nominados en dólares reducindo a inflación, favorece a compra de activos e os investimentos noutros países e incentiva a toma en consideración do euro como moeda central do sistema monetario internacional por investidores e financeiros. A estrutura económica da UE aparece como equilibrada dende o punto de vista dos fluxos comerciais e financeiros e goza dunha solidez e solvencia nas variábeis macroeconómicas básicas e na calidade das políticas públicas aplicadas moi superior a calquera área económico-institucional de tamaño comparable. As reformas parciais no sistema de benestar que se están implementando mellorarán, máis aínda, os niveis de consistencia das estruturas de seguridade socioeconómica e renovarán os contratos interxeneracionais facendo compatíbel a estabilidade e cohesión social interna coas esixencias da globalización e a competitividade internacional.



P. VILABARROS

Nese contexto, o euro é un instrumento máis e do mesmo xeito que a revaluación do marco non dificultou a competitividade da economía alemá tampouco o euro debe ser atranco para unha estrutura productiva e institucional que debe ofertar bens e servizos de alta calidade e valor tecnolóxico nos que a variábel prezo non é decisiva. Ademais, a área euro é unha economía moi integrada na que predomina o comercio intraeuropeo e o feito de que existan empresas ou sectores específicos con moito risco comercial na área do dólar non debe reorientar unha política monetaria moi coadogada e estábel que, en calquera caso, está en condicións de reducir as taxas de interese para intentar reactivar a economía europea dando un alento á demanda interna. ♦

**‘A fortaleza do euro ten vantaxes e inconvenientes para a economía europea prevalecendo as vantaxes para o conxunto’**

Suman o 20% da Empresa Nacional de Autoestradas

# A Autoestrada do Atlántico adxudicada ás caixas

**A.N.T. O Consello de Administración da Sociedade Estatal de Participacións Industriais, SEPI, adxudicou ao consorcio do que forman parte as caixas galegas de aforros a privatización da Empresa Nacional de Autoestradas, ENA, matriz da Autoestrada do Atlántico.**

O consorcio no que se integran as caixas galegas vai desembolsar 1.586 millóns de euros pola privatización. Esta entidade está integrada pola construtora Saeyr (50% do capital), o Banco Santander Central Hispano (20%), Caixanova (10%), Caixa Galicia (10%), Torreal (5%) e Caja el Monte (5%).

A privatización de ENA, da que a Autoestrada do Atlántico é o seu principal activo, prodúcese sen que se procedese con anterioridade á supresión da peaxe en treitos moi demandados, como son o de Rande a Vigo ou o da Barcala á Coruña. De todos xei-



A Autoestrada do Atlántico é o principal activo da Empresa Nacional de Autoestradas.

tos, a presenza das caixas galegas no consorcio que se adxudicou a privatización supón a priori unha actitude favorábel aos intereses galegos na xestión da principal vía que estrutura o eixo atlántico.

Ademais do consorcio no que

se integran as caixas galegas, outros tres grupos optaban a facer-se coa privatización de ENA. As catro entidades presentaron o luns 26 as súas ofertas na sede da SEPI, para que esta sociedade emitise o fallo o mércores 28. ♦

# Riobó

XESÚS REDONDO ABUÍN

Foi dos imprescindibles daquela. Cando aquí dicir non señor mandaba hostia. Foi dos indispensábeis ata hoxe. Que manda nado dicir non señor aínda que non mande hostia. Hoxe é un revés imenso a súa ausencia. Prematura e imperdonábel ausencia. ¡Qué eran 58 anos para el! Nacer naceu para morrer de vello. Todos os rapaces do barrio de Esteiro nacían daquela para morrer de vellos contra vento e marea. De nada valeu. Acabaron con el. Non a tiros como pasou con Daniel e Amador aquel 10 de marzo, que os honra e que nos honra, senón pola vía do aforro nos custos de produción. Non haberá quen encha o oco que deixa. Que nos deixa. Non á viúva e ao fillo e aos netos soamente: á clase obreira, á de Ferrol e á do mundo enteiro. Riobó é para sempre unha febra da musculatura da patria proletaria prioritaria: o Convenio. A patria dos asalariados ten pouco que ver coa patria dos burgueses.

Resumidas contas a patria básica da clase obreira ven sendo o salario a secas, así de esguizara, así de penca, ou a pensión de aguanta e tente teso, máis aínda que esguizara, máis aínda que penca. A patria dos que non temos máis que a forza de traballo para vender é o pan, a cultura e a liberdade. Basicamente. Triloxía para nós case sempre utopía, case sempre penca ou máis que penca. Para a patronal é o carteira. Carteira que non enchen co suor seu senón co alleo. Si, señor, alleo. Que se deixen de leria. Cando eles e nós dicimos patria non estamos dicindo o mesmo. Ben o saben eles. O himno e a bandeira están ben, están moi ben, para nós tamén, non menos que para eles, pero primeiro é comer e vivir ergueitos. Que non nos deixan. Se por eles fose recibiríamos o estriamente indispensable para reponer forzas para a seguinte quenda. Fame e sede eles non saben que cousa é. E saben ben como seguir sen sabelo. Por iso tiran ominosamente da plusvalía contra os salarios como tiran os cans dos ósos cos dentes. Esa é a diferenza entre nós e eles: para nós a patria verdadeira é a xente, toda a xente, incluso eles, e para eles é o carteira. Si señor, a carteira. Alentan pola conta corrente. Nese terreo non parten peras con ninguén. Riobó e nós somos tan territoriais coma o que máis. Pero temos que facer encaixe de palillos cada día no duro oficio de vivir para saír indemnes. Pa-

ra Riobó xa imposible. Sí, o himno e a bandeira teñen o seu aquel, claro que sí, pero despois da barriga chea. Se o saberán eles. Que sempre a teñen. E collen e din os que lle sobra de todo que non só de pan vive o home. Que ben soa fonoxenicamente. O que non din os moi filisteos é que se o pan nos falta morremos. De feito a fame mata trinta mil almas diariamente, que tamén a saúde da alma se tramita nas oficinas da barriga. Si, señor, nas oficinas da barriga. Que non nos veían con místicas. O afán de lucro é o que os move a eles. Para eles o demais é o de menos. Na miña profesión ata nos taxaban a madeira: catro bastidores, sete mampostas e seis bastóns por picador. Así pasaba o que pasaba logo. Foi a cobiiza do patrón o que fulminou a Riobó. Non outra cousa. Vestido de domingo non colleu el a asbestose. Colleuna porque as normas de seguridade e hixiene no traballo as pasa a patronal polos co-

llóns. Qué lle importa a eles que o amianto mate. Para eles o que conta é a conta de resultados. Foi o que levou por diante a Ribó. Era resolto. Vivaz. Non era capaz de achantarse nun momento dado. Nun momento dado soubo que lle entregaban a UGT o local do Sindicato Vertical e que a CCOO lle daban esquinazo, trazou na súa cabeza o equitativo medianil imaxinario, arrancou cara o local, trazou o medianil imaxinario cunha tiza no chan, e escribiu o disuasivo aviso seguinte: que ninguén traspasase esta raia sen pedir permiso antes. Houbo que acatalo. O concepto equidade adquiría no seu corazón a súa dimensión exacta. Era o vigor o que lle fervía a cachóns no sangue. Agora alá vai. Estámolo enterrando. Qué ben estaría que o seu nome tardase pouco en figurar no nomenclátor de Ferrol. E aínda mellor estaría que ao pé do de Segundo Vilaboy, Paco Filgueira e tantos outros figurase nos textos de Historia en letras de ouro. Non digo que Suárez non meza o título de duque que lle deron. Non. Digo que Riobó foi dos que apuraron o cálice de corenta anos de represión. Gracias por todo, camarada Riobó. ♦

\*José M<sup>o</sup> Riobó Millán é dos que máis fixeron en Galicia pola transición: foi dos máis significados nos acontecementos do 10 de marzo do 72, formou parte da primeira Executiva do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia e foi o primeiro secretario xeral da Unión Comarcal de Ferrol.

# Os socialistas redefinirán o discurso para conservar a maioría electoral

## Os resultados do 25-M poderían atrasar a saída do PP da Moncloa

**CÉSAR LORENZO GIL**  
**Zapatero e Aznar saíron vitoriosos do 25-M. Os socialistas conseguiron a maioría dos votos. Os populares manteñen a súa supremacía no número de concelleiros e comunidades autónomas gobernadas. O 'efecto Zapatero' e o ambiente social en contra do PP non foi suficiente para culminar o cambio cara á esquerda.**

José María Aznar utilizou a alcaldía de Madrid para reivindicar a validez do discurso do centro-dereita. Desde a rúa de Génova de Madrid, o presidente, amparado por Ana Botella, Rodrigo Rato, Alberto Ruiz-Gallardón e Esperanza Aguirre, lembraba diante dos seus siareiros, a vitoria. "Quixeron tirarnos do mapa e non o conseguiron". Cos mobles salvados, Aznar continúa a empregar unha prosa de combate, sabedor de que a campaña electoral cara ás xerais do 2004 xa comezou.

A vitoria na capital non foi a única. O PP conquista seis das oito capitais andaluzas, gobernará en Burgos, Valladolid, Oviedo e Xixón. O seu poder municipal só ten un inimigo. Naquelas localidades nas que non obtivo maioría absoluta, funcionarán mecanicamente os pactos de progreso. A dereita só libra unha batalla cos independentes —moitas veces escindidos do PP— pola supremacía de todo o arco electoral non esquerdistas.

Contodo, o Partido Socialista quere ser positivo. O aumento de votos recibidos polos socialistas é notábel e convérteo no gañador en bruto dos comicios. Pero fóra deste cómputo, o principal partido da oposición decatouse de que a sociedade española aínda non está por un cambio na Moncloa. O gabinete de José Luis Rodríguez Zapatero decatouse de que quizais teñan que volver ao plano de ruta anterior á desfeita do *Prestige*.

Na sede de Ferraz, as cifras alcanzan condición de cábala. Para moitos, o seguidismo do PP en temas centrais, como a "cruzada" contra o PNV poden prexudicalos. Segundo as teses do alcalde de Donostia, Odón Elorza, é o momento de rachar a entente constitucionalista e reiniciar o diálogo transversal no nacionalismo vasco, ao igual que pasa co galego ou o catalán, co que colaborarán sen rubor para garantir a gobernabilidade en moitas localidades. ♦



ERC foi unha das forzas con mellores resultados. Arestora é o quinto partido con máis votos en todo o Estado.

### Barcelona

## Sen plano de rota para as autonómicas

A. MARQUÈS

**A fragmentación do voto obriga a diferentes pactos. Os partidos pequenos toman posicións de cara ao relevo, o vindeiro outono, da Generalitat.**

esperaban destas eleccións con carácter de primarias de cara ás autonómicas do próximo outono, non son os que se esperaban. Aínda que recolleron novos votos nalgúns locais, o electorado castigounos con especial dureza en Barcelona onde os socialistas chegaron a perder ata cinco edís. O alcalde Joan Clos acusou este retroceso e culpou del á intromisión de temas de política xeral na campaña. Que llelo digan ao líder do seu partido, Pasqual Maragall, que pasou eses quince días de vila en vila facendo a súa propia campaña de cara ao outono. Non só iso, senón que ademais se permitiu o luxo de protagonizar un dos típicos episodios políticos aos que non ten afeitos o señor Maragall desempeñando unha polémica que se intentou deixar atrás en Catalunya como o da pureza de sangue —textualmente— para referirse a quen é catalán e quen non e que, segundo el, utilizan os de CiU. Quedou só, Maragall, outra vez.

Os verdadeiros gañadores destas eleccións foron os dos partidos pequenos (Esquerra Republicana de Catalunya e Iniciativa per Catalunya), os que non pararon de darlle a vara, que loitan por segundos de gloria en radios e televisións e que foron coma unha parte importante dos medios de comunicación enviaban estudantes de periodismo becados para cubrilos informativamente. Eses, ao final, conseguiron facerse oír e o seu discurso, quizá por eliminación, calou. O que quedou claro despois da análise de cifras é que ámbolos recolleron os votos do descontento xeneralizado. Por poñer un exemplo, os votos dos que protagonizaron as zoladas e manifestacións en contra da guerra leváronos eles, en parte, e non os rendibilizaron o PSC, tal e como esperaba. Esquerra Republicana de Catalunya conseguiron dobrar os votos en Barcelona e no conxunto de municipios cataláns. Así, exírese como a principal formación gañadora destes comicios

e sitúase nun inmillorábel posto para flirtear tanto con CiU como co PSC de cara ás autonómicas. De feito, tanto converxentes como socialistas xa foron chamar á porta de Esquerra para ver que poden sacar de bo para as autonómicas. Espéranos un Josep Lluís Carod Rovira, secretario xeral dos republicanos, rebosante de orgullo. O mesmo domingo pola noite, poñíamolo ver con camisa folgada, as mangas refuxidas, falando polo teléfono móbil, andando de arriba para abaixo sen cesar de sorrir, sabedor do seu *sex-appeal* político. Agora empeza o xogo da sedución, das condicións, do 'unha de cal e outra de area. E polos resultados, mereceno. É moi gráfico: convertéronse na quinta forza máis votada en España, por encima do PNV.

Os de Iniciativa per Catalunya conseguiron tamén os mellores resultados dos últimos anos e vai xurdir unha gran negociación postelectoral co PSC para que estes

gobernen nuns 40 municipios. O éxito de Iniciativa recae tamén na concentración de votos de protesta pola guerra do Irak, especialmente en Barcelona. Conseguiron tres concelleiros máis (quedaron con 5 na capital catalana), a pesar de dirixir, con mala xestión, durante os 12 últimos anos a área de vivenda no consistorio, un tema complicado e ao que os cidadáns parecen moi sensíbeis.

Os que teñen motivos para estar eufóricos son os do Partido Popular. Esperaban un gran desastre, anunciado polo ambiente de protesta xeral. Pero non foi así. Pagaron algo disto pero gañaron 40 mil votos. No total de Catalunya perden un cento de concelleiros pero melloraron nas grandes cidades. En Barcelona —recordemos— capital mundial da paz hai tan só dous meses, loxaron un concelleiro máis que nas últimas eleccións (pasan de 6 a 7) cando Alberto Fernández Díaz, que encabezaba a lista, contaba con cinco. Algo máis difícil aínda conseguiron os populares: subir en Girona capital. Algo difícilmente explicábel.

Os que pretendían que os resultados do 25 de maio marcasen o camiño dos do outono en Catalunya no puideron quedar contentos. Máis ben desorientados porque nos próximos cinco meses pode pasar de todo. Dados os resultados podemos ver pactos de todo tipo a medida de proba de cara ao futuro goberno catalán. ♦

Coma sempre, a maioría dos partidos gañou e case que ninguén perdeu. Os únicos que aceptaron a derrota, aínda que cunha vez bastou-lles, son os de CiU. Estes pagaron caro en comarcas de Tarragona o seu apoio velado ao Plano Hidrolóxico Nacional (de poco lles serviu a súa oposición de última hora). Manteñen sen embargo a capital tarraconense, a única das catro capitais catalanas que non é socialista. É, polo tanto, un bo resultado psicolóxico. En Barcelona pasou o que querían evitar. Poñendo como xefe de lista un home coñecido como Xavier Trias, cunha imaxe pública de home afábel e franco, pretendían superar os resultados do 99, un fracaso total, da man de Joaquim Molins. Ninguén agardaba uns resultados peores ca eses, pero así foi. Con Trias, CiU apostaba, o primeiro día de campaña, por conseguir 14 concelleiros. A medida que se achegaban as municipais e facíanse públicas as tradicionais enquisas nos medios de comunicación, as expectativas foron baixando. Trias falaba de 12 concelleiros. ¿O resultado? A pesar de recoller dez mil votos máis, quedaron con 9 concelleiros, un menos dos conseguidos por Molins no 99. Aínda que o voto de Barcelona nunca lles fixo gañar unhas autonómicas, o nó na gorxa é inevitábel, pensando nas eleccións do outono sen o efecto Jordi Pujol.

Os socialistas véndense como gañadores pero tamén lles tremen as pernas. O golpe de efecto que



# O estatus dos gobernos rexionais favorece a fidelidade ao poder

## O voto autonómico, o máis estábel

**C.L.**  
As eleccións autonómicas en trece comunidades e as cidades de Ceuta e Melilla deixaron poucas novidades nos seus respectivos gobernos. O estatuto rexional, que non cobra impostos pero manexa inxentes orzamentos, concrétese en mandatos que xa parecen eternos, como os de José Bono en Castilla-La Mancha ou José Luis Rodríguez Ibarra en Extremadura. Os latifundios socialistas parecen máis ca nunca morgados das ordes de cabalería, enormes condados onde só as fortes personalidades destes líderes garanten resultados espectaculares (Bono ten o 62 por cento dos votos na súa comunidade), tal e como se confirma ao detectar unha forte presenza da dereita nas cidades (só Cuenca e Albacete terán a mesma cor do goberno autonómico).

O PSOE tamén gobernará Asturias co apoio de Izquierda Unida. Vicente Álvarez Areces perdeu dous escanos desde o 1999 e enfrontarase tamén con dous alcaldes populares nas dúas principais cidades do Principado. En Aragón, Marcelino Iglesias apróvéitase do Plano Hidrolóxico e pode converter a Chunta Aragonésista nun partido gonzo na comunidade. Contodo, o triunfo máis gozoso foi a Comunidade de Madrid. A queda de votos do PP por mor da baixa de Ruiz-Gallardón aupou o socialista Rafael Simancas ao goberno, gracias a ese pacto case que xeral que unirá o PSOE con IU. Izquierda Unida pode gabarse de servir de fondo de vaso da esquerda en Madrid e Asturias, amais de Euskadi. O coordinador da coalición, Gaspar Llamazares, considera que este modelo

Resultados Eleccións Autonómicas				
	PP	PSOE	IU	OUTROS
Aragón	22	27	1	(PAR) 8 (CHUNTA) 9
Asturias	19	22	4	
Baleares	29	15	2	(PSM) 4 (Pacte) 5 (UM) 3 (APF) 1
Canarias	17	18		(CC) 22 (Outros) 3
Cantabria	18	13		(PRC) 8
Castilla-La Mancha	18	29		
Castilla-León	47	32		(UPL) 3
Extremadura	26	36	3	
Madrid	55	47	9	
Murcia	28	16	1	
Navarra	23	11	4	(CDN) 4 (Aralar) 4 (PNV-EA) 4
La Rioja	17	14		(PR) 2
Valencia	48	35	6	

de colaboración "contra o PP" renderá avances sociais xa visíbeis de cara ás xerais. O PP converteu a Comunidade Valenciana no seu máis fiel bastión. Os levantinos parecen servir de barómetro da tensión xeral no Estado, e igual que Joan

Lerma foi un candidato exitoso nos anos de felicidade felipista, a dereita conseguiu encariñar a elite vinculada ao turismo, á agricultura e á construción con propostas favorecedoras como o Plano Hidrolóxico, do que se beneficia tamén o PP da Comuni-

dade de Murcia. Ao tempo, o PP volve ao goberno das Baleares. A presenza do ex ministro Jaime Matas e o estatuto especial de Formentera conseguen que a dereita alcance a maioría absoluta por só 400 votos. A pesar deste triunfo exangüe, a situación fragmentada das illas acabou por desgastar ao 'Pacte de Progrés' que quixo cambiar radicalmente a concepción do arquipélago desde o 1999. O agora vencido Francesc Antich gañou 23.000 votos estériles e unha sona de negociador que lle abrirá portas no PSOE estatal. En Navarra, UPN pode garantir a maioría parlamentaria achegándose a Convergencia de Demócratas de Navarra. Destaca que no Parlamento de Iruña, de 50 escanos, haberá 23 deputados ben de esquerdas, ben nacionalistas vascos. ♦

## Bilbao

# Vitoria do PNV-EA

DANI ÁLVAREZ

O aumento do PSE sèrvelle ao PP para optar a cogobernar Donostia e Gasteiz. Mantense fiel gran parte do electorado da ilegalizada Batasuna.

sentación a pesar do linchamento continuo que lle fan a Javier Madrazo. Os socialistas asentán algúns feudos tradicionais, sobre todo en Guipúscoa: Eibar, Irún, Errenteria; e gañan outros nos que ETA cos seus asasinatos esgazou a convivencia: Zumárraga ou Andoain, por exemplo. A escisión de Batasuna, Aralar, entra en política cunha representación tímida. En Guipúscoa conseguiu concelleiros alí onde presentou lista, agás en Donostia. En Biscaia, algo menos. ¿E que pasou con voto nulo? O voto das candidaturas ilegalizadas é unha cuestión que haberá que analizar con máis tempo. Hai lugares tradicionais da esquerda abertzale nos que se produciu un trasvase de votos a PNV-EA, o caso máis palpábel é Mondragón. Gobernaba HB con maioría absoluta, e agora a coalición de Ibarretxe dobrou en votos aos nulos. Noutros lugares non pasa así, por exemplo, Hernani. Maioría de voto nulo. Tamén pasa isto en lugares máis pequenos, como Lizartza (onde o alcalde será Joseba Egibar). En total, algo máis de 150.000 votos. Estamos falando de moitos votos, ao redor dun 10% da poboación. Os de Otegi piden que lles respecten a representación, algo que a efectos legais é imposible. Pero si se pode abrir un proceso negociador que relaxe os ánimos. Falar coas candidaturas ilegalizadas e que participen na vida municipal dalgunha maneira. Queda claro que hai unha parte do electorado irredutíbel, que non cambia de tendencia por máis que Aznar teime.

Mayor Oreja volveu insistir na súa tese de sempre: pase o que pase, el sempre gaña e o nacionalismo sempre perde. A súa intervención na noite electoral foi de gardar nun marco de ouro. Falou do Plano Ibarretxe, dixo que o resultado era un revés, cando a xente votou *si* ou *non* a unha política de distensión ou de

crispación. A de crispación é a do PP, e a esa dixerónlle *non*. ¿Que pode pasar agora? En realidade, o mapa a penas se moveu, iso si, o nacionalismo afianza a súa presenza. Non é o mesmo gobernar unha Deputación en Galicia ou en Euskadi. As Deputacións vascas recadan os impostos, teñen capacidade legis-

lativa, falamos dunha especie de Parlamentos a nivel provincial. E en dous territorios PNV-EA teñen control absoluto. No caso de Álava PP e PSE non se poden descoñecer. O PSE tamén debería reflexionar, se se atreve a un pacto global co PP pode pagalo nun futuro. O socialismo histórico da Marxe esquerda non perdoa unha alianza con posfranquistas. Foi unha zona moi castigada e por iso a política de Odón Elorza de fuxir do PP foi premiada. Os que non reflexionan son os do PP e dálles igual o resultado das urnas. Que- ren levar a Euskadi ás trincheiras, dividir entre nacionalistas vascos e nacionalistas españois, ulsterizar Euskadi. Iso non funciona e pode pagarse caro. ♦

## NOVIDADE



# CREACIÓN

## O corvo do chapapote

de Luís Rei Núñez

Colección *Froita do Tempo*

Unha historia que aínda está sucedendo. O *Prestige* asfaltou a costa de noxo e un xornalista anulado pola melancolía do fracaso viaxa aos escenarios da desolación.

A NOSA TERRA

## Utopías e soedades

MONCHO LEAL

Nos anos setenta había moita xente nas cadeas de Uruguai por pensar distinto a quen mandaba na ditadura militar. Estaban presas as persoas pero non vencidas. Entre as poucas posibilidades que tiñan nun réxime que lles impedía falar, ler e comunicarse entre eles e co exterior, había anacos de liberdade. Escribíban clandestinamente en papel de fumar, que lanzaban polos barrotes, para que voaran, eles si, sen barreiras. Había outra xente que os recollían, pasándoos dunhas mans a outras. Despois foron editados pola solidariedade en Suecia. Naqueles escritos subversivos había poemas tamén. Coma aquel que proclamaba: *As veces chove/e quérote/ás veces sae o sol/quérote/a cadea é ás veces/sempre te quero*. Sobrevivían pola existencia da palabra. Cóntao o Eduardo Galeano, defensor da Revolución Cubana.

Vargas Llosa, grande coma escritor, insuperábel coma reaccionario e arrependido, ven de presentar a súa última obra con moitos problemas de público, polas súas constantes mentiras referidas a Cuba. Falou do perigo das utopías colectivas, el prefere as individuais, os premios, as entrevistas en papel de grande tiraxe, as reportaxes televisivas, os cócteles que non son Molotov e que teñen, seica, moito *glamour*. El emocionouse cando, mira ti, colleu a nacionalidade española. Xa non era, dixo, un paria peruano.

Quen loita polo futuro colectivo sabe que a súa vida vai estar chea de derrotas, incompreensións, desánimos. Quen fai e vive coma pensa está condenado a momentos de soedade. As complicidades non chegan sempre. Pero é o mellor do xénero humano. Non serán triunfadores guapísimos, a súa beleza non é a das modas.

Vai ser difícil que saian nas fotos das capas dos xornais. Pero son imprescindibles para que os camiños se anden. ♦

O director da famosa película-documental *Bowling for Columbine*, premiada cun Oscar, Michael Moore, responde aquí a idea de que as críticas conservadoras dos medios de comunicación a unha fita ou a un grupo de música lle reducen a audiencia. Moore demostra o contrario. O seu documental e o seu libro, ao igual que os discos de *Dixie Chicks*, véndense agora, segundo el, moito máis.

As críticas a *Bowling for Columbine* incrementan a súa audiencia nos cines

## Carta aberta dun norteamericano disidente

MICHAEL MOORE

Ao día seguinte de criticar a Bush e á guerra nos premios Oscar, a concorrencia aos cines do país para ver *Bowling for Columbine* subiu nun 110% (fonte: *Daily Variety* / *BoxOfficeMojo.com*). A semana seguinte, a gañancia en venda de entradas subiu un 73% (*Variety*). É o lanzamento comercial con máis tempo en cartel de Estados Unidos: 26 semanas consecutivas, e anda imos por máis. O número de cines que a exhiben incrementouse desde os Oscar e mellorou a anterior marca de taquilla en documentais nun 300% aproximadamente. Onte (6 de abril), *Hommes blancs estúpidos* disparouse ao primeiro lugar da lista de best sellers do *New York Times*. Hai 50 semanas que o meu libro está na lista -oito no primeiro lugar-, e isto marca o seu cuarto retorno á primeira posición, algo que case nunca ocorre. A semana seguinte dos Oscar, o meu sitio en Internet recibiu entre 10 e 20 millóns de visitas por día (un día tivemos máis visitas que a Casa Branca!). Os correos electrónicos que recibimos foron de apoio e abrumadoramente positivos (e as cartas de odio foron desopilantes). Nos dous días que seguiron aos Oscar, a xente encargou máis vídeos de *Bowling for Columbine* en Amazon.com que da ganadora por mellor película, *Chicago*. A semana pasada conseguín financiación para o meu próximo documental, e ofrecéronme un espazo televisivo para facer unha versión actualizada de *TV Nation/A horríbel realidade*.

Cóntolles todo isto porque quero contrapoñelo á mensaxe que nos repiten todo o tempo: que se expresamos a nosa opinión política, ímolo lamentar; que nos vai facer dano dalgunha forma, xeralmente en termos financeiros; que poderás perder o teu traballo; que outros se cadra non te contratan; que ides perder amigos, etc.

Tomemos o exemplo da banda de country *Dixie Chicks*. A súa cantante principal mencionou o avergoñada que estaba porque Bush creceu en Texas, o Estado onde ela naceu. Estou seguro de que terán escoitado que a súa marca de vendas fundiuse e que as radios *country* están a boicotear a súa música. A verdade é que as súas vendas non baixaron. Esta semana, despois dos ataques, o seu disco segue no primeiro posto do taboleiro de música *country* da revista *Billboard* e, segundo o semanario *Entertainment Weekly*, subiron do posto seis ao catro nas listas dos máis vendidos durante os bombardeos. No *New York Times*, Frank Rich infor-

ma de que tratou de conquistar unha entrada para calquera dos próximos recitais das *Dixie Chicks*, pero non puido porque están esgotadas. (Na columna de Rich no *Times*, "Bowling for Kennen-bunkport", fai un bo traballo falando sobre o meu próximo film e o impacto que podería ter). O seu tema *Soldado en viaxe* (unha fermosa balada antibélica) foi a canción máis pedida en Internet a semana pasada. Nada así perxudicou. Pero iso non é o que os medios lles van facer crer. ¿Por qué? Porque agora non hai nada máis importante que manter caladas as voces dos disidentes e a de aqueles que se animarían a facer unha pregunta. E qué mellor forma que derrubar a un par de artistas famosos cunha morea de mentiras para que o Xoán ou Xoana do montón reciba a mensaxe ben clara: "Guau, se lle poden facer iso ás *Dixie Chicks* ou a Michael Moore, ¿qué me poderían facer a min?". Noutras palabras, ¡cálense, carallos!

E iso, amigos, é o eixo da película pola que me gañei un Oscar: cómo esos que están no poder usan o medo para manipular ao público para que fagan o que lle din.

Ben, agora as boas noticias (se é que esta semana pode haber algunha boa noticia): non só outros, nin eu, fumos silenciados, senón que millóns de norteamericanos que pensan igual ca nós se nos sumaron. Non deixen que os falsos patriotas os intimiden fixando a axenda ou o debate. Non se deixen gañar polas enquisas que mostran que o 70% do público está a prol da guerra. Lembren que estes norteamericanos preguntados nas sondaxes son os mesmos rapaces (ou os fillos do veciño) que foron enviados ao Irak. Teñen medo polas tropas e foron intimidados para apoiar unha guerra que non querían. E moito menos quererán ver os seus amigos, familiares e veciños cando cheguen a casa mortos. Todos apoiámos que as tropas volvan sás e salvas e todos necesitamos dicilo e facer que as súas familias o saiban.

Desafortunadamente, Bush e compañía aínda non remataron. Esta invasión e esta conquista animáramos a repetilas novamente noutro lugar. O verdadeiro propósito desta guerra foi dicirle ao resto do mundo: "¡Non te metas con Texas. Se tes o que queremos, imos ir a sacarcho!". Para a maioría de nós este non é o tempo para crer nun país pacífico e calado. Fáganse escoitar. A pesar do que conseguiron, este aínda é o noso país. ♦



Michael Moore, director da película e autor deste artigo.

‘Pretenden manter calados os que discrepan e a aqueles que se animarían a facer unha pregunta. ¿E qué mellor forma que derrubar a un par de artistas famosos cunha morea de mentiras?’



Rachel Corrie.

## Unha heroína dos nosos días

A.N.T.

¿Aínda quedan heroínas? ¿Poden existir na nosa época? O lector quizá dubide, cando menos mentres non coñeza o caso de Rachel Corrie, estudante norteamericana de 23 anos e de ideas pacifistas. A primeiros deste ano Rachel decidiu poñer en práctica as súas teorías. Viaxou a Israel e uniuse a un grupo de palestinos que, con outros estranxeiros, participaban en operacións de bloqueo das excavadoras israelitas que derrubaban as casas das familias de militantes da resistencia. En varios correos electrónicos dirixidos aos seus compañeiros da Universidade de Olympia (Washington) Rachel escribiu: "Abaten as casas aínda que teñan xente dentro, non teñen respecto por nada nin por ninguén".

O 15 de marzo, a xoven norteamericana atopábase en Rafah, na fronteira de Gaza, intentando oponerse a unha demolición. "Estaba sentada na traxectoria do bulldozer, o condutor viuna, continuou e pasoulle por riba", contou Joseph Smith, tamén norteamericano e pacifista. "A excavadora botoulle terra por riba e despois chafouna", engadiu Nicholas Dure, outro compañeiro.

Os demais militantes pacifistas presentes no lugar tentaron de todas as formas posibles parar a excavadora, e despois botáronse a axudala, pero xa non puideron facer nada.

As autoridades israelitas desmentiron o suceso a pesar das fotografías e testemuñas que demostraban a súa veracidade.

Rachel e os seus compañeiros denunciaron que cada día dúcias de casas son destruídas na fronteira de Gaza, que os bombardeos derramaron os pozos de auga doce nos campos de refuxiados de Rafah, pozos que non poden ser reparados sen expoñerse ás balas israelitas.

Tanto en Washington coma no resto dos Estados Unidos comezaron a levarse a cabo diversas iniciativas en memoria de Rachel. Ela converteuse nun dos símbolos do movemento contra a guerra de Palestina que está a medrar en Norteamérica. ♦

# Quince países desenvolven a localización vía satélite alternativa ao GPS A UE aproba o lanzamento do programa *Galileo*

**CÉSAR LORENZO GIL**  
Trece países da UE –quedarán fóra Luxemburgo e Grecia– máis Noruega e Suíza decidiron poñer en marcha o programa de navegación por satélite *Galileo*. Este sistema permitirá a independencia europea dos modelos GPS norteamericano e o Glonass ruso.

A independencia industrial, militar e comercial da UE, depende, en gran medida, do desenvolvemento de produtos, sistemas e avances tecnolóxicos. Así o considera a Comisión Europea, quen lle encargou á Axencia Espacial Europea (ESA) o desenvolvemento, dentro do prazo de cinco anos, da rede *Galileo* de localización por satélite.

**Prevese que a empresa Galileo empregue 140.000 traballadores en todos os países participantes.**

O sistema *Galileo* será útil para localizar a posición exacta de calquera receptor unido co satélite en todo o planeta, ben sexa en auga, terra ou aire. As posibilidades comerciais do modelo son amplísimas, xa que van desde a seguranza nos transportes ás melloras no tráfico de mercadorías, o impedimento de accidentes e desfeitas naturais, así como facilitará a extracción de produtos, a mellora na agricultura e a evolución das comunicacións a través de teléfonos móbiles.

A UE calcula que o negocio deste sistema será un dos máis

gorentosos da década dos anos 10 deste século. Prevese que a empresa *Galileo* empregue 140.000 traballadores en todos os países participantes e que os investidores consigan para o ano 2020 uns gaños de 74.000 millóns de euros.

O interese estratéxico deste sistema reside no avance imparábel en moitos sectores da tecnoloxía estadounidense do GPS, un sistema de orixe militar dependente de Washington, que incluso mantén un erro de precisión á mantenta por razóns de seguridade. Gran Bretaña bloqueou durante anos o desenvolvemento do *Galileo*, ao considerar que a súa posta en marcha non era necesaria. Mais Francia e Bélxica, entre outros estados, consideraron que a viabilidade dunha industria mundial potente xurrida na UE dependía en sectores no futuro estratéxicos, coma este. A sede da empresa de *Galileo*, GNSS, estará en Bruxelas. ♦



O sistema Galileo perfeccionará o control do transporte marítimo vía satélite.

## Toledo declara o estado de emerxencia para parar a protesta no Perú

**A.N.T.**

O presidente peruano, Alejandro Toledo, decidiu impoñer o estado de emerxencia no Perú, durante un mes, para contrarrestar as protestas sociais convocadas polos sindicatos de traballadores públicos en todo o país. A situación socioeconómica agravouse durante o mandato do *Cholo*, xa que o crecemento económico contrasta co aumento do paro e unha inflación difícil de controlar.

As mobilizacións populares, que interromperon o tránsito ao cortar diferentes estradas, esixen a rebaixa dos impostos que gravan os produtos do agro, o final das importacións de vexetais e carne e a entrada en vigor de mellores prezos mínimos para o sector. Ao lado dos labregos, 25.000 traballadores da Seguridade Social e do Ensino protestan en demanda de mellores salarios.

Toledo negase a cumprir estas esixencias ao considerar que o orzamento estatal non abonda para saciar as expectativas. A cambio, mobilizou o exército e quedan suspendidos todos os dereitos fundamentais, especialmente o de asociación. A escusa que manexa o presidente peruano é a necesidade de "darles liberdade aos cidadáns que queren transitar libremente." ♦

## Amnistía Internacional denuncia a 'guerra contra o terrorismo'

O informe anual da organización Amnistía Internacional (AI) denuncia o empeoramento das condicións de seguridade no mundo logo de que os EE UU iniciasen a súa "guerra contra o terrorismo". "Unha maior énfase na se-

guridade, lonxe de facer do mundo un lugar máis agradable, fíxoo máis perigoso ao restrinxir os dereitos humanos e socavar o estado de dereito internacional; ao evitar que os gobernos sexan controlados; ao profundar as di-

visións entre persoas de diferentes credos e orixes; e ao desviar a atención de conflitos que se eternizan", explicou Irene Khan, secretaria xeral de AI.

Para Khan, non é comprensíbel que se queira buscar a paz

illando máis de 600 persoas en Guantánamo. "Os EE UU non poden seguir practicando a política de non declarar os detidos prisioneiros de guerra para evitar a fiscalización internacional dos seus actos", explicou. ♦

### Aquí fóra

## Os señores do mundo

**XULIO RÍOS**

Na estación termal de Evian (Francia) infíciase esta fin de semana o cumio do G7, mutado en G8 en 1988 co acompañamento de Rusia e quizais agora, transmitado en G9, coa rechamante participación da China, se ben o seu ingreso formal semella virtualmente imposible en tanto non homologue o seu sistema político. Non basta a economía (socialista) de mercado, importa o liberalismo. Na véspera, un contra-cumio celébrase en Annemasse, onde o mundo asociativo expresará os seus puntos de vista sobre a mundialización e oporá desafíos políticos e sociais concretos aos dosieres económicos que ocupan aos novos señores do mundo.

Non estamos ante unha organización internacional. O G8 é un grupo informal, non ten secretariado nin estrutura algunha, tampouco personalidade xurídica propia, pura entelequia dirán algúns, pero con capacidade dabondo para desvirtuar o significado da cooperación internacional, exercendo de directorio escasamente representativo pero cunha eficacia impositiva fóra de toda dúbida. Chirac, o organizador deste cumio, defende a bondade dunha iniciativa que puxo en marcha Giscard d'Estaing con notábel éxito en 1975. "O que aquí se decida, afirma Chirac, debe implementarse a través das diferentes organizacións internacionais a través dun diálogo ampliado".

O interese esencial deste cumio de Évian vaise centrar en dúas cuestións. En primeiro lugar, medir o nivel de recomposición das deterioradas relacións entre europeos e americanos por mor da guerra contra Iraq. Tradicionalmente, o cumio ven funcionando co que se podería cualificar de "espírito de equipo", pero como mantelo cando un dos seus integrantes, o máis forte, actúa de forma teimudamente unilateral. Fortalecido pola súa vitoria e pola potencia do dólar (á baixa para facer máis competitivos as súas exportacións), Bush pode explicitar unha vez máis a súa capacidade para impoer os seus puntos de vista a unha Europa claramente dividida. Chirac, en coherencia co compromiso que adoptara en Doha, debía propor neste cumio a suspensión das subvencións á produ-

ción agrícola dos países desenvolvidos para favorecer o desenvolvemento dos países máis pobres. Unha iniciativa difícil e comprometida que non facilitará a superación da fractura aberta entre os aliados deste Clube que Bush pasará a presidir en 2004, ano electoral para el.

**‘O achegamento de China é expresión do recoñecemento do seu medre económico, máis de vinte anos a unha media do 8-10%’**

O segundo elemento de interese é a participación de Hu Jintao, elixido en marzo pasado como Presidente da China. Hu asistirá xunto con outros vintecinco xefes de estado ou de goberno que foron convidados expresamente por Chirac como demostración concreta desa vontade de favorecer un "diálogo ampliado". China asiste pois nese grupo de países emerxentes, xunto co Brasil, India ou Marrocos, pero cunhas cifras verdadeiramente destacadas: 13% do PIB mundial

(despois dos EE UU: 21%); terceiro país exportador despois de Estados Unidos e Alemaña, segundo a OMC; se ben cunha renda per cápita de 900 dólares.

O achegamento de China é expresión do recoñecemento do seu medre económico, máis de vinte anos a unha media do 8-10%, e un referendo a Hu Jintao, o seu novo líder, que tentará sacudirse a pésima imaxe do país pola deficiente xestión da crise da pneumonía e comprometer a Bush no problema de Taiwán. Nas últimas semanas, impulsando un plan de choque sen precedentes, Hu Jintao e Wen Jiabao, o primeiro ministro, conseguiron facerse co control da crise e, apoiándose no éxito conseguido, impulsan agora unha significativa política de remoción de cargos que afecta esencialmente ao mapa das lealdades provinciais, todas debedoras do anterior Presidente Jiang Zemin. En Évian, Hu Jintao, gris e sempre discreto nas súas saídas ao exterior, presentarácos os deberes feitos e co interese engadido por parte dos líderes occidentais de averiguar se a súa alianza cos medios de información en China obedece a cálculos inmediatos ou se pola contra, existe algún atisbo de liberalización no horizonte oriental. ♦

**XULIO RÍOS** é director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), [www.igadi.org](http://www.igadi.org)

## O Celta-Dépor máis elitista confirma a falta de motivación coruñesa Lotina vence coas armas de Irureta

**CÉSAR LORENZO GIL**  
O Deportivo chegou a Balaídos temeroso. O Celta recibiu con cautela. O 3-0 final naceu cando os vigueses se decataron de que os coruñeses tiñan a cabeza noutra parte.

Vigo viviu a festa de rivalidade que xa celebrara o Dépor logo do encontro da primeira volta. Mais o pouso da vitoria deixa certa tensión, un sufrimento san á espora de saber se o Celta estará na vindeira edición da Liga dos Campións. Os deportivistas hanse contentar co traballo medianamente ben feito. O resultado deixou o fútbol galego nunha tendencia inversa. Para os celestes, o milagre do cuarto posto está ao alcance da man. Os branquiazuis perden o ronsel do título por culpa de erros propios.

Mais por qué o Deportivo deixou marchar os últimos seis puntos xusto no momento no que lideraban a táboa e tiñan total manexo sobre o resultado final deste campionato. O máis inexplicable deste baixón é a incapacidade dos coruñeses para decatarse do máis obvio: sen fútbol non hai triunfos, máis cando as chaves do teu éxito son tan básicas. Hai que lembrar a dependencia excesiva de Makaay e a máxima de Irureta de vencer xogando desde atrás, nun efecto tirarrollas que en Balaídos nin se percibiu.

En troques, o Dépor preferiu o sopor, a indolencia, a patalaeta de Scaloni pedindo que o rival vitorioso calase para non ofendelo. Nunca tan nervioso se viu a Jabo Irureta en Vigo, nin sequera cando ocupaba o banco local. Mastigou o seu chicle con rabia



O deportivista Scaloni, en primeiro plano, queixouse da falta de humildade dos xogadores do Celta. Reportaxe Gráfica: P. VILABARRO

e toleou para corrixir as posicións de Fran ou Mauro Silva, tan desorientados como se en Vigo correse algún regato subterráneo que varrese a súa memoria.

### ¿Pódese?

O Celta de Lotina non é atrevido. A filosofía do biscafiño trasládase ao seu equipo. O seu xogo é tímido eponse rubio cando o rival aperta de máis. Foi por iso que diante do Dépor, os vigueses estiveron toda a primeira parte

batendo na porta rival. “¿Pódese?”, preguntou Juanfran con tiro inocente que detivo sen problemas Molina. Ninguén respondeu. Era a hora de buscarlle as costas ao adversario.

Edu medra cando ten liberdade no campo. Se se libera da doutrina, sáelle o talento, desta vez en forma de precisa cabezada e oportunismo de libro. O brasileiro foi o estilete necesario para descubrir as perdas de Naybet e Donato, que pasaron o partido arfando, cansos de perseguiren o

rápido Jesuli.

A outra chave do xogo celeste foi o férreo cerrillo co que José Ignacio e Ángel amarraron a Valerón, entrementes Giovanello vivía deitado no céspede cortando canto balón lle caía perto. Lotina venceu a Irureta utilizando a súa estratexia: gañou o partido de atrás cara adiante e non redondeu a goleada con máis tantos porque o Celta volveu padecer ese medo aos minutos finais que sempre o acompaña desde hai xa varias tempadas. ♦



## Festa por sorpresa nas bancadas

O fatalismo céltico converteu este encontro de rivalidade galega nunha cita perigosa. O 3-0 foi, para a maioría da afección, máis sorprendente que a vitoria do PP en Fisterra. Esta desconfianza –e os altos prezos das entradas– deixaron moitos siareiros na casa e por iso Balaídos non luciu o agardado cheo.

Finalmente, o triunfo desembocou nunha festa da clase bacanal, por efémera e froito dunha droga dura chamada gol, que coincidiu en sábado noite, coa cidade chea de camisolas celestes algo manchadas de cervexa. Foi a felicidade para o celtismo de flor de pel, o que se divirte pensando na cara que lles quedou aos coruñeses ou sorrindo con retranca ao escoitar as cantigas dos Riazor Blues.

É certo o que dixo Javier Irureta na rolda de prensa. “O público estivo calado ata que o videomarcador pasou o gol do Madrid en Valencia”. Mais esa obviedade do resultado favorecedor serviu de catarse para esa outra caste de celtistas, os que Lotina chama de calculadora, tan pendentes dos avances propios como dos retrocesos rivais. O incerto da escusa de Irureta reside no feito de que ese berro animoso de Balaídos só serviu de sinal de fogo, de calzador para a ofensiva celeste.

Desde A Coruña as cousas vense mal. Por primeira vez en moitos anos, o Deportivo déixase levar pola desidia, abandona as prazas conquistadas e déixase vencer na hora punta da liga. Para uns, todo responde a unha conspiración para botar o adestrador do vestiario. Para outros, o 3-0 de Vigo quedará como unha metáfora: Makaay tira un penalti fóra co gardamallas batido. ♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGANDINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEJANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS





Ana Romani.

## As historias da radio

*Narradio. 56 historias no ar* é unha antoloxía composta por un libro e catro CDs que publica Xerais con relatos saídos do programa Diario Cultural da Radio Galega, dirixido pola escritora e xornalista Ana Romani. Esta escolma sonora de 56 narradores e narradoras sae á venda nestes días nos que a editorial anuncia, tamén, que entregará os premios Xerais e Merlín o 14 de xuño en Betanzos, ao que optan 22 obras. ♦



La Artística, Vigo.

## Premio Festa da Palabra

A asociación *Feministas Independentes Galegas* e a Concellería da Muller de Vigo convocan o premio de investigación *Festa da Palabra* que nesta súa primeira edición ten como tema “As operarias galegas de *La Artística* de Vigo, desde os seus comezos ata os anos oitenta”. O prazo remata o 20 de setembro e o premio consiste en 4.200 euros e a publicación do traballo. A concellería da muller de Santiago conta desde 1992 co premio Xohana Torres e acaba de publicar o traballo gañador do 2003, *Esquecidas pola historia: as mulleres compostelás entre finais do século XIX e o primeiro tercio do XX*, de Herminia Pernas. ♦




Teolinda Gersão.

## Feira do libro no Porto

Desde o día 28 ata o 15 de xuño celébrase en Porto a 73 edición da Feira do Libro que, nesta ocasión, acolle 127 casetas de editores, distribuidores e institucións. O Pavilhão Rosa Moto é o lugar onde se instalará a grande exposición que conta tamén cun amplo programa de actividades entre as que destaca a homenaxe á escritora Agustina Bessa-Luís que terá lugar o día 10 de xuño. Autores como Vasco Graça Moura, Lúcia Jorge, António Mega Ferreira, Manuel Antonio Pina, Rui Zink ou Teolinda Gersão tamén participarán en distintas xornadas da Feira de Porto. ♦

# Galegas con Virginia Woolf



Nº 1.084  
Do 29 de maio  
Do 4 de xuño de 2003  
Ano XXVI

# cultura

**A** actualidade da cultura galega está estes días tamén en Barcelona onde do 28 ao 31 o VII Congreso Internacional de Estudos Galegos no que participan por volta de douscentos especialistas que debaterán os temas “Mulleres en Galiza” e “Galiza e os outros pobos da Península”. Ata en-

trado o verán o Kiosko Afonso terá aberta a exposición sobre o legado de Miguel González Garcés que coincidirá na Coruña coa mostra do fotógrafo americano Ansel Adams que promove a Fundación Barrié. O venres 30 e o sábado 31 o Circo con todos os seus personaxes enche de imaxinación a Sala Nasa de Santiago. ♦

# Casares en sardo e Castelao en esperanto

## O Consello da Cultura publica un catálogo de traducións da literatura galega

CARME VIDAL

Máis de setecentas páxinas compoñen o *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas* que o Consello da Cultura Galega acaba de publicar a través do seu portal culturagalega.org. Malia a cantidade de referencias, que provén maiormente de antoloxías, a conclusión é que a literatura galega está pouco e arbitrariamente traducida. Non aparece, por exemplo, ningún libro completo de Ferrín en inglés. Na outra beira, Carlos Casares en sardo ou ucraíno e Castelao en esperanto. *Memoria dun neno labrego* vai á cabeza dos máis traducidos xunto cos “Seis poemas galegos” de García Lorca.

A vista do catálogo do Consello da Cultura Galega é fácil tirar a conclusión de que á literatura galega lle falta un plano de proxección exterior. Está pouco, arbitraria e, sobre todo, fragmentariamente traducida. Poucos son os libros completos que pasan a outras linguas e contados os que se achegan a un idioma de fóra da Península.

As máis de setecentas páxinas están compostas maiormente por poemas de antoloxías —só os catro volumes da rusa de Elena Zernova dan para moito— ou compendios de fragmentos de narrativa. A mellor cara tócalle aos autores de literatura infantil e xuvenil, abondo traducidos ás ca-

tro linguas peninsulares, de forma especial, ao catalán que conta xa cunha ampla bibliografía dos nosos autores. Continúan na estela do libro máis traducido da nosa literatura, as *Memorias dun neno labrego* do que o catálogo recolle referencias en chinés, castelán, ruso, ucraíno, maia, italiano, portugués, búlgaro, catalán, euskera, francés e asturiano. Ata vintecinco traducións compútanse para os “Seis poemas galegos” de García Lorca, desde o bable ao lunfardo ou o xaponés.

Máis de douscentos autores están traducidos a outras linguas segundo a compilación do Consello que atopa literatura galega nunhas vintecinco linguas. Sen embargo, a pouco que se de unha volta polo catálogo conclúese en que os datos numéricos non son máis que un espellismo. Poñamos por caso o nome de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo. Uns setenta rexistros atópanse do escritor e, sen obviar que estamos diante dun dos poetas máis traducidos da nosa literatura e dos poucos que conta con libros completos noutras linguas, compróbase que a maior parte das notas se corresponden con poemas de antoloxías. O seu libro para nenos *Dinosaurio Belisario* atópase en castelán, catalán e euske-

ra, como unha mancha de obras para cativos que teñen xa unha entrada aberta nos tres mercados editoriais. Os poetas compoñen a maior relación de nomes nas traducións e é precisamente pola súa participación en distintas antoloxías.

Outro punto de atención atópase no establecemento de pontes amistosas que abren carreiros noutras linguas. É dicir, certos tradutores ou antólogos axudan de forma voluntariosa a que a nosa literatura traspase fronteiras. Casos coñecidos son o papel de Xavier Rodríguez Baixeras no encontro co catalán, de Koldo Izaguirre ou Gabriel Aresti co euskera, de John Rutherford ou Kathleen

March co inglés ou da propia Elena Zernova co ruso. Sorprende, neste sentido, o amplo abano de linguas nas que se atopa a obra de Carlos Casares. Francés, ucraíno, ruso, castelán, catalán, euskera, bretón, italiano, sardo, alemán, asturiano e inglés teñen proba da súa escrita. Entre as máis de trinta entradas do autor de *Os escuros soños de Clio* chama a atención tamén que en inglés, por exemplo, só se poda ler de Casares un relato nunha publicación periódica. O catálogo mostra máis unha vez a falta de planificación do compendio de tradución da literatura galega, unha demanda que escritores, tradutores e editores fan desde hai tempo á Consellería de Cultura.

### ¿Nobel sen traducir?

O Consello da Cultura deixa claro que os propios autores poden completar o catálogo con novos datos sobre a súa obra que eles mesmos aporten pero, segundo os que ata agora leva recadado unha obra como *Breitaña*, *Esmeraldina* de Xosé Luís Méndez Ferrín estaría traducida só ao catalán e portugués. *Amor de Artur* poderíase ler en catalán e castelán mentres *Retorno a Tagen Ata* ten



A rusa Elena Zernova traduciu unha antoloxía de poesía galega á lingua eslava.

versión en asturiano. Faise máis grave o caso cando se trata do escritor unanimemente proposto en varias ocasións polos membros da Asociación Galega de Escritores como opción da nosa literatura ao Nobel. En canto á presenza en dúas linguas de especial relevancia como alemán e inglés, Ferrín ten na primeira un poema traducido por Marga Romero e J. Wornuth na revista do *Galicien Magazine* e na segunda un conto nunha antoloxía e unha anto-

loxía dos seus contos traducida pro Rutherford, Xelís de Toro e Benigno Fernández. Malia estar presente nunha ampla variedade de linguas tampouco ten Carlos Casares ningún libro completo en inglés nin alemán. Polo tanto nin Casares nin Ferrín pero tampouco Rosalía e Castelao ou Curros teñen un libro todo el traducido ao inglés pero conta, pola contra Cunqueiro con *Merlín e familia* e *Xente aquí e acolá*, autor que ten tamén en alemán o *Merlín* e

As crónicas de sochantre, que está á súa vez en italiano xunto a *Se o vello Simbad volvese ás illas* pero nesta lingua ten xa Casares *Os escuros soños de Clio* —que aparece nos poucos libros en ruso— e Castelao *Cousas e Retrincos*.

Pasma en certa medida o grande número de títulos traducidos ao español pero, como acontece noutras linguas, unha inmensa maioría deles débese aos poemas inseridos nas antoloxías de Carmen Martín Gaité e Andrés Tarazona, Ramón González Alegre, Ricardo Carvalho Calero, Basilio Losada, M<sup>a</sup> Victoria Moreno, Miguel González Garcés, Cesar Antonio Molina, Francisco López-Barxas e Luciano Rodríguez. En inglés, a presenza dos nosos escritores multiplícase polas antoloxías bilingües do Pen Clube e da Asociación de Escritores en Lingua Galega. O escritor máis traducido ao español é Manuel Rivas, autor que ten sorte tamén noutras linguas e conta, por exemplo, con traducións ao alemán, ao inglés, ao francés, ao catalán ou ao portugués a cargo do prestixioso Pedro Támara. Suso de Toro é tamén dos máis presentes noutras linguas e como curiosidade goza por exemplo dunha edición de *Tic-tac* en holandés ou relatos en polaco.

O listado de idiomas multiplícase introducindo lunfardo, rumano, polaco, finlandés... e en todos eles dous son os autores que se repiten, Curros e García Lorca. A explicación é que esas linguas o título que aparece é sempre o mesmo, o libro *Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas* a *Rosalía de Castro* en edición de Xesús Alonso Montero. No conxunto de singularidades deste particular e arbitrario repertorio atópanse *O can Rin* e *o lobo Crispín* de Casares en sardo ou *Os escuros soños de Clio* en ucraíno ou mesmo os *Retrincos* de Castelao en esperanto, autor que non tiña en bo aprecio o idioma que tiña vontade de universal. ♦

## Unha lista para completar

O Consello da Cultura Galega publicou no seu portal culturagalega.org o *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas* como edición especial polo Día das Letras Galegas. O proxecto foi ideado por Carlos Casares, que figura como director, e elaborouse a través da Sección de Cultura Galega no Exterior. Para a súa elaboración consultáronse os fondos bibliográficos e hemerográficos de centros de

documentación galega entodo o mundo, catálogos de bibliotecas, bases de datos e publicacións e libros especializados. O Consello remitiu tamén a autores e fundacións os datos de que dispuña para que foran completados nun proceso que continúa aínda aberto.

Na introdución do traballo os autores explican que o catálogo chega ao ano 2000 pero non seu interior atópanse referencias tamén do 2001 e do

2002. Non é a primeira vez que o Consello da Cultura entrega o seu portal para a difusión dun proxecto desta natureza, un compendio amplo de datos que poden ser completados por novas referencias. Pasou, por exemplo, no caso do *Repertorio bio-bibliográfico do exilio* que, segundo datos do propio Consello, foi descargado en 18.000 ocasións, converténdose na publicación máis consultada da entidade. ♦



Estiú nos Estados Unidos un presidente chamado Harry Truman. É posíbel que a súa estatura intelectual fose superior á de George Bush Jr. cousa, aliás, que non ten por que implicar un grao extraordinario de sabedoría, atendendo ao feito de o actual mandatario USA non ser precisamente un Gottlob Frege. Sen embargo, se cadra para equilibrar, Truman posuía a mesma ou superior contundencia que o seu homólogo actual. A el —que foi quen ordenou guindar a bomba atómica sobre as dúas cidades xaponesas que todos coñecemos— debemos-lle esa frase decisiva, cando alguén lle lembrara o xenocidio, de “xa comezo a estar canso de todas esas historias lacrimosas” —lacrimosas, compriaría engadir, para os moradores das cidades niponas.

Porén, non é este o Truman do quen quero falar. Nen tan sequera dun seu tocaio romancista apelidado Capote, senón do protagonista do filme do director australiano Peter Weir titulado *O show de Truman*. A fita —en conexión co noso contemporáneo Grande Irmán— plantexa a divulgación da vida de Truman, gravada dende o mesmo instante do seu nacemento e transmitida por TV, sen que o protagonista saiba que penetra en millóns de fogares, porque na illa na que vive é un inmenso plató no que todos os cidadáns son extras.

O discurso do director da serie, no momento no que Truman descobre a verdade —cando ten trinta anos; case 11.000 días de emisión— resultou-me nestas últimas horas sorprendentemente familiar e próximo. Nunha intervención nas pantallas de televisión concedendo unha entrevista, á pregunta do presentador “¿porque Truman nunca pensou reflectir na natureza do mundo até agora?”, o director da serie resposta sen dubidar: “aceitamos a realidade do mundo segundo no-la presentan”. Á suxerencia de que Truman se acha prisioneiro, o criador da serie e da vida “en vivo e en directo” de Truman asegura que este “pode marchar cando queira. Se tiver algo máis que unha mínima ambición, se estiver absolutamente decidido a descubrir a verdade, non poderíamos impedir-llo”, para rematar —dirixindo-se a Truman— afirmando que “no meu mundo ti non tes nada que temer” e que “tes medo (...) por iso non podes marchar”. Eu, reflectindo estas últimas horas no xogo parlamentar, na grande festa da democracia (¿é, con efecto, isto, un xogo e unha festa?) pergunto-me quen, verdadeiramente, se estiver absolutamente decidido a descubrir a verdade. Porque nestes últimos meses dados houbo-os a eito para quen desexara analiza-los. ♦

## Doce escritoras arredor de Virginia Woolf

C.V.  
Todas elas teñen *cuarto propio*, mataron o *anxo do fogar* e proveñen dunha literatura que ten unha muller como figura fundacional. Narradoras, poetas e ensaístas reflexionan sobre a autora feminista de *A señora Dalloway* ou *Orlando* no libro *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf* (Sotelo Blanco), coordinado por Belén Fortes.

“Así pois, postas a facer profecía, diríamos que as mulleres do futuro escribirán menos novelas, pero mellores; e non só novelas, senón poesía e crítica e Historia. Pero nisto, sen dúbida estamos pensando nesa idade dourada, quizais fabulosa, na que as mulleres terán o que durante tanto tempo lles foi negado —tempo de lecer, diñeiro e un cuarto propio”. Este pensamento pon fin aos ensaios sobre as mulleres e a literatura de Virginia Woolf que abren este libro no que se recopilan as reflexións sobre a escritora elaboradas por doce autoras galegas. Como se a profecía se cumprise, despois dos textos de Virginia veñen páxinas de narradoras, ensaístas e poetas que analizan e debaten sobre os seus pensamento e mesmo que traspasan os temas que ela pon sobre a mesa tanto á súa propia práctica literaria como á situación da escrita galega actual feita por mulleres.

Marilar Aleixandre, Celia M<sup>a</sup> Armas García, Pilar García Negro, Helena González, Margarita Ledo, Inma López Silva, Camiño Noia, Manuela Palacios, M<sup>a</sup> Xosé Porteiro, M<sup>a</sup> do Cebreiro Rábade, Ana Román e Luísa Villalta son as autoras que, desde distintas ópticas e con puntos de vista diferentes, aportan unha

nova lectura dos textos de Virginia Woolf arredor da relación das mulleres coa literatura.

O tema dunha escrita diferente, dos xéneros aos que as mulleres se achegan con máis facilidade ou mesmo a maneira de tratar unha linguaxe que non está pensada nelas son asuntos que Woolf aborda e que, en certa medida, continúan sendo motivo de debate, á vista tamén dos discursos elaborados polas autoras galegas. Virginia falaba, por exemplo, de que as mulleres chegaron antes á novela, xénero que acaía mellor á súa situación social e ás múltiples ocupacións que lle negaban o cuarto propio. Helena González e Camiño Noia botan unha ollada sobre a literatura galega e defenden que moitas son as mulleres poetas, poucas as narradoras e ensaístas e case ningunha as autoras de teatro e explican as razóns polas que elas entenden que isto acontece. M<sup>a</sup> Xosé Porteiro adéntrase na casa da Matanza e fica amolada aínda co cómodo e espacioso despacho de Murguía en contraste coa mesa de Rosalía situada nunha beira do cuarto onde os nenos descansan. Entón non lle faltan razóns a Pilar García Negro para chamar unha e máis veces “pioneira” á nosa poeta. “Se de revolucionaria poden




cualificarse as contribucións de Woolf ao campo do feminismo e da literatura de autoría feminina, a obra de Rosalía de Castro esgotaría os adxectivos neste campo” afirma e non tarda en se referir ao seu sorprendente ensaio de 1865 “Las literatas”.

“A moda da literatura de mulleres, da que eu desconfío, sobre todo cando é aplaudida polos pais, por certos pais, tamén ten os seus aspectos positivos. O principal é o de conferir-lles máis visibilidade ás escritoras e ás súas obras, ou sexa, cubrir unha carencia” di Helena González pero poucas páxinas máis adiante Marilar Aleixandre ameaza con “arrebolarlle un tinteiro á cabeza” a calquera que lle propoña

“escribir sobre literatura de mulleres”, tomando o método de Virginia para exterminar o *anxo do fogar* que puña moldes e ordes á súa escrita. Todo o escrito de Luísa Villalta trata de responder a unha pregunta que toma de título, “Por que os homes non nos len?”. Distingue tamén a autora entre a “personaxe de escritora”, con independencia, tempo e cuarto propio, das “escritoras reais” que, ás veces, non contan coas condicións materiais que se lle presupoñen e lanza unha mensaxe que comparten varias das súas compañeiras: “Máis unha vez a muller escritora está exposta a responder como muller, ademais de ter que responder por aquilo que escribe”. ♦

### NOVIDADES



Falar galego:  
«no veo por qué»

Aproximación cualitativa  
á situación sociolingüística de Galicia

Este libro estudia a relación entre os distintos factores que nos levan a utilizar unhas linguas ou outras, descubriendo que non só as actitudes son importantes neste proceso, senón tamén o hábito, o contorno ou o nivel de competencia lingüística.




NARRATIVA

# A Escravitude, lugar mítico Unha novela entre a fantasía e a realidade

**Título:** Diário comboio.  
**Autora:** Raquel Miragaia.  
**Edita:** Laiovento.

Na tan difusa fronteira entre a fantasía e a realidade, moitos son os lugares incorporados á nosa vida como un referente que esperta sensacións imperecedeiras. Entre o País da marabillas e o Ourense de Blanco Amor (por poñer dous exemplos) hai espazo suficiente para que caiban Tagem Ata, Ébora ou, agora, esta A Escravitude que propón Raquel Miragaia. Ás veces, en lugares fantásticos achamos múltiples correspondencias co mundo real. Outras, do fantástico e o imaxinario terma un malabar equilibrio que nos convida a calquera deles sen permitírnos abandonar o outro. É, finalmente, por obra e gracia da literatura, de sitios que os nosos pes andaron e nós vivimos habemos chegar a ter unha imaxe plenamente fantástica. Tal é o caso desta A Escravitude, lugar nas estribacións de Santiago de Compostela segundo as cartografías do real, lugar na veciñanza e á sombra de *A montaña máxica* (Thomas Mann, 1875-1955) na paisaxe e paisanaxe literarias.

Aí están as fotografías, preto e branco espartanos, intercaladas entre capítulo e capítulo. Habitadas de fría natureza, de natureza mortas, moita paisaxe transformada pola acción humana, pero nin un só ser animado que as transite. Aí están para lembrárolas, estes recordatorios, para que teñamos sempre en mente o mundo de fóra. Mudadas cartas postais falándonos da soidade, pero a soidade é sempre a mesma, o desafecto non ten nomes por moito que teime en vestirse de Engrácia, Pilar, Paco, Manolo, Domingo, Vicente, Berta, Pe-



Raquel Miragaia.

drinho ou Valero. As vidas destas personaxes son os eixos que permiten rodar este comboio da desolación vital. Mais, tanto como os avatares vitais de cada un deles, interesa a rede de relacións deixada entre todos porque deixa ás claras que ninguén se salva desta condena, nin o cativo Pedrinho, soñador de paxaros que deixade falar porque non sabe o que dicir sen incomodar alguén.

A novela comeza cando Berta chega a A Escravitude, un lugar onde a vida é lenta e rutineira e os seus moradores non teñen máis remedio que adaptarse a esas ordenadas que transforman todo inoculándose paseniamente nas vontades. De aí que arriba lle asignáramos a veciñanza de *A montaña máxica*. Na mesma dirección debe sinalarse a meditación conceptual que, tomando as

vidas das personaxes como instrumento, pretende ofrecer unha visión do mundo descarada, fría, mesmo mercantilista, sempre desapaixonada, na que non se desbota a esperanza pero esta resulta un reducto sumamente indefinible. Así as cousas, a chegada da estraña é o sinal para dar inicio a unha alternancia onde de case todos os capítulos levan os nomes das personaxes. Sen embargo, contra o que puidera agardarse, esta alternancia non supón introducción de multiperspectivismo, senón só a confirmación dun tiránico pun-

to de vista único.

Permítense, con todo, variacións puntuais. Velai que cada unha das vidas postúe características distintivas propias. E achamos unha bruxa que non fai mal a ninguén, o condutor do comboio (Domingo); un vello (Vicente) agora republicano e antes militante na tropa fascista; a desgraciada e mal casada (Pilar) que inventa amores de teleserie; un tendeiro (Manolo) que mantén aberto o negocio para ter con quen falar; a monotonía planificada e gris de Valero; ademais de Berta, o enfermo Paco, Pedrinho e, como non, o comboio e a estación. Suficiente para rachar a monocordia, dando sensación de variedade á vez que dun todo do que é imposible fuxir. Galería de infelices que empatiza rapidamente co lector ao espreguizarlle a tenrura, esa necesidade de aproximación aos demais.

Presentada en once capítulos, os que teñen como centro A Escravitude e o comboio abren e fechan o discurso encerrándoo nun círculo que ten fulcro, como vimos, na figura humana, o simbolismo goza nela de capítulo especial. Comezando xa polo que ofrece o topónimo de A Escravitude, ese lugar nin urbano nin rural, que porta no seu nome (de significado diáfano a calquera) a condena. Lugar obrigado de paso, meta, destino que indiférentes ollamos pola xanela do comboio (outro símbolo) da vida, sen decatármolos de que vai conosco, que volverá estar alí mañá, agardándonos porque nunca marchamos del; o comboio, a posibilidade de novidades, como Berta, que non son tales porque A Escravitude fagocita absolutamente todo. ♦

Xosé M. EYRÉ

## CONTA DE LIBROS

### Poemas de Darío Xohán Cabana

*Vinte cadernos. (Poemas 1969-2002)*, de Darío Xohán Cabana, é unha recompilación do traballo poético do autor chairego prologada e comentada por Moncha Fuentes, Manuel María, Lois Diéguez e Xosé Luís Méndez Ferrín. Toda a visión lírica dun escritor fundamental na nosa escrita contemporánea: palabras de veludo para consolar a soidade persoal, de ouro para recoñecer os seus compañeiros e de ferro para sinalar os inimigos de Galicia. En total, 34 anos de versos con pouso de pasado e sabor de futuro. Edita Xerais. ♦



### Ponte aérea Balears-Galicia

Espiral Maior edita agora tres poemarios bilingües catalán-galego de senlleiros autores baleares. Miquel Àngel Riera presenta *Antoloxía poética*, Bartomeu Rosselló-Pòrcel, *Obra poética* e Miquel Costa i Llobera, *Un vol d'inefable poesia*. Os tres definen tres épocas da lírica en catalán. Desde a posguerra (Riera) ao século XIX (Costa) pasando polas vangardas dos anos seguintes a 1920 (Rosselló-Pòrcel). Letras descoñecidas na nosa lingua que agora traduce Xavier Rodríguez Baixeras. ♦



## O pacto galego na construcción de España

MANUEL VEIGA



A renuncia á identidade a cambio do progreso. O tópic do atraso. Os políticos atraídos por Madrid.

A fecundidade das galegas. A emigración como alternativa ao fracaso modernizador. As raíces do caciquismo. A caricatura dos galegos no exterior. A impotencia do galeguismo. O castelán, lingua de prestixio. O papel da prensa.

**Un novidoso ensaio para entender o pasado e o presente.**

## TABELA DAS LETRAS

### FICCIÓN

- 1. RESISTENCIA.** Rosa Aneiros. Xerais.
- 2. A ESTRAÑA ESTRELA.** Xabier López Rodríguez. *Galaxia*.
- 3. NUNCA MÁIS.** A OLLADA DA INFANCIA. Varios autores. *Kalandraka*.
- 4. POLOS FILLOS DOS FILLOS.** Xosé Manuel Sarille. *Candeia*.
- 5. O SANGUE DOS CAMIÑOS.** Ramón Caride Ogando. *Sotelo Blanco*.

### NON FICCIÓN


- 1. OS PARTIDOS POLÍTICOS EN GALICIA.** Xosé M. Rivera (Coord.). Xerais.
- 2. NUNCA MÁIS.** GALIZA Á INTEMPERIE. Suso de Toro. Xerais.
- 3. NUNCA MÁIS.** A VOZ DA CIDADANÍA. Xavier Paz-Alba Vázquez (Dir.). *Difusora*.
- 4. A REBELIÓN MUNICIPAL.** Xoaquín Álvarez Corbacho. Xerais.
- 5. ANTÓN ÁVILÉS DE TARAMANCOS.** Xosé M. Álvarez Caccamo. *A Nosa Terra*.

Librerías consultadas:

Cartabón (Vigo), Couceiro (A Coruña), Michelena (Pontevedra), Pedreira (Santiago), Souto (Lugo), Torga (Ourense).

### Versos do mar

Luís Rei Núñez escribiu *Alma mareira* como homenaxe ao mar galego e á tradición poética do noso pobo, desde a que xorde nas muíneiras, ribeiranas e demais composicións folclóricas ata o verso de denuncia social, que ten no mar ofendido polo chapapote a súa inspiración. Versos dotados de ritmo, palabras feras coma son de mar batendo nos cantís, estrofas doces coma morte de onda nas praias. Edita a Deputación de Pontevedra na colección Tambo. ♦



ENSAIO

## Paseo polo reino de Galiza

### López Teixeira publica o seu Premio de *Historia Medieval de Galicia*

**Título:** Arredor da conformación do reino de Galicia (711-910). (Reis, series e liñaxes galegas nos séculos VIII e IX. Cara a unha nova interpretación histórica das orixes).  
**Autor:** Xosé Antonio López Teixeira.  
**Edita:** Toxosoutos. Serie Trivium.

O dezasete de decembro, cabodano do Mariscal Pardo de Cela, reúne o xurado para outorgar o Premio de Historia Medieval de Galicia, resposta que a editorial noíesa Toxosoutos dá a súa preocupación por transmitir e aprofundar no coñecemento dunha época clave do noso pasado, o medieval, época na que se chantan os alicerces para a formación dunha nación, Galiza. A obra de Xosé Antonio López Teixeira foi merecedora do premio, este licenciado en historia é un especialista e estudioso da Idade Media e na formación do reino de Galiza


como garanten os seus traballos ao redor do tema: *As orixes políticas do reino de Galicia. Usurpadores e tiranos. Arredor do "Regnum Christianorum" dos galegos ou A reconstrución político-institucional do reino de Gallaecia.*

**Pretende o autor unha análise crítica da historiografía de claro ensingo castelanista como fixera tamén no seu día Camilo Nogueira.**

Con este libro pretende o autor unha análise crítica da historiografía de claro ensingo castelanista, coa conseguinte revisión das fontes históricas empregadas,

como fixera tamén no seu día o eurodiputado Camilo Nogueira (*A memoria da nación. O reino de Gallaecia*), buscando a lexitimidade dun reino e dunha monarquía. O período estudado por López Teixeira está protagonizado pola historia das grandes familias e dos grandes liñaxes que son as donas das terras, do poder, cimento sobre os que se apoia a expansión monárquica. Polos capítulos do libro desfilan Don Paio, Froila I, Fávila, Afonso I o Católico, Aurelio, Silo, Mauregato, Vermudo I o Diácono, Afonso II o Casto todos eles protagonistas nalgún momento da nosa historia, a maioría moran no esquecemento no mellor dos casos ou na ignorancia na meirande parte dos habitantes do país.

Atención especial merece o capítulo *O fenómeno xacobeo no proceso de identificación política dos galegos coa monarquía galaico-asturá* o máis longo. O autor rastrea nel a presenza do apóstolo, busca a orixe desta na documentación facendo un traballo de debullamento e peneira dos textos (*Breviarium Apostolorum, Comentarios á Apocalipse* obra do Beato de Liébana, *Apoloxético...*) para establecer a relación de Santiago con Gallaecia, facendo fincapé no aspecto ideolóxico para a



Afonso II, o Casto, foi o rei que conduciu a Galiza ao estado medieval avanzado.

creación dun reino independente en palabras do autor "A Gallaecia cristiá estabese a configurar como un Estado soberano, onde a ruptura con Toledo, non viña a ser senón o cimo culminante dun proceso necesario."

O libro conta cunha abondosa información aclaratoria nos pés de páxina facilitándolle ao lector non especializado o achi-

gamento á obra, que conta coa nitidez e claridade na exposición de López Teixeira, facéndoos ameno, cualidade que tamén valorou o xurado, sen perder erudición e rigurosidade o que converte *Arredor da conformación do Reino de Galicia (711-910)* nunha obra atractiva para o lector. ♦

XOSÉ FREIRE

## CONTA DE DISCOS



### Contendencia metal

**Título:** HC.  
**Grupo:** Habeas Corpus.  
**Edita:** Propaganda Pel-Fet.

Despois de publicar o ano pasado *Otra vuelta de tuerca*, o grupo de hardcore madrileño Habeas Corpus retorna con sons contundentes e actitude comprometida. Con elementos do metal, do rock e do hip hop, o novo traballo *HC* critica o conformismo da sociedade e os abusos de poder. En *HC* o quinteto optou por incluír un tema en catalán e a introducción en galego, para lembrar "que o mar está morto" tralo Prestige, ao tempo que reivindica a "convivencia de diferentes nacións dentro da España de Aznar". ♦

### Debut de Seiurte

**Título:** Bapatean.  
**Grupo:** Seiurte.  
**Edita:** Metak.

Esta nova banda de Bizkaia, gañadora da última edición do concurso Euskadi Gaztea, presenta o seu primeiro traballo, *Bapatean*. Seiurte arranca deste xeito con dez cancións nas que se funde o pop e o rock, intentando romper os moldes da música actual vasca.



Despois de pasar nos últimos anos por diferentes formacións, os irmáns Elortza, Iokin, Iñaki e Ikain apostan por ritmos tranquilos e letras que reflexionan sobre o paso do tempo, o amor ou a dor. ♦

### Folc desde o Porto

**Título:** Voar no fole.  
**Grupo:** Roldana Folk.  
**Edita:** Açor.

Desde o Porto, o grupo Roldana Folk vén de presentar o seu primeiro traballo, *Voar no fole*, nun intento de actualizar os ritmos tradicionais dos que parten. Neste disco, José Flavio Martins, Helena Soares, Serafim Lopes, Zagalo, José Apolinario e Isabel Marinho mesturan, sen rodeos, os samplers cos instrumentos tradicionais, fornecéndolle ao álbum elementos propios dunha linguaxe máis moderna, na procura de alternativas musicais. ♦



## A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



Sotelo Blanco Edicións  
San Marcos, s/n. • 158821 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 583 571 • Fax: 981 587 290  
www.soteloblancoseditions.com

gotelo blanco

ENSAIO

# Para coñecer Palestina

## Mohamed Safa actualiza a historia do seu país

**Título:** Palestina, grito por la libertad.  
**Autor:** Mohamed Safa.  
**Edita:** Do Castro.

Medico oftalmólogo, ex-Vicepresidente do Sindicato de Estudiantes Palestinos en España e representante da OLP en Galicia entre 1986 e 1992, lugar onde reside desde hai case vinte anos, Mohamed Safa publicaba, da súa man, en 1991, *Palestina, tierra de luz y sombra*, achegamento ben preciso á epopeia do pobo palestino tratado de xeito directo, cun estilo caseque xornalístico, de impronta divulgativa e onde encara, desde a síntese e o non academicismo, a historia do seu pobo, unha historia que se confunde, mesmo, coa historia da civilización. Agora, co mesmo estilo e precisión formal, con idéntico espírito de síntese e desde a mesma posición divulgativa, volve Safa, con *Palestina, grito por la libertad* (nesta ocasión da man de Edicións do Castro) a retomar o asunto para engadirlle a aquela primeira abordaxe os acontecementos que tiveron lugar logo da primeira Guerra do Golfo momento no que finalizaba a súa anterior contribución.

Nos trece primeiros capítulos, adácese o autor a facer un percorrido polo devir do seu pobo, desde os primeiros movementos migratorios que tiveron lugar a partires do IV milenio antes de X.C. ata a guerra do Golfo do 91. Ao longo de 130 páxinas, amosa Safa a identidade árabe daqueles pobos primitivos (caneanos, filisteos-palestinos) e ilustranos sobre as súas loitas contra os extranxeiros, os "Ibrim ou Hibri" (hebreos) que viñan, por mandato do Deus bíblico, de máis aló do Eufrates, para conquistar aquelas velhas terras; estudia a chegada do Islam e a súa impronta definitiva na constitución económica, psicolóxica, lingüística, moral e relixiosa destes pobos; transita pola dominación turca; analiza o nacemento do sionismo internacional da man de Theodor Herzl e a formulación da idea do "Fogar Nacional" xudeo en Palestina; investiga sobre o colonialismo británico e a "Declaración Balfour" como a xénese da proclamación do Estado de Israel; repasa a situación dos palestinos durante o mandato británico (1923-1948) e a constante chegada de inmigrantes xudeos, que, ao amparo dos Estados Unidos e de Gran Bretaña, fan creando organizacións armadas de carácter terrorista co obxectivo de expulsar os poboadores palestinos das súas terras; lembra a partición de Palestina e a creación definitiva do Estado de Israel e percorre os conflitos armados



Mohamed Safa pescuda nos acordos de Oslo do 1993, nos que Rabin e Arafat asinaron unha paz fracasada.

entre árabes e israelitas desde o 48 ata a Guerra dos Seis Dias, pasando polo guerra do Yon Kippur, o setembro negro, os acordos de Camp David, a guerra do Líbano, o estoupido da primeira Intifada e a Guerra do Golfo do 91.

As grandes contribucións da actualidade ábrese a partires do capítulo XIV ao XVII e así Safa penetra na análise do proceso de paz aberto coa Conferencia de Madrid en outubro do 1991, pescuda nos acordos de Oslo de setembro do 93, reflexa a posición do réxime de Washington durante a administracións de Bush pai, Clinton e George Bush fillo, estudia as negociacións e o desenvolvemento do conflito durante os gabinetes sionistas de Ehud Barak, Benjamin Netanyahu ou as repercusións da chegada ao poder do xenocida Ariel Sharon, informa sobre as novas divisións do territorio palestino, sobre a evolución da Autoridade Nacional Palestina, sobre as organizacións de resistencia armada e a posición de Arafat e o seu secuestro e a inmobilización física decretada polas autoridades de Israel, procede a crónica dramática da situación dos refuxiados, do estoupido da II Intifada e as súas consecuencias para a poboación palestina, revela (desde a óptica das vítimas) as accións militares do exército de Israel e o asasinato colectivo de todo un pobo, denuncia os silencios da prensa internacional e afonda nos atentados do 11 de setembro do 2001 contra as Torres Xemelgas e o Pentágono e as súas consecuencias para, ao tempo, reflexionar sobre a natureza e a situación dos esta-

dos árabes e a posibilidade de resposta das súas poboacións. Precisamente sobre este último aspecto sinala:

"A maioría da clase dirixente árabe, por non dicir toda, carece de lexitimidade democrática e ten buscado a súa estabilidade e continuidade no poder no amparo e apoio externo, sen o máis mínimo respecto polos seus cidadáns que carecen de calquer canle ou institución representativa. Son millóns de árabes que teñen sido excluídos e marxidados durante xeneracións da gobernabilidade do seu país e da riqueza da súa terra por uns gobernantes que chegaron ao poder a través de golpes de estado ou por heranza familiar".

En fin, nestes últimos capítulos realiza Mohamed Safa unha ampla radiografía e análise dos acontecementos máis contemporáneos que, abordadas antes de que se producise a invasión e ocupación de Irak, permiten supoñer que o seu texto (que remata cun estarecedor poema adicado ao nenado de 12 anos Muhammad ad-Durra, morto nos brazos do seu pai e cuxa foto ilustra a capa do libro) apareza para o lector como algo aínda non pechado, senón como algo aberto que permita albisar a permanentemente xénese doutro enorme libro que esta sendo escrito día a día por todo o pobo palestino.

*Palestina, grito por la li-*

*bertad* non é, dese logo, un libro convencional, un libro traspasado polas dinámicas editoriais ao uso, comercial ou de mercado, senón que, pola contra, é un traballo a través do que se lle traslada ao lector ou lectora un plus de compromiso intelectual e moral que remata por colocar a este a prol da causa palestina e da súa loita pola existencia como pobo, un pobo que combate a cotío polo dereito a existir, polo dereito á soberanía e á liberdade, polo dereito a recuperar os territorios e a identidade que un día lles foron arrebatadas por conquista militar.

Cómpre dicir para rematar que este libro esta escrito desde a palestinidad. Desde a palestinidad de quen se sitúa no interior do conflito, non como observador, senón como suxeito protagonista e desde esa posición encara a escritura da historia do seu país e das súas xentes. Unha historia de luces e de sombras pero tamén chea de esperanzas. Esa palestinidad suñouna no prólogo coa extraordinaria precisión o profesor Pedro Martínez Montávez, catedrático de estudos árabes e islámicos da Universidade Autónoma de Madrid e cicaís a autoridade maior sobre o tema: "Coñezo a Mohamed Safa desde hai tempo. Téñolle grande aprecio persoal. Precisamente, porque é un excelente exemplo da palestinidad en todas as dimensións do termo e en todas as actividades do individuo. Volve a escribir un libro sobre Palestina que é expresión directa, coherente e querida, de esa vivencia única, irrenunciábel, esgotadora, fermosísima". ♦

CELSO LÓPEZ-PAZOS

O CORDEL

## O Olo Público

### Revista das Artes

Nº 8. Xuño 03. Prezo 3 euros.  
Edita: Asociación de Deseñadores Galegos.

Xa está nas librerías de toda Galicia este número, que conta con traballos literarios de Isolda Santiago, Johann Wolfgang Von Goethe e Miriam Sánchez. Sara González fai unha crítica da película *La historia oficial*, do arxentino Luis Puerzo. Inclúese unha páxina de cómic de Mauro. Fernando Vilaboa comenta a obra de teatro *Aurora Rodríguez e a boneca de carne*, de Marga do Val. Xosé Couñago recomenda unha escapada ao Couto Mixto. Publícanse pinturas de Carolina González, comentadas por Alexandra del Valle. Alconero enxalza o *chiquiteo*. ♦



## Anuario de Estudios Literarios Galegos

2001.  
Dirixe: Xoán González-Millán.  
Edita: Galaxia.

Entre os estudos incluídos destacan os de Antonio Cortijo sobre un texto galego descoñecido do século XVI e a figura de Merlín na obra de Cunqueiro, por María Xesús Lama. Kerry Ann McKeivitt explica a presenza do *Leabhar Gabhála* irlandés na revista *Nós*. Rexina Vega explica a recepción da obra de Cunqueiro na literatura en castelán. Iolanda Ogando analiza a dinámica teatral en Galicia no ano 2001. ♦



## Abelleira

Nº 79. Primavera 03.  
Dirixe: Isabel Sanjurjo.  
Edita: Asociación Galega de Apicultura.

Na sección de saúde das abellas, danse consellos para actuar no caso de podremia da cría e no control da varroa. Danse razóns para crear unha nova apicultura en Galicia. Explicase tamén como se constrúe un cerificador caseiro a partir dun bidón metálico usado. Abel Iáñez comeza a súa historia da apicultura. Inclúese un resumo da conferencia de Lucía Piana sobre a calidade e conservación do mel. ♦



## CINEMA

# Sangue reserva do 83

## Volve á pantalla grande *Posesión infernal*, de Sam Raimi

**Título:** Posesión infernal.  
**Dirección e Guión:** Sam Raimi.  
**Reparto:** Bruce Campbell, Ellen Sandweiss, Betsy Baker.

Dito así, en poucas palabras, *Posesión infernal* de Sam Raimi é probablemente un dos maiores fenómenos de culto cinematográfico dentro do cine de serie Z, baixo presuposto, xénero, ou chámalle X, dende a súa abrasiva estrea hai xa 20 anos –un dos títulos seminais dos primeiros anos de Sitges cando aínda era un Festival independente e de pequeno formato–. Vista deste xeito a súa revisitación, dúas décadas despois, resulta un interesante exercicio de arqueoloxía para todo bo cinéfilo troglodítico, ese que afunde a raigame do seu pedigrí nas sesións omnívoras de videoclub de barrio.

Unha oportunidade perfecta para averiguar ata que punto a súa aura mítica se pode ter esluído co paso dos anos é o derrame de hemoglobina. Aínda que para empezar haberá que avisar os máis confiados que iso que nos venden como ‘imaxe restaurada’ non é máis que un vulgar eufemismo. Filmada en 16 milímetros, cun traballo de fotografía que non pasa do ensaio afeccionado, digamos que a perfección do seu acabado técnico non é a súa maior virtude.

Xa o dicía Jean-Luc Godard, que non hai historia do cinema, senón historia(s) do cinema. Neste caso, hai que falar de varias tradicións cinematográficas, comunicadas en ocasións e con menos fronteiras das apreciadas a simple vista, pero evidentes para calquera interesado polo fenómeno. É evidente que hai unha tradición canónica do cine, a dos ‘clásicos’ aceptados por esa entelequia académica que define ‘o estado das cousas’, a dos pioneiros americanos, rusos, franceses ou alemáns, o Hollywood clásico, o neorealismo, as *nouvelle vagues* e sucesivas novas xeracións sancionadas pola institución crítica e, non nos enganemos, industrial.

Simplificando o asunto, podemos dicir que existe outra tradición netamente comercial, constantemente renovada e que, basicamente, non garda memoria do pasado. Logo está a que agora nos ocupa, unha tradición de cadelas máis ou menos ocultas e vís secundarias, un subuniverso cinéfilo de proverbial heteroxeneidade que vai do mero exabrupto *hooligan* á fita de vimbios revolucionarios capaz de cambiar o devir dunha linguaxe.

O cinema de xénero, en especial o fantástico, marabilloso, nunca mellor dito, é un caixón de sastre onde dende os días de Méliès refínelles dado cabida ós máis refinados experimentos da *Haute Cuisine*, así



Bruce Campbell converteuse en icona do cinema gore gracias ás súas colaboracións con Sam Raimi.



como ós máis insípidos produtos da pastelería industrial.

Dentro do fantástico, o subxénero terrorífico caracterízase nos últimos corenta anos por avanzar erráticamente nunha esporádica sucesión de chanzos históricos e demorados tempos mortos. Dende que alá polos cincuenta un tipo chamado Roger Corman inventara o cine de baixo presuposto e a produción independente tal e como hoxe se coñece –descubriendo as bondades das rodaxes nunha fin de semana e as técnicas voluntaristas– foron xa uns cantos os que cada certo tempo convulsionan as estreitas marxes da tradición para chegar ó chamado *mainstream*, a corrente principal, e de paso chantar un novo marco para a evolución dunha linguaxe.

Fixoo George A. Romero con *A noite dos mortos viventes* en plena efervescencia contracultural a finais dos 60, fixérono un lustro despois Tobe Hopper con *A manzanza de Texas* e Wes Craven con *A última casa á esquerda*, ou mesmo *Os ou-*

*teiros teñen ollos*, explicitamente citada no filme de Raimi, e para ir retomando o fío, volueuno facer a principios dos 80 outro rapazolo de tendencia *hooligan* pero posuidor do xenuíno sentido da linguaxe cinematográfica que distingue, calquera que sexa a súa tradición, o traballo dos bos cineastas.

Fixoo un tal Sam Raimi que, ó tempo que outros compañeiros de xeración igualmente inquedos e cheos de curiosidade reinventaban o chamado cinema independente norteamericano dende as cinzas do fundamental Cassavettes e ó tempo que nas Antípodas outro elemento de coidado que respondía por Peter Jackson recuperaba o humor negro, vitriólico, do primitivo cine *gore*, asimilaba todo o cine de terror con adolecentes perdidos na América profunda, en decadencia constante dende as andanzas texanas de Tobe Hopper, e, perdido nas inmensidades boscosas de Tennessee con catro amigos da universidade, saltaba das curtametraxes en super 8 á gravación en

16 milímetros e ó formato de estrea comercial para filmar con escasos, escasísimos, medios un dos filmes máis “visceralmente divertidos” e rendibles do cine de terror da infame década dos 80.

**Posesión infernal** conserva, hoxe, hai que dicilo despois desta oportuna revisitación en formato comercial ó carón das estreas ‘do pincho’, toda a forza de 20 anos atrás, máis que un mero exercicio de nostalgia xuvenil retomando un dos clásicos da educación senti-

**A película ten unha pasmosa capacidade para narrar e o director un dominio dos códigos que lle permite reinventalos**

mental de toda unha xeración de cinéfilos iconoclastas, o filme de Raimi mantén no século XXI tódalas virtudes e defectos que o fixeron especial no seu día. Personaxes a penas esbozados, diálogos de función escolar, referencias argumentais previsibles dende o primeiro fotograma, incluída a epidérmica relectura de Lovecraft, tan en voga na década dos peiteados cardados, si, por suposto.

Pero tamén, e iso foi o que a distinguíu da enorme pila de morralla no seu día, unha pasmosa capacidade para narrar cinematográficamente, un dominio das técnicas e dos códigos e unha capacidade para reinventalos que situou no seu día a Raimi, por méritos propios, na selecta nómina dos realizadores anovadores, dos cineastas con estilo propio.

¿Un autor? É probable, mais coa mesma mala estrela de tódolos seus compañeiros de herexía, os Romero, Hopper, Jackson e compañía, ningún deles capaz de manterse fiel co paso do tempo á forza revulsiva das súas óperas primas unha vez entraron todos eles no sistema de produción ‘profesional’. Raimi, eso si, foi quen de manterse con maior frescura por máis tempo, logo viría a súa colaboración cos Coen, outros expertos en revulsivos e revisións, con *Onda de crimes*, *onda de risas*, nefasta tradución española; os autoplaxios *Diabólicamente mortos* e variacións, *O exército das tebras* e a revisión con bo pulso de xéneros clásicos: superheroes, *Darkman*, spaghetti-western, *Rápida e mortal* ou o *Noir* na enorme *Un plano sinxelo*. Do seu filme deportivo con Kevin Costner mellor non falar e do seu Spiderman, pois, mellor deixalo para outra ocasión. ♦

XOSÉ VALIÑAS

Narrativa

**Polos fillos dos fillos**  
Xosé Manuel Sarille

“Un drama real contado cunha dinámica de superproducción hollywoodiana”  
Xurxo Fernández

A venda en librerías

CANDEIA EDITORA  
Narrativa

O colectivo Redes Escarlata analiza criticamente os contidos de

Verbum-Casa das Palabras, o Museo recién inaugurado en Vigo

para o que reclama rápidas correccións científicas e de enfoque.

## Acientifismo e discriminación na 'Casa das Palabras'

REDES ESCARLATA

As Redes Escarlata, por teirmos que nada do noso tempo e terra nos pode ser alieo e por considerarmos que desde Galicia e desde a cultura e a lingua galegas se pode estar no mundo, alegrámonos de que se crease en Galicia, e concretamente en Vigo, un museo virtual da palabra como o *Verbum*.

Máis, por unha banda, a falta de rigor científico observable en certos contidos, que en moitos casos poden provocar confusión; a discriminación que se fai dos produtos culturais e editoriais galegos de innegable utilidade nun museo coma este, e, por último, a discriminación da lingua e da literatura galegas, que aparecen en total subordinación ó español, lévannos a decer que este non pode ser o museo da palabra soñado por calquera persoa culta, sensible e respectuosa con este país e con este tempo, polo que esiximos que, canto antes, se corrixa as eivas que máis abaixo pasaremos a referir a xeito de resumo e outras eivas semellantes.

Moi probablemente, os galeguistas que forman parte do Comité de Expertos nada tivesen que ver na elaboración dos contidos e no desequilibrado resultado final que se nos presenta no *Verbum* estes días. Estamos seguros de que se eles fosen efectivamente consultados moitos erros detectados non se chegarían a producir nunca. Así e todo, a presenza do seu nome nese Comité non pode servir para acalar as críticas que a entidade ou o seu labor merecen ou poidan merecer. Así mesmo, denunciámos a ausencia neste Comité de Expertos de científicos de solvencia no eido das investigacións lingüística e da tradución, dos que afortunadamente temos bos exemplos nas universidades galegas.

Constatamos que nestes días se están a corrixir eivas detectadas pola comunidade científica da Universidade de Vigo, que deu a voz de alarma perante a desfeita conceptual que ofrecía este museo nos seus inicios; pero pedimos que se corrixa xa, no menor prazo de tempo, posible todas as carencias e desacertos que aínda se poden ver no *Verbum*, porque este museo está chamado a ser visitado e gozado por todo tipo de público, especialmente por escolares que non poden ser inducidos a confusións e, menos aínda, non debe visualizárselles unha cultura e unha lingua galegas discriminadas e secundarizadas.

■ **FALTA DE RIGOR CIENTÍFICO.** a) É de lamentar a mestura de autores dos sistemas literarios



Reportaxe Gráfica: PACO VILABARROS

español e galego, o que fai que o sistema galego pareza unha parte integrante e dependente do primeiro. Os autores de nacemento galego aparecen mesturados dando a impresión de que todos escribiron nas dúas linguas ou que tiveron importancia nas dúas. E isto non é así para nada: "Galicia ten sido berce de notables autores literarios, tanto en galego como en castelán., Ramón María del Valle-Inclán, Emilia Pardo Bazán..." Pardo Bazán nada escribiu en galego, e Valle en galego só escribiu un poema. O apartado da literatura semella ideado e redactado por alguén totalmente alieo á cultura galega e nada informado da nosa realidade literaria. Non hai literaturas bilingües.

b) No mapa lingüístico do idioma galego confúndese Galicia administrativa con territorio lingüístico galego, co agravante de que están mal representados os tres bloques lingüísticos (a ribeira occidental do Eo aparece no bloque cen-

tral, o bloque occidental está sobredimensionado cara ó leste, etc) e que se inclúen en Lugo e Ourense catro puntos de León e Zamora. Parécenos moi positivo que se teña en conta que o galego tamén se fala fóra da Galicia administrativa, pero hai erros de precisión xeográfica ó situar en Lugo e Ourense puntos de León ou Zamora. Debe quedar claro —e con mostras orais— de que tamén se fala galego nas comarcas estremeiras do Eo-Navia (Asturias), Bierzo Occidental (León) e As Portelas (Zamora), e tamén que existe un galego arcaizante no Val do Río Ellas (Cáceres).

c) A terminoloxía de tipolo-

xía lingüística é incorrecta e induce a confusión. Preséntanse como linguas variedades lingüísticas (*boliviano, chileno,*

*etc.*); designase co xentilicio dun estado (*indio, indonesio*) o nome da lingua oficial; empréganse denominacións moi cuestionadas e en desuso (*lejtico*) ou simplemente erradas e confusas (*africano por africáner*), *etc.*, *etc.*; fállase de idioma "chinés" pero logo non se pode oír o "chinés", senón gravacións de frases en mandarín e cantonés, *etc.* Todo isto provoca confusión e pode inducir a unha aprendizaxe errada e deformadora.

d) A visión das linguas do mundo é eurocentrista, pois na-

da se di nin informa das linguas amerindias, africanas, polinesias, *etc.*, unicamente se presentan as linguas indoeuropeas e, en moita menor medida, algunhas asiáticas.

e) Que se saiba, os petroglifos galegos non son representacións escritas de lingua ningunha, polo que non se poden expoñer como exemplo de sistema de escrita, senón que se trata de representacións simbólicas de difícil e controvertida significación.

f) Ademais da falta de rigor e cientifismo, obsérvase un absoluto desleixo cando á par ou debaixo de moitos textos e poemas (de Celso Emilio Ferreiro, Chus Pato, Gonzalo Navaza, *etc.*, *etc.*) non figuran nin as obras das que están tiradas nin os autores. A partir da denuncia dos profesores da Universidade de Vigo comezaron a corrixir estas eivas, pero aínda se aprecian ausencias e mesmo erros gramaticais na reprodución dos textos. O mesmo se podería dicir do aprovei-

**‘Os contos infantís que se poden escoitar son unicamente en castelán’**



tamento total ou parcial de informacións ou estudos, cando os especialistas detectan perfectamente a procedencia pero o museo non indica autoría da información fornecida.

■ **DISCRIMINACIÓN DE PRODUCTOS CULTURAIS GALEGOS.** a) Os contos infantís que se poden escoitar son unicamente en castelán, co que se manifesta unha total ignorancia do feito en Galicia desde hai moitos anos. Véxase a serie de Edicións Xerais *Vouche contar un conto* (contos infantís nas voces de Bernardino Graña, Sabela Álvarez, etc., etc.); ou os contos tradicionais editados en libro e cassette por Edicións do Cumio na serie *Contamocento* (*A bela e a besta*, *O libro da selva*, *O gato con botas*, *Os tres porquiños*, etc., etc.); ou o precioso libro *A memoria das árbores*, editado por Kalandraka e a Orquestra Sinfónica de Galicia, con música de Marcial del Adalid, texto de Xosé Neira Cruz e ilustración de Kiko Dasilva (libro + CD) e outros produtos semellantes desta editora pontevedresa especializada no mundo infantil.

b) A ausencia nos libros relixiosos da edición galega da Biblia, da Editorial Sept, traducida directamente de grego, arameo e hebreo ó galego e que obtivo en 1990 o Premio Nacional de Tradución.

c) A ausencia nos libros prohibidos da magnífica edición da Divina Comedia en tradución de Darío Xohán Cabana e editada pola Xunta de Galicia, cando se presentan dúas edicións en español desta obra de Dante. A tradución deste escritor galego mereceu en 1991 a Medalla de Ouro do Concello de Florencia, a proposta da Società Dantesca Italiana.

d) Moi cativa presenza dos produtos editoriais e audiovisuais galegos, o que dá unha impresión pobre e raquítica da fortaleza deste sector dentro do mundo cultural galego. A pesar da exposición, cativa tamén, sobre Vigo como centro do mundo editorial galego, a sensación xeral que dá o Verbum é o da invisibilidade de produtos galegos de gran calidade existentes no mercado.

■ **DISCRIMINACIÓN DA LINGUA GALEGA.** a) Na explicación de cada letra dedícase unha liña en galego e alomenos seis en castelán, cunha explicación máis completa e rigorosa.

b) Para as definicións sempre se acode ás definicións do dicionario da Real Academia Española, marxinando totalmente o dicionario da Real Academia Galega e outros produtos lexicográficos recentes de alta calidade. Baste como mostra sinalar que nun panel se cita a definición de "retintín" dada pola RAE e logo cópiase isto literal en español no panel en galego, sen traducir no seu equivalente "retranca" nin citar a definición da RAG.

c) Apartados enteiros coma o de comunicación animal, xogos de mesa con palabras, árbore xenealóxica das linguas europeas, etc., só aparecen en español.

d) Como mostra de xornal en galego aparece *Faro de Vigo* en español.

e) A onomástica só se pode consultar a partir do español. Se algún se chama Breixo ten que buscarse por Verísimo, e se algún se chama Iria o seu nome non aparece.

f) O encrucillado xigante en galego é irresoluble, o castelán non. Nos diarios de Galicia pódense achar doadamente bos encrucillados da autoría de Paulino Novo e Darío Xohán Cabana.

■ **SUBORDINACIÓN DA LINGUA GALEGA.** a) Esquizoglosia bilingüe-1: É deplorable que o galego apareza en moitas ocasións ó lado ou debaixo do texto en castelán, subordinado, dependente, subsidiario do castelán. Iso denota unha concepción desprezativa da única lingua natural de Galicia.

b) Esquizoglosia bilingüe-2: É absolutamente innecesario e incomprendible o bilingüismo *almacén/almacén, administración/administración, televisión/televisión, rotativa/rotativa*, etc., que aparece ó longo de todo o museo. Non se trata só de algo semellante ó anterior, senón que representa un insulto á intelixencia dos castelán-falantes, ós que se cre incapaces de comprender o significado de *caixa, indicador, abaixo, escribe*, etc.

■ **ERROS NO GALEGO EMPREGADO.** Detéctanse nos paneis explicativos, vidreiras e pantallas erros de acentuación, castelanismos morfolóxicos (*arte vivo por arte viva, introduzcas por introduzas*, etc.); castelanismos léxicos; consideración do arcaísmo e dialectalismo *mao* (por *malo*) como forma popular e vulgar ó mesmo nivel ca *pra* ou *rou* (módulo S: "Comer palabras"), etc., etc., do que se deduce precipitación e graves carencias gramaticais e conceptuais no galego aí reflectido que inducen frecuentemente a erros.

O castelán empregado é sempre correcto, o galego presenta erros, que urxentemente

comprome corrixir, para non seguir dando a impresión de que en galego todo vale.

■ **FALTA DE SENSIBILIDADE.**

a) A redacción do módulo dos xordos é ofensiva, non poden ser "xordomudos" porque mudos non son: falan coas mans. A consideración histórica que se tiña dos xordos sobra tamén por ofensiva. En xeral, este módulo resulta bastante desafortunado.

b) Ignórase totalmente a cultura literaria de expresión portuguesa, ó non apareceren por ningunha escritores de Portugal nin de Brasil (Camões, Pessoa, Amado, Guimarães Rosa, Eça de Queirós, etc., ou o mesmo Saramago que está no "Comité de Expertos do Verbum") pero si hispanoamericanos de expresión española. O *Verbum*, a 30 km de Portugal, debería ter en conta este feito para que os escolares e cidadáns portugueses que nos visitan tan a cotío non visen desprezada a súa cultura.

■ **PROPOSTAS URXENTES DE CORRECCIÓN E MELLORA.**

a) Introducción do galego como lingua por defecto en todo o museo, con posibilidade de xogar ou informarse en diferentes linguas (español, portugués, francés, catalán, euskera, inglés, italiano, alemán, etc.), facilmente realizables con programas informáticos.

b) Maior aproveitamento do museo para "consumo interno": consulta toponímica, patronímica, onomástica, léxica, etc., a partir de bases de datos de toponimia, patronimia, onomástica e léxica galega, mediante programas implementables e mellorables periodicamente.

c) Maior presenza de árbores xenealóxicas, cartografía lingüística e audiomapas interactivos con moitas máis lin-

guas (amerindias, africanas, polinésicas, asiáticas, australianas, etc.), pois este apartado peca de excesivo eurocentrismo; exemplos escritos de moitas máis linguas (xornais, revistas, libros, etc.); posibilidade de consultar páxinas de libros "universais" en moitas linguas (*O Principiño*, *O Pinocchio*, *O Capital*, a *Biblia*, etc.).

d) Corrección de numerosas eivas técnicas que impeden xogar/aprender/ouvir en moitas dos módulos existentes.

e) Ampliación e mellor presentación do módulo do sistema de lectura táctil dos cegos ou braille: máis espacio, cada letra, etc.

f) No módulo das linguas do mundo aparecen uns tubos parentes que conteñen figurinas representando o número de falantes. O galego apa-

rece o último cunha soa figurina ó ser comparado co "indio" (sic), o inglés, etc. Outramente, sería interesante tamén poñer –en positivo– eses mesmos tubos co número de falantes do galego comparados cos do *islandés, eslovaco, esloveno, lituano, letón*, etc., linguas oficiais de estados soberanos, para que se vexa que o galego non é lingua de poucos falantes, que todo depende do punto de comparación. Esta concepción minoritaria e raquítica do galego é de grande e negativo impacto visual entre os visitantes, e deberíase corrixir.

g) Introducción de exemplos e audicións das falas gremiais galegas (canteiros, telleros, cesteiros, paraugueiros, etc.), de textos de galego medieval (e doutras linguas), etc., etc.

h) Separación dos escritores por sistemas literarios: galego, castelán, portugués, etc. Valle-Inclán non é un escritor da literatura galega, como Méndez Ferrín non o é da hispanoameri-

cana (española). Neste sentido é de lamentar profundamente a confusión á que se induce coa presentación actual.

■ **REMATE.** En xeral, e en moitos casos particulares, aprécianse uns contidos realizados desde fóra de Galicia sen ningunha sensibilidade e coñecemento do sistema cultural galego, lingüístico e literario, mesturando (ou integrando) o sistema galego co español, dando unha idea falsa de bilingüismo desequilibrado, onde a cultura galega é sempre B e a española sempre A, e ignorando totalmente a lingua e a cultura irmás portuguesas.

Seméllanos desconcertante que fose unha empresa catalá a que fixese este deseño museístico (ou integrando) o sistema galego co español, dando unha idea falsa de bilingüismo desequilibrado, onde a cultura galega é sempre B e a española sempre A, e ignorando totalmente a lingua e a cultura irmás portuguesas. Seméllanos desconcertante que fose unha empresa catalá a que fixese este deseño museístico (ou integrando) o sistema galego co español, dando unha idea falsa de bilingüismo desequilibrado, onde a cultura galega é sempre B e a española sempre A, e ignorando totalmente a lingua e a cultura irmás portuguesas. Seméllanos desconcertante que fose unha empresa catalá a que fixese este deseño museístico (ou integrando) o sistema galego co español, dando unha idea falsa de bilingüismo desequilibrado, onde a cultura galega é sempre B e a española sempre A, e ignorando totalmente a lingua e a cultura irmás portuguesas.

Criticamos que a dirección do Verbum botase man duns "especialistas" de fóra cando hoxe en Galicia hai persoas, equipos e institucións perfectamente capacitadas para realizar un museo coma este, que non cometería tantos erros e, por suposto, que non ignoraría nin desprezaría produtos culturais galegos de innegable calidade. O pecado de sempre: non confiar nos produtos e nos equipos do país, pensar que só o bo pode vir de fóra.

Como remate, digamos que todo isto ten a súa repercusión na consideración ignorante que se ten da cultura galega, e concretamente da súa lingua e da súa literatura. Vexamos só un exemplo máis:

"Galicia ten sido berce de notables autores literarios, tanto en galego como en castelán. Ramón María del Valle-Inclán, Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro (quen tamén destaca pola súa obra en galego)..."

Se Rosalía de Castro é coñecida, recoñecida, querida e admirada hoxe en Galicia; se Rosalía é hoxe unha figura da cultura universal é, fundamentalmente, pola súa contribución ó engrandecemento da literatura galega. Só algún que non ten os pés, a razón e o corazón en Galicia pode redactar un parágrafo tan desafortunado. Esta cauda é toda unha declaración das intencións coas que se fixo este museo. Sobran comentarios. ♦



## Non é así, señor Saramago

XOSÉ NEIRA VILAS

No número 29 dos *Cadernos de Pensamento e Cultura* de *A Nosa Terra*, aparece un artigo, por demais interesante, de Xavier Queipo, titulado "As mil e unha noites". Nel, entre outras cousas, refírese a unha conferencia que o escritor portugués José Saramago ofreceu en Bruxelas e á conversa ocasional que con el tivo.

Presentouse Queipo como escritor galego que utiliza a lingua natural do seu país e preguntoulle, entre inocente e intencionado, segundo nos conta, se debía seguir utilizándoa. E recibe nada menos que unha resposta pontificando que na Península Ibérica hai dúas linguas literarias, o portugués de Portugal e o español, que corresponde ao que non é Portugal. E que se quería ser escritor de verdade tiña que "escribir en español porque iso de escribir en galego sería sempre para el unha frustración".

¿Frustración por que? ¿Porque non chegamos aos tres millóns de falantes e lectores? Saramago debería saber que o Premio Nóbel de Literatura de 1955, o islandés H.R. Laxness, escribía nunha lingua que daquela só utilizaban cento cincuenta mil persoas. O que importa é a calidade da obra. Se ten valor, trascenderá. Se non o ten, non significará nada en ningunha lingua.

Ademais, esa especie de globalización ibérico-literaria carece de sentido histórico. Galicia, Euskadi e Cataluña, nacionalidades con traxectorias, linguas, culturas e litera-

turas moi definidas e nada desdeñábeis, non contan para o señor Saramago, e escribir en galego, por exemplo, é causa de frustracións. Iso explica porque o autor de *A caverina* cando vén a Galicia, mesmo no acto de recibir un premio no instituto compostelán, que leva o nome de Rosalía de Castro, exprésase en castelán e non na lingua irmá (e poderíamos dicir filla) do galego.

Humildemente informo que escribo en galego e non me sinto frustrado. Escribo na lingua de meus pais e avós, dos meus veciños, do meu pobo. E se escribo e publico narracións, poemas, ensaios é precisamente porque o fago en galego. Abóndame. Non quero máis. Teño algúns libros traducidos a outras linguas, pero iso é anécdota. Non ven mal tal confrontación, mais nunca me intereso maiormente, nunca tratei con axencias literarias (e non digo que estea mal), nin fixen ningunha xestión nese sentido. Escribo para a xente do meu país.

Figuras portuguesas como Rodrigues Lapa e Agos-

tinho da Silva, por citar só dous nomes, estarían en total desacordo co Nóbel portugués.

Nunha carta de hai ben anos dicíame Ben-Cho-Shei (Xosé Ramón Fernández Oxea) que mentres Rosalía é universal pola súa obra en galego, un Goy de Silva, galego que escribiu unicamente en castelán, non significa nada. Poderían poñerse moitos máis exemplos.

Non, señor Saramago. Non canxa coa súa proclamada ideoloxía o que lle dixo Xavier Queipo. Non só en Portugal. No Brasil (cónstame moi directamente), en Angola, en Mozambique hai moitas persoas que comprenden a pluralidade nacional e lingüística do Estado español.

Certo que Queipo non lle fixo moito caso e sigue escribindo –sen sentirse para nada frustrado– en galego, porque si, porque lle pete e lle gusta, como dicía Celso Emilio Ferreiro nun poema escrito na "lingua proletaria" do seu pobo. ♦

**Humildemente informo  
que escribo en galego e  
non me sinto frustrado.  
Escribo na lingua de meus pais e  
avós, dos meus veciños,  
do meu pobo"**

## A Gran Enciclopedia Galega ¿de Cañada?

EVA STORNI

Estaban todos os da banda de Laíño, e non había case ningún da de Lestrove. Fraga Iribarne, Pérez Varela, un delegado do Goberno tan estirado que parecía recién alimentado por unha espada, conselleiros, moitos conselleiros, varios empresarios, segundóns da cultura, cabezas de lista da "culturiña", moita xente de presebe, un fiscal moi suspendido, abundancia de gravatas e traxes escuros e ningún "progre" despistado. Presentábase a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* (martes pasado, capela real do Hostal dos Reis Católicos) e aquilo parecía unha convención do PP.

Falou, atrapalladamente, coma sempre, o presidente da Xunta. Dixo que el foi dos primeiros en coleccionar a *Gran Enciclopedia Galega* cando empezou a publicarse en 1974. Tamén faláron Branca García Monte-

negro, presidenta da editora de *El progreso e Diario de Pontevedra*, Benxamín Casal, director da nova obra, Andrés Fernández-Albalat, tesoureiro da Academia Galega, e Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega. Máis ou menos, o de sempre. Aquí estamos para salvar a cultura galega, e menos mal que nos queda Portugal. Algo críptico, que non crítico, mostrou Albalat cando se referiu a Cañada como "un editor e empresario arriscado e ás veces temerario" ou cando salientou "a fidelidade dos lectores e o esforzo duns redactores mozos e de intelectuais de esquerdas" que lle deron á Enciclopedia "unha concepción moderna e crítica da realidade de Galicia", ou cando explicou a nova xeira dicindo que se lle deu unha volta "para reducir unhas voces e ampliar outras". Habrá que espe-

rar a ver como foron esas reducións e ampliacións. De momento o que se sabe é que a Xunta de Galicia destinou importantes subvencións para facilitar a publicación da obra presentada.

Un dos poucos "progres" que estiveron no Hostal deunos esta versión: "Eu sentínme algo como un polbo nunha garaxe. Ata miraba para a porta pensando que estaría a piques de entrar o Caudillo redivivo para poñerse a papar canapés. A verdade é que a festa foi moito. Os que impediron no seu día que se publicara a obra de Ramón Cabanillas ou que dificultaron que Silverio Cañada publicara, en edición de quiosco, a vida do Che Guevara, alí estaban aplaudindo e facendo súa a enciclopedia dun editor asturiano que seguramente vertería sobre eles o vaso de whisky se os vira apoderarse da súa figura. ♦

### Os Bolechas



Cómo é un parque de bombeiros

### Os Bolechas



Primeiro amor en Ferrol



A moeda de Lugo



Buscando a Linda en Pontevedra

queren saber

van de viaxe

## Carme Adán

### 'O feminismo é un movemento fortemente filosófico'

CARME VIDAL

**Feminismo e coñecemento. Da experiencia das mulleres ao ciborg (Espiral Maior) é o título do libro que Carme Adán ven de publicar e que foi resultado da investigación desenvolvida para a súa tese de doutoramento. Filósofa e feminista, Carme Adán aborda algún dos temas de maior relevancia no pensamento feminista actual como son a participación das mulleres na ciencia e a tecnoloxía e a construción do coñecemento desde unha perspectiva feminista. Coordinadora da Aula Castelao de Filosofía, Carme Adán dialoga no seu libro coas máis actuais teorías do feminismo e afonda nas súas implicacións prácticas e políticas para as mulleres.**



PACO VILABARROS

#### ¿Que papel ten o estudio do coñecemento dentro da teoría feminista?

Ten un dobre papel, por unha banda toda teoría ten unha parte de revisión de si mesma e aí é onde entra o tema da epistemoloxía, da revisión dos propios fundamentos da teoría feminista, do xénero ou da experiencia das mulleres. Por outra parte, a introdución da perspectiva feminista no tema da ciencia é novo. A teoría feminista xurde no ámbito das ciencias sociais nos anos setenta e principios dos oitenta e, de forma máis tardía, dáse un corrento cara as ciencias, fundamentalmente as da saúde. Nun primeiro momento as mulleres preocupadas polo feminismo e a ciencia son as científicas que, polo seu traballo e pola súa militancia feminista intentan interseccionar os dous campos. Nos anos noventa xorde de forma máis sistemática o cuestionamento desde a teoría feminista do coñecemento científico analizando temas como o da súa construción, se é neutral, se está permeado por valores, cal é a noción de obxectividade e un asunto moi interesante como é a reflexión sobre o que se coñece como o suxeito mulleres trasladado á órbita do coñecemento. É dicir, un tema importante dentro da teoría feminista é a reconceptualización das mulleres como suxeito político e, dentro da filosofía da ciencia, tamén se dá a reflexión sobre o suxeito cognoscente. Nas reflexións das feministas sobre o tema do coñecemento relaciónase o tema de se as mulleres poden ser suxeito de coñecemento ao do acceso a ser suxeito político. Esta reflexión ten ligazóns constantes coa práctica e a política e a participación das mulleres en materia científica e tecnolóxica é unha delas.

#### ¿Cuestiona o feminismo a obxectividade da ciencia?

Xa desde a crítica de Kunh e os estudos sociais da ciencia cuestiónase a obxectividade do coñecemento científico e nesa liña inscribíse tamén a reflexión desde o feminismo, na traxectoria de mostrar que obxectividade non é igual a neutralidade, aínda que aporta unha perspectiva novedosa. A obxectividade para autoras como Longino, Harding ou Haraway é diálogo, explicitar uns valores e quedarnos cos que máis nos poden interesar e non negar o ámbito dos valores porque entón estaríamos nunha ciencia dominadora e cega á perspectiva social. Cuestionar a obxectividade na ciencia non é algo que faga só o feminismo pero o que si é propio é o interese por parte de moitas autoras de definir a obxectividade en función dunha ciencia máis dialóxica, máis democrática e participativa e non eliminar por completo o concepto.

#### ¿Inflúe entón a forma na que foron socializadas as mulleres nese concepto de ciencia?

En lugar de ver en negativo o que significou a socialización das mulleres trátase de ver o lado positivo na elaboración do coñecemento. Longino, por exemplo, chega a facer un decálogo do que serían os criterios feministas que deberían aparecer

no coñecemento científico. Entender, por exemplo, que é máis positiva a complexidade que a simplicidade, porque ese é un principio máis acorde coa maneira de entender o coñecemento por parte das mulleres, pero esta expresión é tamén problemática porque non é algo que pertenza por esencia ás mulleres senón que ese "ser mulleres" é unha situación que pode ser ocupada por calquera persoa, non significa que sexa muller biolóxica. Desa socialización tirase unha determinada perspectiva que non é unha identidade ríxida.

#### No libro faise unha revisión do concepto de xénero, ¿xa non é válido para o feminismo?

O concepto de xénero foi

moi valioso para a teoría feminista e deu froitos analíticos e políticos. O que ocorre é que nestes momentos úsase de forma análoga ao concepto mulleres, enténdese polo mesmo en expresións como "violencia de xénero" cando en principio o concepto de xénero é relacional e intenta desvincular ás mulleres do sexo, mostrar como todo é unha construción social. Pasou a significar o mesmo que sexo e converterse nun esencialismo cultural. No libro analízase como o concepto de xénero non aportaba claves novas no ámbito do coñecemento porque se utiliza para a crítica, para a deconstrución de discursos xa establecidos pero para a construción de novos co-

ñecementos precisábanse máis conceptos. De aí que empregara, por exemplo, o de experiencia das mulleres. Nesa necesidade de buscar conceptos alternativos que ocupen espazos onde o xénero non chega aparece, por exemplo, o ciborg. O xénero serve para mostrar determinadas opacidades do discurso tradicional. Cando Haraway di que as mulleres deben entrar en materia científica e tecnolóxica fai unha afirmación política pero cando constrúe o seu discurso intenta buscar categorías que non caian nos problemas do xénero, de aí que utilice o concepto de ciborg ou de monstro que cubre espazos onde o xénero non chega.

#### ¿Que solución a noción

#### de ciborg?

Trátase dunha construción enriba do concepto de experiencia das mulleres porque serve para focalizar ou mostrar problemas. Ten unha dimensión construtiva importante porque intenta deixar atrás o lastre que supón a sexualidade para as mulleres. Semella un experimento de visión, non porque se deba esquecer a corporalidade e a materialidade, senón porque intenta buscar unha lóxica distinta de pensamento, non desde unha óptica binaria sexo-xénero senón, como di Haraway, un mundo post-xenérico.

#### Vostede sinala un proceso desde a experiencia das mulleres ao ciborg dentro do pensamento feminista.

Concretamente na obra de Haraway. A experiencia das mulleres foi moi utilizada no feminismo dos anos setenta como se ve en títulos como *Recuperemos as mans* de M<sup>o</sup> Xosé Queizán ou proxectos do tipo "facer visíbeis". Trátase de recuperar algo que estaba pero que non se vía e, ademais disto, o propio labor de construción que acarrea a experiencia das mulleres marca un camiño interesante para a teoría feminista. É dicir, non se pode só criticar e mostrar a invisibilidade senón que hai que construír o coñecemento con alternativas e perspectivas novas. Iso é o que fai Haraway co ciborg.

#### ¿Como pasan esas teorías ao movemento feminista?

O feminismo ten que dar resposta aos problemas e cuestións como a biotecnoloxía, a reprodución asistida, os alimentos tranxénicos... todo este tipo de temas forman parte da tecnoloxía actual e son importantes para as mulleres. O ciborfeminismo trata temas como a reflexión sobre a tecnoloxía que son cuestións onde a práctica política das mulleres está en xogo.

#### ¿Existe unha ciencia feminista?

O que existe é unha forma de facer ciencia e tecnoloxía como feministas, é dicir, menos dominadora, que asume que non é neutral, que está pensada para o benestar social e non para o beneficio económico, que é crítica coas tecnoloxías militares ou que loita contra a explotación dos países pobres.

#### ¿Como se recibe un traballo como o seu no ámbito filosófico ao que pertence?

A filosofía tradicionalmente tivo un discurso androcéntrico e que sexamos tidas como interlocutoras válidas é xa un cambio considerábel. Destaco neste sentido xa non só a relectura que se ten feito de autores clásicos senón a elaboración de coñecemento alternativo desde a perspectiva feminista dentro da filosofía. O feminismo é un movemento fortemente filosófico, inscribíse nunha liña de discurso ético e político da modernidade, no concepto de igualdade, de liberdade, de auto-determinación. Que as filósofas feministas se inscriban en correntes como o empirismo, o marxismo ou o posestruturalismo fai que teñan capacidade para subvertir os propios conceptos. ♦





Silueta de mozo, 1933-34, de Pablo Gargallo. Ferro forxado.



Ledicia do campo vasco (Fuenterrabía), 1920, de D. Vázquez Díaz. Auga sobre lenzo.



Máscara acelrada, 1929-30, de Julio González. Bronce patinado.



Canto das espigas, 1928, de Maruxa Mallo. Oleo sobre lenzo.

## Maruxa Mallo, Dalí, Picasso, en Vigo

A.N.T.

Baixo o título *Vanguardias. 1925-1939* Vigo acolle case corenta obras dalgúns dos artistas españois que marcaron o devir internacional da arte na primeira metade do século pasado. A exposición poderá ser visitada ata o vindeiro 21 de xuño no Centro Cultural Caixanova.

Obras de galega Maruxa Mallo, Salvador Dalí, Miró, Picasso, Pablo Gargallo, Juan Gris, entre outros artistas destacados dentro do movemento artístico das vangardas, conforman as trinta e unha pinturas e oito esculturas que exhibe *Vanguardias. 1925-1939*. Os fondos de reserva do Museo Reina Sofía e obras da colección per-

manente do propio museo madrileño constitúen a base de *Vanguardias*, mostra que se presenta como o complemento da exposición *Cambio de siglo. 1881-1925*, que foi exhibida en diferentes localidades do Estado recentemente.

*Vanguardias* arranca en 1925, por ser un ano clave na consagración dun arte de vangarda

español, ao celebrarse a "Primeira Exposición da Sociedade de Artistas Ibéricos", en sintonía coas manifestacións artísticas europeas e péchase en 1939, momento no que conclúe a Guerra Civil e a etapa de arte renovador dos anos vinte e trinta.

A través da exposición propónse un percorrido estético

dende o surrealismo, presente na obra de Miro, Dalí, Óscar Domínguez ao cubismo de Juan Gris, María Blanchard, sen esquecer o constructivismo de Torres-García e Maruxa Mallo nin o realismo social do período bélico de Horacio Ferrer, Celso Lagar e Antonio Rodríguez Luna. Ademais das obras pictóri-

cas e das esculturas, a exposición complétase cunha selección de facsímiles dalgúns das revistas literarias e artísticas máis destacadas do momento e unha maqueta de pavillón español na Exposición Universal de París de 1937, espacio onde se mostrou a arte do momento, incluído o Guernica de Picasso. ♦



CADA MES  
NO SEU QUIOSCO

# GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA

SILVERIO CAÑADA

A NOSA OBRA MÁIS GRANDE, AGORA  
ACTUALIZADA, AMPLIADA E EN GALEGO.



25.000  
fotografías

100.000  
entradas

2.500  
gráficos

500  
mapas

44  
volumes

A nova edición da Gran Enciclopedia Galega-Silverio Cañada está totalmente  
ACTUALIZADA: páxina a páxina, da primeira a última, texto a texto, foto a foto,  
mapas, gráficos, cadros estatísticos... AMPLIADA en máis de 2.500 páxinas, con  
tódalas novidades sobre Galicia e EN GALEGO.

900 361 025  
[www.encyclopedia.galega.com](http://www.encyclopedia.galega.com)

El Progreso  
Diario de Pontevedra



## Os miserábeis

DAMIÁN VILLALÁIN

Corre varios días por semana, arredor da unha do mediodía, no centro mesmo de Vigo, moi pertiño da miña casa. Pouco a pouco vanse agrupando alí, na bulidreira confluencia das rúas Urzaiz e Cervantes, dúcias de xentes desaseadas, co ollar fuxidío e culpable da pobreza marcado nos seus rostros. Poden acabar formando un grupo de cincuenta ou sesenta persoas, homes e mulleres. A maior parte deles non fai ningún esforzo por disimular a súa condición e comparecen sucios e desgredados. Outros, en cambio, intentan manter un decoro case imposible e levan o pelo graxento repetido para atrás, abrillantado e humedecido quen sabe con qué impensables locións. Tamén hai eivados e típos cunha perna ou cun ollo cubertos por vendas ennegrecidas e sudadas.

Concítanse alí, entre o apurado ir e vir dos bancarios, dos oficinistas, dos avogados e dos vendedores, convocados pola fame, pola negra fame que inxerirán matar por unhas horas ou por uns días co rancho compasivo e hipercalórico que lles ofrecen as "Misioneiras do Silencio", unhas santiñas que se dedican a estas cousas. Son os miserábeis, os pobres sen remedio, os tirados, os verdadeiros e únicos perdedores con dereito a reclamar para si ese calificativo no que os burgueses e os acomodados albiscamos ás veces unha chispa de romántica beleza. Son os expulsados do século e os seus banais e maravillosos praceres cotiáns. Son os nosos medievais compartindo vergonzantemente empo e espacio con nós.

Ninguén sabe onde viven, onde dormen, con quen falan ou qué lles pasou. Algúns tal vez teñan fillos nalgues. O único contacto que temos con eles é cando nos molestan nunha terraza para pedirmos esmola ou cigarrillos, antes de que veña rapidamente o camareiro a espantalos. E mentres isto ocorre, é posible que na televisión estean emitindo algún conmovedor programa solidario cos pobres remotos e distantes dun país do Tercero Mundo, ou unha reportaxe sobre a exclusión social, ou sobre Lula e o Foro de Portoalegre.

Pero ningún partido político dixo unha palabra sobre a miseria urbana nos seus programas municipais. Ninguén quere saber nada deste outro Tercero Mundo que temos aquí habitado por excluídos que pasan fame e que probablemente non son peor xente que os residentes das favelas que Lula quere redimir entre a admirada emoción da esquerda xusticeira e o obsequioso recoñecemento da dereita caritativa. Tan só, cada-ladame, as "Misioneiras do Silencio", esas santiñas. ♦



## De paso

### As fotos á espera de Xosé Luís Abalo

X.C.

"Esperando o sol / Esperando o trem / Esperando aumento / para o mês que vem / Esperando um filho / pra esperar também / Esperando a festa / Esperando a sorte / Esperando a morte / Esperando o norte / Esperando o día de esperar ninguém / Esperando enfim nada mais além / Da esperança aflita, bendita,

infinita / Do apito do trem". Así falaba unha das máis populares cancións de Chico Buarque, "Pedro Pedreiro", e así se sinte un traspasado ante as fotos desta mostra de Xosé Luís Abalo, que se amosan nestes días na Casa das Artes de Vigo.

O fotógrafo venezolano, afincado desde hai moitos

anos na Galiza, tomou tres puntos de referencia para realisar esta serie fotográfica que titulou *De paso*. O tren Vigo-Barcelona, o famoso *Shangai*, o tren posibelmente máis lento da península nese percorrido de mil quilómetros que tanta emigración levou. O barco de Cangas, na Ría de

Vigo, o mesmo que ollamos melancólicos en *Os luns ao sol*. E finalmente as estacións de autobuses.

Son fotos olladas desde dentro e desde fóra do tren, do barco ou do autobús, e converten a espera ou o desprazamento case nun xénero da vida cotián de todos nós. ♦



## Non apto para puristas

MAR BARROS

Con novas incorporacións, Mutenrohi ataca de novo. O seu último disco, *Maio*, volve arremedar ao purismo mesturando a tradición máis ancestral coa vangarda, nun intento de "actualizar o pasado".

Despois de troulear no 2001 por festas e escenarios con *Danze*, un traballo cheo de forza en directo e confirmación definitiva da banda ourensá, Mutenrohi aparece cun novo disco ategado de temas tradicionais aderezados cos ritmos pop e funky máis actuais.

Sen esquecer o afán innovador co que naceu a formación aló polo ano 1995, *Maio* arreda-se das secuencias, das loops, dos baixos con distorsións e das composicións de autor que caracterizaron os seus últimos discos, para mergullarse máis fondo no folk e no pop. "Queremos facer algo distinto, -indica o vocalista do grupo Juan Carlos Fasero- que non se saiba se é unha peza de autor ou tradicional. Así que decidimos mesturar. A idea é que a xente cando escoite Mutenrohi saiba que iso é Mutenrohi e non Berrogüetto nin Milladoiro".

"Sen desprezar a tradición" Mutenrohi tenta superar a barreira do tempo mesturando muiñeiras, ruadas, pezas ancestrais conservadas nas aldeas, con elementos da música máis actual. O pop, funky, rock, ritmos da música electrónica e instrumentos que non teñen cabida nunha formación clásica de folk conducen o grupo ourensán cara terreos máis con-

temporáneos, co obxectivo de "actualizar a tradición -como sinala o batería de Mutenrohi, Abraham Vila- pero sen esquecer as raíces". "Para facer música purista xa están os puristas", espeta Fasero.

Neste quinto disco, Mutenrohi deixa de inventar cancións para falar coas verbas do pobo, distanciándose da composición de letras e así centrarse nos arranxos futuristas que adaptan

a tradición ao seu estilo persoal. "Maio é o disco máis tradicional, con máis presenza de temas recollidos por outros grupos folk, pero ao mesmo tempo é o máis pop, porque Mutenrohi sempre tenta adaptarse ao que máis se leva no momento e coído que é en *Maio* onde quizais se consegue con maior naturalidade" apunta Abraham Vila.

Nun panorama musical atei-

gado de grupos tradicionais e folk, cunha certa saturación por parte do público, os ourensáns reivindicando "a cor, a naturalidade e o calor", xa no título, con violíns, baixos, frutas, gaitas e teclados. Ademais de con estilos actuais, Mutenrohi tenta rachar o inmovilismo purista incluso con baladas heavies. En *Maio* recollen a peza de Extreme *Máis que palabras*.

Na procura "de enriquecer a

personalidade do grupo e do disco", os ourensáns rodeáronse de colaboracións para a gravación de *Maio*. Marcos Vázquez, Susana Viso e Ricardo Mourente fornéncelle, como comenta Fasero, "novas pinceladas e cores".

### Artistas nacionais

En pleno momento de expansión da música folk e tradicional gallega máis alá das fronteiras do país, como acontece co éxito de Faltriqueira en Europa, Berrogüetto en Alemaña, Laio en Canadá ou Carlos Núñez en Francia, a discográfica coa que sacou os seus últimos discos Mutenrohi, Zouma Records, vén de firmar contratos en Asia para a promoción e distribución do material que se elabora aquí. Sen embargo, os compoñentes da formación apostan máis por "asentarse na Galiza e no Estado", baixándose do carro internacional.

"O éxito máis alá das fronteiras é moito relativo. Ti podes ir tocar a moitos lugares, algo que enriquece o currículo do grupo, pero se non contas cun apoio discográfico para que o público coñeza os teus traballos anteriores, non vas a ningún lado. Primeiro cómpre crear unha rede e logo ir a tocar alí. O que acontece é que é un proceso moito máis lento". ♦

## Marchas e novas incorporacións

"O grupo comezou a transformarse coa marcha de Cristina Pato. Nese momento había dúas posibilidades, ou continuar como a súa banda ou seguir a nosa carreira aparte. E decidimos romper", comenta Fasero. A partir dese momento comeza a transformación de Mutenrohi, coa chegada da vocalista Cris-

tina Barriga e do gaiteiro Xurxo Brea. Coa gravación deste último disco vén de vivir o seu último episodio.

Despois de seis anos de viaxe innovadora o grupo sofre as baixas da pianista Raquel Pato e do baixo de Xoán Padrón Seco e as entradas de Iván Salgado e Raquel Rodríguez.

"Raquel e Xoán aínda tocaron no anterior disco *Danze*, -sinala Abraham Vila- pero en *Maio* xa traballaron Iván e Raquel Rodríguez, que non teñen nada que ver cos anteriores membros. Sen embargo, a forma de tocar empastouse ben, atopouse o equilibrio entre a banda". ♦

de SEMANA

## Minsk (II)

CÉSAR VARELA

Desde o avión xa dá para perceber como é unha cidade planificada. Pódese apreciar a organización dos edificios en medidos cuarteiróns e as amplas rúas vertebrando o urbanismo da cidade. En Minsk está plenamente vivente a arquitectura soviética. A cidade aparece ao visitante limpiísima, con amplas avenidas e folgadas beirarúas. Seica na guerra foi totalmente arrasada e debeu ser reconstruída totalmente. Os símbolos soviéticos permanecen totalmente asumidos, e por calquer lugar podemos ollar a fouce, o martelo ou a estrela vermella.

O goberno de Belarus está dirixido polo seu presidente Luckashenko, que entendemos segue o camiño que nunca debeu abandonar Rusia, ou sexa suster o exército e ter unha policía actuante e capaz de manter a raia o inzamento das mafias, propiciando así unha apertura económica e política controlada. Nas tendas non falla ningún produto occidental. A descrición política que fai do país o meu libro-guia inglés, descalificando ao presidente actual xa nos dá un pouco que sospeitar (seguro que o autor tería preferido a un tipo Yelstin dirixindo o país).

O pouco que falamos da situación política foi cun un rapaz novo, capaz de expresarse en español e inglés, desde o seu oficio de taxista, que sustiña que a única mafia que existe alí é a do goberno. Nós sospeitamos que baixo esa queixa agáchese a raiba dos mafiosíños de medio pelo que gostarían de ter as mans libres para facer as súas trappalladas. Máis bos sinais: non se ven os desacougantes autos de vidros escuros que tanto inzan por Moscova, non se atopan mendigos e a xente anda ben vestida conforme os parámetros occidentais. Os bares dos hoteis están cheos de mozas de marabilloso pero equívoco aspecto e aínda pola noite sonou o teléfono no noso cuarto para ofrecernos servizos sexuais.

O país é totalmente chao, sen altura ningunha e o aspecto natural é de enormes bosques de faias e bidueiros, onde aínda se cría o mítico búfalo ou bisonte europeo que era obxecto de caza polos nobres polacos e rusos. A guía informámonos que nesta cidade viviu Lee H. Oswald, o matador do presidente Kennedy.

Aínda que existe un idioma bieloruso o que se fala amplamente é o ruso, aínda que a mocidade estudada pode defenderse moi ben en inglés. En fin, agora que chega o verán quen non queira seguir os roteiros tradicionais dos nosos destinos turísticos velaquí teñen un paso para descubrir habitado por xentes tranquilas, de pel moi branca ollos clarísimos. ♦

## Amigas pola poesía

CARME VIDAL

Catro son da comarca da Barcala e unha de Negreira. Teñen entre vinte e vintecinco anos. Unhas traballan e outras estudian. Todas son autoras de *Cando as luces rebentan o silencio*, un volume con cinco libros poéticos que asina o colectivo *Nova Verbas*.

Lupe Oroña, Anet Beiro, Rosa Lois, Silvia Mariño e Lorena Peillet son as autoras dun volume cun título único que, sen embargo, ten no seu interior cinco libros de poesía. *Esencia de Pensamentos* é o de Lupe Oroña, *Cómicas analoxías* o de Lorena Peillet, *Dende a sombra do abatemento* escribío Silvia Mariño, *Entre lusco e fusco* vai asinado por Rosa Lois e Anet Beiro titula a súa aportación *De soños e vixilias*. Forman parte do colectivo poético *Novas Verbas* que asina o libro, publicado na colección Varilongo de *tresCres editores*, pero non comparten manifesto nin ideario literario algún. Ben ao contrario, as poetas mostran a súa independencia creativa e teñen en común, pola contra, un certo xeito emocionado e vital de se dedicar á poesía.

¿Por que se xuntan estas poetas? Para poder publicar, para compartir esta súa querencia pola poesía e tamén para pasalo ben neste colectivo que deixou de ser só poético para se converter en grupo de amigas. Entre a maior e a máis cativa non hai máis de cinco anos, poucos quilómetros separan as súas casas, situadas todas na comarca da Barcala e no concello cercano de Negreira e, por riba, ningunha é estudante de Filoloxía, unhas traballan e dúas que estudian están en Políticas e Psicoloxía.

Teñen outro importante punto en común. De aparencia son animosas e alegres. Cando se lle preguntan por que escriben, contestan que para botar fora todo un mal de sentimentos que afoga ou para rematar coa tristura. "Escribir é desde sempre unha necesidade, unha vía de escape e publicar o libro agora é un soño cumprido" di Rosa Lois e case nos mesmos termos se expresa Lorena Peillet cando resume nunha palabra o que para ela significa a poesía: "desafogo". "Temos moitas cousas en común. Aínda que escribamos de forma distinta a temática é a mesma, a melancolía, a soedade, o pesimismo..." asumen en grupo. ¿Desde cando escriben? Pois desde sempre. Algunha di que leva arredor de quince anos na poesía e con ese dato abonda para dúas cousas. Unha: deixar claro que a súa relación non é pasaxeira. Dúas: botar contas e ver que eran ben nenas cando comezaron na arte de facer versos. Lorena tardou algo máis. Tivo necesidade de escribir despois de asistir a un recital colectivo dos mozos poetas da chamada xeración dos noventa.

Que sexan cinco mozas e ningún rapaz non é dado ao que lle dean demasiada relevancia. É case coma se cadrara. Entenden que non hai distinción na súa for-



A. PANARO

ma de escribir e na dos homes. Por exemplo, Rosa Lois considera que non hai sexismo na literatura e o que lle gustaría é "que a xente lera un poeta e non dixera e isto é dun home ou dunha muller". "A poesía non ten xéneros, é como os anxos" di non sen certa ironía Silvia Mariño.

Cando presentaron o libro na Barcala asombráronse da canti-

dade de veciños que e achegaron ao acto. Máis aínda dos que se desprazaron a Compostela e ateigaron a sala da galería de Sargadelos onde as mozas estiveron acompañadas pola escritora Helena Villar e o galeguista Avelino Pousa Antelo. Todas elas recoñecen con alegría que isto de ter cinco autoras novas da zona nun libro é motivo de gabanza para os

de Negreira, a Baña e Santa Comba. Non saben que vai pasar a partir de agora coa súa carreira literaria. As máis, confesan que xa teñen algún libro rematado na gabetá á espera de editor. Algunha móstrase máis cautelosa e di que o tempo é o que dirá. Coñecéronse por medio de Xosé M. López Ardeiro, poeta tamén e autor do primeiro libro da colección, que foi quen as puxo en contacto e ao que agarimosamente chaman "o avó". Non aparenta ter Ardeiro idade abondo para ser dúas xeracións anteriores ás mozas pero asume con gracia o apelativo e el mesmo responde dirixíndose ás autoras como metas. "Téñenos preguntado por el como o noso avó. Hai moita xente que o cre de certo. Chamámonlle así porque os avós son moi especiais e iso é el para nós". E debe ser mesmo porque el é o autor dun dos limiares e a el só dedicáncelle as cinco poetas o libro.

"Comparten non só os inmensos recovecos da amizade xuvenil, senón as anqueiras literarias nun colectivo estable. E esfórzanse xuntas en conservar elementos formasi, como a rima e a estrofa; en buscar símbolos para unha linguaxe poética que se adapte aos diferentes ámbitos da súa contemporaneidade; e en practicar a osadía rompedora, incorporando ao seu lirismo novas paisaxes físicas e humanas" di Helena Villar destas cinco poetas que, a seu ver, malia a curta idade, "xa están de xeito singular e irrepitíbel ás portas do tríptico arcano que é fonte de toda a poesía: o amor, o tempo e o olvido". ♦

## GONZALO





P. VILABARROS

## Xesús Dobao ‘A cerámica vai máis alá do utilitario e do modelado’

A.N.T.

Despois de varias exposicións de pintura e de ser seleccionado nos concursos de cerámica L'Alcora e Cerco 2000, presenta a súa primeira mostra de cerámica na Popular de Vigo. **¿Que intenta transmitir con *En construcción*?**

O obxectivo é que a xente perciba que a cerámica ten moitas posibilidades, máis alá do simple modelado e do concepto de cerámica utilitaria. Cada peza é unha escultura nas que a cerámica presentase simplemente como o medio para crealas, un material cunhas potencialidades inmensas, que non debe considerarse o irmá pequeno da arte. Por iso na mostra presento varias pezas de parede mediante o traballo de placas e barro case seco fuxindo do modelado.

**Os novos artistas atopan moitas dificultades para expor a súa obra. ¿Tamén lle acontece aos ceramistas?**

**Acontece. O problema é que non existen moitos espazos alternativos, con espazo suficiente para que se expoñan esculturas. Neste sentido, cómpre potenciar salas como a Popular, que dan saída aos novos que queren presentar a súa obra.**

Ademais de Sargadelos, ¿trabállase moito a cerámica no país?

**Na Galiza non existe unha tradición cerámica arraigada como a que pode haber no Levante, así que as creacións artísticas son moito menores, tamén en parte polo tema das salas. Sen embargo, existen ceramistas recoñecidos internacionalmente, como Miguel Vázquez e Emilia Guimerán, que tentan crear interese pola cerámica, traendo cada verán artistas estranxeiros.**

**Ademais de ser creador tamén ten a súa propia tenda de artesanía. ¿Como se conjugan ambas facetas?**

**Se xa é difícil vivir da pintura, é mais complicado vivir da escultura e da cerámica. A saída do ceramista está precisamente aí, en traballar coa artesanía e intentar vender as obras propias, a través de feiras e outros establecementos. ♦**

# O triunfo de Guitiriz en *Eurovision*

MAR BARROS

Quixo participar en Eurovisión con símbolos de *Nunca Máis*, pero a organización foi estricta. Así que Verónica Codesal non puido coroar as cimas eurovisivas con bandeiras negras e azuis, pero si co protagonismo da gaita do seu país e o grupo belga *Urban Trad*.

Nunca antes Galiza estivera en Eurovisión. E curiosamente foi Bélxica quen apostou pola voz da cantante de Guitiriz, Verónica Codesal. E triunfou, a ritmo de gaita, na cidade estona de Riga, no medio dunha marea de música repetitiva, ante o entusiasmo do público e o pasmo dos directores de marketing de Operación Triunfo.

Nun idioma inventado e con *Urban Trad*, Verónica conseguiu que a gaita galega vivise o seu debut eurovisivo, no medio do Skonto Hall. Pero tamén que dende aquí e dende calquera recuncho do mundo os galegos puxesen os seus ollos en Bélxica e os seus *twelve points to Galicia, douze point pour la Galice*.

O feito de tratarse “dunha música folk, na que as raíces galegas teñen moita importancia e a gaita galega un forte protagonismo” levou a Verónica, filla de galegos emigrados en Bélxica, a aceptar a proposta da formación folk belga *Urban Trad*, liderada por Yves Barbieux. Así se presentou en Eurovisión un tema, *Sanomi*, que rachou, coa súa vocación universalista, o enfrontamento das diferentes comunidades lingüísticas belgas e co encorsetado estilo do festival.

Sen embargo, a relación da galega coa música é anterior a Eurovisión. Hai dous anos xa colaborara con *Urban Trad*, banda caracterizada polo seu peculiar xeito de tocar, achegándose a rit-

mos celtas e anos antes xa gravara o primeiro disco coa súa formación de pandereiteiras *Ialma*.

“A música e a cultura galega teñen boa acollida en Bélxica”, indica Verónica Codesal “coñecese e admírase, ata o punto de que dou clases de pandeirata e baile galego nos colexios e non paro”. Comprometida coa cultura galega, con carta de residencia pero sen nacionalidade belga, a moza de Guitiriz tamén participou activamente no movemento social que estoupou por todo o país e por toda Europa a partir da catástrofe do Prestige, especialmente dende a plataforma *Nunca Máis* de Bruxelas.

Con dous discos ás costas, centos de concertos co grupo de pandereiteiras que integra, *Ialma*, e unha carreira musical que parte do Centro Galego de Bruxelas, Verónica Codesal aúna experiencia e talento. Despois de non ser aceptada a cantante *Soetkin Collier*, non foi casualidade que o grupo escollera a galega como unha das intérpretes vocalistas para defender a canción que representaba a Bélxica. Nun momento no que o mundo discográfico está a sufrir unha serie de problemas que lle afectan profundamente, dos que a música folk non é allea, Verónica Codesal móstrase esperanzada, porque como ela indica, “tralo éxito de Eurovisión este estilo musical semella ter futuro”. ♦



## As fillas da *Ialma*

Lonxe do éxito no festival europeo, moito antes de que a cara de Verónica Codesal saíse nas páxinas dos xornais e en todas as televisións, na Galiza o nome de *Ialma*, o grupo de cantadeiras, dicía algo máis que *Urban Trad*. Composta por cinco descendentes da emigración en Bélxica e seis músicos belgas, *Ialma* preséntase como unha moderna formación de pandereiteiras que mestura as raíces galegas coa cultura flamenga e valona. Con acordeóns, guitarras, gaitas, frautas, percusións e pianos, estas cinco mulleres recollen as cancións populares dos seus ancestrs achegándoas a un estilo persoal, que renova a música folk e as inclúe dentro da tendencia *worldmusic*.

A andaina de *Ialma* arranca en xaneiro de 2000, coa publicación do primeiro álbum *Palabras darei*, co que xirarían por numerosos concertos en Bélxica, en varios países europeos e tamén en Taiwan. Tan só dous anos despois, as cantadeiras volven novamente a actualidade musical cun novo



*Ialma*, o grupo ao que pertence Verónica Codesal, está formado por fillas de emigrantes galegos en Bruxelas e estiveron, non hai moito, pola Galiza presentado o seu último traballo.

traballo, *Marmuladas*, resultado da conxunción entre as vocalista e os músicos, no que se coidaron especialmente as melodías e os arranxos, na procura de achegamento cara un público moito maior

sen distanciarse da música folk. “Co sentimento de abandonar a cultura galega por todo o mundo” a formación galego-belga vén de presentar en Compostela e Lugo este último traballo. Como

indica Verónica, “é posíbel que o paso polo festival inflúa positivamente en *Ialma*, especialmente na Galiza, onde a xente acostuma preguntarnos cando poderán vernos en directo”. ♦

## As formas de aprendizaxe

XURXO G. LEDO

Os galegos estamos moi acostumados a aprender a medida que nos suceden os acontecementos, aprendemos coa experiencia. Esta forma de aprendizaxe ten beneficios salientábeis pero tamén moitos perxucios. É unha aprendizaxe que fomenta o conservadurismo, que facilita o desenganho e que penetra no fondo das células para quedarse nelas. Como exemplos temos a emigración, o minifundismo, o individualismo ou o caciquismo. Aprendémolos con base na experiencia, vivindo as súas ensinanzas na carne, grabadas para non esquelencelas nunca máis.

De non mudar as formas de aprendizaxe, non mudarán nunca os pensamentos ancorados, a sumisión e o sentimento de débeda para co poderoso, co señorito e o empresario benefactor que nos dá traballo.

É necesario iniciar unha ensinanza paralela aos colexios oficialistas, á escola da televisión triunfal e o verbo do alcol embriagante no que agochar a angustia. É urgente abrir espazos para expresar e escoitar a aqueles que están a crecer rodeados de coches brillantes, roupas de marca, música de importación e cine para impresionar as retinas con heróis de ciencia ficción. Non serve editar folletos e programar actividades nas que o obxectivo é úicamente a acción, evitando sempre a reflexión.

A mocidade non cre en persoas e si en cousas porque as cousas apórtanlle senso á súa vida que é guiada dende os colexios cara a satisfacción material e o desprezo a todo o que cheire a honradez e por extensión política.

Así podemos contemplar como as frases máis significativas son: "eu paso da política", "eu non entendo dico nin me importa", "a política é boa para os que viven dela", "eu non sei a quen votarlle, ¿a quen lle votas ti?", e "son todos iguais".

Se as persoas encargadas de interpretar a nosa realidade siguen vivindo en ideas plastificadas e acristaladas. Se non son consultadas aquelas que viven cada día e corpo a corpo cos problemas cotiás e quédanse nos grandes proxectos e a xestión eficaz desde os despachos quentes, entón seguiremos o camiño dos nosos devanceiros, crendo que chegaremos á verdade polo camiño do centro. ♦

## SITIOS

Mar Barros

# O feitizo da Casa dos Druídas

Non sempre cadra pasar polo concello pontevedrés de Vila-boa, porque case todos os destinos se perden nas cidades próximas, azeitadas de todo menos de misterio. Pero quen se achegue por esta vila non debería marchar sen tomar algo na Casa dos Druídas, un dos pubs que mellor conxuga a maxia da Galiza celta, o facer milenario dos sacerdotes e as lendas druídicas.

Rehabilitada hai sete anos, a secular Casa dos Druídas sempre foi morada de feiticeiros, de co-rexidores que percorrían toda a zona do Morrazo ao lombo dun cabalo branco, polo menos iso é o que conta a lenda. Xeracións de druídas foron habitando a casa sucesivamente identificándoa co feitizo, coa maxia. Así que o intrépido que se atreva a mergullarse en todo este mundo celta contido entre os grosos muros de pedra, poderá saborear unha cervexa irlandesa, unha infusión de flor de toxo, xa non o misterioso licor druídico que caracterizou o pub, pero si calquera outra bebida, quizais no mesmo lugar onde, noutro tempo se prepararon bebedizos e apócemas. Ademais poderá contemplar, entre os símbolos celtas e os apeiros tradicionais que adornan as paredes, nun dos cachotes, un símbolo descoñecido, pertencente a *ogham*, un sistema alfabético dos celtas, signo que coincide con inscricións espaxadas por toda a Costa da Morte e que os canteiros empregaban para sinalar o remate da obra.

Pero a Casa dos Druídas é moito máis que un simple local de copichuelas. Os cadros e es-



culturas das exposicións que acolle e a actuación de grupos folk de todo o país teñen boa parte de culpa. Polo pequeno escenario do interior teñen actuación os Carunchos, Treixadura, Liorna, o humorista Fredi Kruger, Piolia ou os desaparecidos Morrokosono, pero tamén centos de espontáneos que levan os seus instrumentos para pasar unha boa noite entre amigos e cervexas. Quen non teña habilidades musicais tampouco ten que preocuparse, na Casa dos Druídas sempre está a soar a mellor música folk feita no país.

De escoller unha data para

se perder dentro desta atmosfera ancestral, a noite de Samaín parece ser a máis axeitada, porque en poucos lugares se pode sentir o espírito celta tan presente. Calacús pendurados do canastro e no interior da propia casa son a ambientación perfecta para que o druída poda predicir o futuro a aqueles que se acheguen o 31 de outubro na procura de coñecer a súa sorte. Tamén é boa ocasión o 1 de abril, o día das mentiras, no que os moradores fan unha pequena festa con concurso de humos.

Pero ademais de tomar copas, cafés e infusións calquera

persoa que se achegue pode fedellar entre os discos, as camisetas e os libros de temática celta que se venden na tenda da propia casa. De buscar algo menos frecuente, "algo máis máximo e inexplicable", como asegura Manolo, un dos actuais moradores, sempre se pode mercar unha boteliña de aire da Casa dos Druídas, lacrada e con denominación de orixe.

É unha novidade, para este verán van aumentar os servizos da casa, ofrecendose ademais tapas. Un excelente lugar para probar boa comida ao tempo que soa a mellor música folk. ♦

## Meu Santo, Miña Santiña

francisco a. Vidal

# A Filipe Neri non lle collía o corazón no peito

Era moi relixioso pero tamén moi amigo de gastar bromas e participar das alegrías da xente. Sempre cunha palabra amábel e sen amor enfado, tiña por costume visitar hospitais, mesóns e mercados levando o seu optimismo e conforto, sen temor a contar e escoitar chistes, facer bromas e ata pallasadas que atraían a curiosidade dos paisanos para acabar facéndolles, sempre, a mesma pregunta: ¿E agora, cando empezaremos a facernos mellores?, e a partir daí trocaba o prólogo festivo polo lección de catecismo.

Pasaba o día atendendo enfermos e exercendo un labor de apostolado entre os habitantes de Roma, pero logo, pola noite, retirábase a rezar e podía pasar horas e horas nun reclinatorio, con tanta alegría como se estivese na máis divertida das testas.

Precisamente, estando unha noite de Pentecostes en oración, sentiu que o corazón lle comezaba a crecer e inchar como unha bóla, e tanto e tanto se lle inflaba que lle separou dúas costelas do sitio, e entón el, lonxe de se desgustar co miocardite, cun amplo sorriso nos beizos increpou a

Deus: Señor, Señor, para que me vas matar de alegría.

Filipe, naceu en Florencia no 1515, e contan que xa de cativo era tan boño que os veciños chamábanlle Filipiño o ve.

Cando decidiu dedicarse á relixión marchou a Roma, onde a cambio dun anaco de pan, un vaso de auga, unha presa de olivas e un cornecho debaixo dunha escaleira para durmir, dáballe clases aos fillos do seu pousadeiro, quen dicía que, desde que el lles daba pasantía os rapaces volvéranse uns santos; e dada a fama de bo ensinante e a vocación que amosaba para selo, non tardou en ensinar o catecismo en hospitais, tabernas, igrexas e na propia rúa, e pola facilidade oratoria e histriónica naturais, tanto obreiros como clérigos, rapaces e xentes de toda clase ficaban atendendo os seus exemplos.

Para sacar aos nenos da rúa, leváboas para a súa casa, onde, poñendo toda clase de xoguetes á súa disposición, entre risas, contos e bromas ía catequizándoos, pero os nenos, como era natural, usaban a casa como un campo de

xogos, corrían, berraban e molestaban aos veciños que se queixaban do moito ruído que aqueles facían, ao que Filipe, que distinguía moi ben entre ser un traste e ser un pecadoto, contestaba sen perder o bo humor: eles que fagan o ruído que queiran, mentres non ofendan a Deus.

Cando aos trinta e catro anos o ordenan sacerdote, especialízase no sacramento da confesión, amosando moi boa disposición para entender e incluso psicanalizar aos confesados, pois cunha paciencia sobrenatural e un don especial para analizar e profundar nos asuntos da alma, Filipe era capaz de sacar aos beizos dos arrependidos pecados nos que os devotos nunca pensaran.

Tan doado era para confesar con el e tan aliviado quedaba o confesado, que a xente acudía en masa ao seu confesionario, e como a penitencia era tan dispar duns a outros, o bo Filipe decidiu facer táboa rasa e creou a contraría da "Santísima Trindade e dos Peregrinos", para socorrer os pobres e atender enfermos; mellor, ao seu entender, que ficar dándose golpes no pei-

to; e como aínda lles sobraba tempo, instituíu entre os confrades o costume das "corenta horas", durante as que os fieis adoran a Sagrada Forma ininterrompidamente.

A alegría, e incluso a sorna, co paso dos anos, seguía sendo a súa principal virtude aínda nos momehtos máis dolorosos da súa vida, como cando un médico veu atende-lo dun cólico vesicular, sen grande éxito, e daquela, nun intre de alivio, apartou ao galeño: Aparte doutor, que para aliviar-me xa ven á Virxe María.

Nos seus momentos de éxtase podía ficar durante horas en estado de absoluto ensimesmamento, e cóntase que, nunha ocasión, cando estaba erguendo a Hostia, o seu acolito marchou a facer algún recado que lle acordara, e cando ao cabo de dúas horas volveu, Filipe seguía coas mans en alto e os ollos fixos na Sagrada Forma.

Cando morreu, ao oitenta anos, a caixa do peito tiña unha deformación á altura do corazón, segundo os expertos hixiográficos, para acoller tanta bondade que tiña o bo Filipe Neri. ♦



FRANCISCO CARBALLO

Non me lembro dunha tal obstinación na análise, pola miña parte, dos resultados electorais como destas Municipais do 25-M. Dixen, no anterior número de A Nosa Terra, que a propaganda "soberana" escamoteara o verdadeiro obxectivo das municipais e as convertera nunhas primarias das xerais de 2004. Isto favoreceu ao bipartidismo estatal. Houbo desde o Poder un intento de desfavorecer os partidos das Comunidades Autónomas.

Perante a campaña electoral atrevínme a pronosticar a baixa do PP, o medre do BNG e os altos beneficios do PSOE. En Aragón e na Galiza tivo o PP o meirande descenso de votos: máis de catro puntos aquí. O BNG subiu un punto e o PSOE case dous. Este partido brilla por ter alcanzado as alcaldías de catro cidades, mais, nunha profundación analítica, pode observarse como a anécdota mais que cambio firme. Creio que o máis a subliñar é o inmovilismo electoral: en moitos concellos repetíronse os votos de 1999 literalmente..

O PP e o PSOE apelaron a un populismo oportunista: aquel con promesas de subvencións e este con chamadas os desprotexidos e á alternancia. Fixeron a operación ben antiga de todos os líderes que secuestran a realidade con promesas que nunca quixeron nin quereren cumprir. Son dos que practican o soborno que Marx describe no 18 Brumario: "baixo o pretexto de fundar unha sociedade de beneficencia, organizárase ao lumpenproletariat de París,.... a masa totalmente desarticulada, esluída, distraída, traída e levada, que os franceses denominan la Bohème; cantos precisan vivir da nación".

Mentres os cidadáns cos intereses de clase saben que votar é optar por políticas con obxectivos a medio e longo prazo, os que non se ubican senón que viven desconciados, precisan de ofertas inmediatas: non teñen capacidade para análises mediatos. O BNG fixo unha campaña severa, puritana, na liña de obxectivos inmediatos e mediatos, sen concesións a necesidades sociais merecentes de solucións de discriminación positivas aínda que só remediábeis a longo prazo. O BNG non se concedeu nin unha migalla de populismo, nin unha concesión aos xogos de novas figuras. Pero nunha democracia tímocrata na que estamos, tais campañas asépticas páganse. O BNG pode sentir orgullo de ser demócrata sen carauta; deberá ser humilde e superar erros como o de excederse en sobredimensionar acontecementos. Tal audacia ten custes. ♦



# A prensa miñorana a comezos do s. XX

CARLOS MEIXOME

Naqueles tempos, nada recuados, nos que non había televisión, nin radio, as funcións de divertimento cumpriábanse unha gran variedade de actividades, mentres que as de informar eran labor case exclusivo da prensa escrita. Obviamente estamos a falar de cando as técnicas permitiron xeralizar a impresión sobre papel, finais do século XIX e principios do que vimos de rematar.

Ademais dos xornais das grandes cidades (nalgunhas mesmo se publicaban varios), existiu en moitas vilas de Galiza unha importante prensa de ámbito local. Nalgún caso chega ata hoxe. É posíbel tamén, que como reacción á excesiva concentración dos medios xornalísticos estamos ante un rexurdir da prensa local, cando menos algo así semella indicar a abondosa aparición de cabeceiras comarcais que se veu producindo nos últimos anos. Tamén no Val Miñor aconteceu este primeiro fenómeno, xa que do segundo dende a desaparición de Nano Cambeiro

e o seu *O Miñor* estamos orfos.

Boa mostra da potencia da prensa local nas primeiras décadas do século XX é o abundante número de xornais que nestes anos se publicaron. Se nos atemos ao criterio de antigüidade, o primeiro xornal do Val Miñor foi, segundo Héctor Barreiro Troncoso, *Monterreal* que saíu por primeira vez á rúa o 29 de Xaneiro de 1882 e do que non se teñen máis noticias

As tres primeiras décadas do século foron as de maior actividade. Durante este período publicáronse ata sete xornais, algúns coincidentes no tempo. A vontade comarcal de moitos deles manifestábase na súa denominación, aínda que a maior parte fosen editados en Baiona. Atendendo a un criterio cronolóxico o primeiro foi *El Valle Miñor* xa que o seu primeiro número viu a luz o 31 de agosto de 1902; proclamábase "Semanaio independente. Defensor de intereses generales". De curta duración, foi un dominical fortemen-

te crítico, que mesmo publicaba caricaturas satíricas de personaxes da política local.

*El Miñor*, tomou o relevo do anterior en novembro de 1904. O seu fundador, propietario e primeiro director, inspirador tamén do anterior, foi José María Barreiro quen sería substituído nos labores de dirección, dende o nº 47 (7 de outubro de 1905) ata a súa desaparición en 1908, por Cándido Del Río Giménez. Custaba 0'50 ptas, tiña catro páxinas e unha vocación municipalista que o levaba a incorporar entre as súas informacións os orzamentos do concello de Baiona que, por exemplo no 1905 foi de 40.239'71 ptas.

*El Heraldo de Bayona*. Dirixido tamén polo infatigábel e proteico baionés José María Barreiro, que ben merecería unha profunda esculca biográfica, apareceu en 1910 e mantívose ata 1911. De ideoloxía liberal, interviña na política local e estaba enfrontado con *El Látego de Bayona*, dirixido este por Enrique Cepa Besada e con redacción no es-

tablecemento de Gerardo Miniño en Sabarís. As desavinzas entre ambos directores ocupan bastantes páxinas das dúas publicacións e horas nos xulgados.

No ano 1911 comezou a publicarse *La Voz del Miñor*, o de maior duración, xa que se mantivo ata 1938. Propiedade do Bispaño de Tui, era un xornal dun forte activismo anti-liberal e dun catolicismo belixerante. Tiña unha vocación parroquial e máis miñorana que os anteriores. Probablemente fose a resposta do clero ao carácter crítico dos dirixidos por José María Barreiro. Publicouse na Ramallosa. Nas súas páxinas tiñan cabida noticias dos tres concellos e das distintas parroquias.

Os ánimos de José María Barreiro non decaeron e anos máis tarde, o 19 de marzo de 1914 viu a luz o primeiro número de *El Pueblo*, tamén baixo a súa dirección. O semanario, de carácter liberal-progresista, criticaba duramente os caciques locais e o clero que interviña na política municipal. O seu último número publicouse en xuño de 1918. De periodicidade quincenal, dende o número 35 actúa como administrador do xornal Don Herminio Ramos. A data coincide coa marcha a Uruguai, por mor dunha condena a desterro de catro anos, de José M<sup>a</sup> Barreiro. Tamén no país americano, este activo miñorano impulsaría diversas iniciativas xornalísticas.

Para rematar esta reseña citar dous xornais de menor importancia. Un, do que se publicaron sete números, coa cabeceira de *Eri-zana* defíníase como "semanario veraniego" e publicouse en 1904. Coas mesmas características imprimíuse, en 1928, outro denominado *Caballito del Diablo*.

A maioría dos exemplares que se conservan forman parte do arquivo que Héctor Barreiro doou á Biblioteca Municipal de Baiona onde poden ser consultados. Sirvan estas letras como agradecemento ao amante da historia local foi conservando estes xornais para que todos os puidésemos coñecer. ♦





Los Deltonos

Van tocar na sala Clavicémbalo de LUGO o xoves 5; irán a VIGO o venres 6 para dar un concerto no Código de Barras. Na CORUÑA, estarán o sábado 14 na sala Punto 3.

Ferrol


ACTOS

FEMINISMO, NACIONALISMO E MULTICULTURALISMO Curso organizado polo Seminario Interdisciplinar de Estudos Feminista da Universidade da Coruña no Salón de Actos do Vicerrectorado do Campus ferrolán ás 18:30. O 2 de xuño, Arantza Campos Rubio, profesora de Dereito da U. do País Vasco, falará sobre Feminismo e nacionalismo: reflexións sobre a posibilidade da súa fundamentación teórica. O 9 de xuño, Verana Stolcke, catedrática da U. Aut. de Barcelona, fará sobre Cidadanía de segunda no estado-nación. E o 16 de xuño, Rosa Cobedo Bedia, profesora de Socioloxía da U. da Coruña, disertará sobre Debates contemporáneos en torno ao feminismo e o multiculturalismo.


EXPOSICIÓNS

FOTOGRAFÍA AMBIENTAL O Ateneo abrirá, desde o próximo xoves 5 ata o 20 de xuño, unha mostra fotográfica cos traballos enviados ao XIII Certame de Fotografía Ambiental.

SUSO BASTERRECHEA Diálogos 2003 é o título da mostra de escultura que acolle estes días a galería Sargadelos.



Almudena Fernández, esquerda, e Tatiana Medal, dereita, mostran os seus lenzos na galería Marisa Marimón de OURENSE.



FORON NOVÍSIMOS Esta mostra colectiva vai poder ser visitada no C.C. Torrente Ballester.

CHELO MATESANZ Xunto con Juan Carlos Román, ten unha mostra no C.C. Torrente Ballester.

Lugo

EXPOSICIÓNS

BIENAL INTERNACIONAL DE GRAVADO As obras participantes neste certame, organizado por Caixanova, poden ser olladas, ata o 31 de maio, no Museo Provincial.

CONFLUENTES As pinturas de Nolo Suárez poden ser olladas na Biblioteca Pública.

COLECCIÓN AENA Obras de arte contemporánea, en varios soportes, son expostas na Fundación Caixa Galicia e na Sala de Exposicións da Deputación ata o 8 de xuño.

MÚSICA

BARRACA SELVA O escenario da sala Clavicémbalo servirá, este venres 30, para o seu concerto; as súas señas de identidade son o candombe (ritmo uruguáio), o rock e o abano rítmico latinoamericano, con influencias do jazz, a samba, etc. O sábado 31 tocarán Ilegales, a veterana banda de rock asturiana nada nos 80.

FESTIVAL CIDADE DE LUGO XXXI edición do festival de música da cidade, no que ten lugar varios concertos que se celebrarán no Círculo das Artes ás 20:30 h. O venres 30, O piano, sonatas e danzas, interpretado por Vladislav Bronevitzky, obras de Mozart, Scriabin, Chopin e Liszt. O luns 26 a quenda da montaxe A canción de cabaret, coa participación da mezosoprano Marina Pardo e do pianista Kennedy Moretti; tocarán obras de Albeniz, Kurt Weill, Schönberg, Heitor Villa-Lobos, Erik Satie e Poulenc. O venres 6, a orquestra Il Fundamento xunto con Paul Dombrecht (director e oboe) rendirán honrexas a Haendel.

Maceda

EXPOSICIÓNS

JOÃO DA NOVA Navegante galego ao servizo de Portugal, descubridor de varias illas atlánticas, figura pouco recoñecida no país luso e ignorada na Galiza, que está a ser reivindicada polo investigador Santiago Prol. A mostra, sobre a súa vida, poderase ollar, durante este curso académico, na Biblioteca Municipal Francisco Carballo, de luns a venres de 16 a 20 h. As mañás reservávanse para grupos de centros de ensino que poden solicitar cita no telf. 988 463 001.

Moaña

EXPOSICIÓNS

SALÓN DE PRIMAVERA Este certame artístico leva á galería Arga (Concepción Arenal) as pinturas de Bustamante, Camaño Xestido, Fndez, Gómez, Libertada Freire, E. Gago, Marcia da Almuíña, Lemus, Rufino Peral, Agustín Pérez, Mercedes Ruibal, Manuel Torres, Leopoldo Varela e Villafímez. Tamén se poderán ver as fotografías de Colón. Ata o 1 de xuño.

Ourense

EXPOSICIÓNS

ALMUDENA FERNÁNDEZ Expón na galería Marisa Marimón (Cardenal Quiro-

ga 4) xunto con Tatiana Medal. A mostra estará aberta ata o 30 de xuño.

CHILLIDA O CC da Deputación, Edificio Simeón, acollerá, ata o 15 de xuño, a mostra Eduardo Chillida, vida e filosofía. Dividida en catro bloques: libros de bibliógrafos ilustrados por Chillida; esculturas; posters e gravitacións e debuxos figurativos de animais e plantas. Esta é a primeira exposición após a súa morte.

XOSÉ LUÍS DE DIOS A galería Visol alberga unha mostra coa súa obra ata o 31 de maio.

COUSAS DA VIDA Os debuxos do álbum de Castelao da colección da Fundación Caixa Galicia estarán colgados na súa sede, ata o vindeiro 31 de maio.

NENOS DA GUERRA Fotografías de Gervasio Sánchez, que poderemos visitar na Aula de Cultura Caixanova. Recolle imaxes de cómo as guerras afectan aos máis cativos, como a persoas que pasan toda a súa vida ou a infancia nesa situación.

A MESMA HISTORIA 40 VECES Título da mostra que Antón Figueiras ten no Centro Cultural da Deputación.

Padrón

EXPOSICIÓNS

ÁS IMAXES DE CASTELAO Mostra fotobiográfica que está sendo exposta no Claustro do Convento do Carne.

Pontevedra

CONFERENCIAS

O RETO AMBIENTAL DO III MILENIO Ata o 29 de maio este ciclo de conferencias vai ser impartido ás 20 h. na Aula Sociocultural de Caixa Galicia.

EXPOSICIÓNS

ICONOS RUSOS, CAIXAS LACADAS E OVOS PINTADOS

A pintura sobre ovos ten, case, dous milenios de antigüidade, comezaron a facerse polas festas de Pascua, e en Rusia pasou a ser símbolo da súa artesanía; sobre eles representáanse temas relixiosos, antigas lendas, contos clásicos, paisaxes... a colección que se presenta é do mestre Antón Zhuk. A miniatura de Palekh é tipicamente popular e naceu nesta vila rusa, sendo famosos os iconos desde o s. XVII. As caixas están feitas de cartón pedra e reflexan costumes, tradicións, festas, contos e acontecementos históricos. Os iconos apareceron na época medieval de Bizancio e pintáanse sobre madeira estucada -ás veces sobre metal- e representan sempre temas relixiosos; presidían as casas e arredor deles realizábase a vida familiar e rezábase. Hai outros, chamados Festas, sobre temas ou un personaxe principal. Nesta mostra, que poderemos ollar no Espacio para Arte de Caja Madrid a partir deste venres 30, hai caixas, táboas, ovos, iconos, miniaturas e matriuskas, ata 140 pezas.

O coñecido artista portugués J. de Guimarães expón máis de medio cento de obras en PONTEVEDRA.

ESQUECIDOS POR NOÉ Mostra organizada coa colaboración do Museo de Ciencias Naturais español que poderá ser visitada na sala de exposicións Caixa Galicia ata o 31 de maio.

ARTE EN PONTEVEDRA A III edición desta mostra estará no Pazo da Cultura ata este xoves 29 de maio. Exhibición dunha serie de obras de artistas vinculados á facultade de Belas Artes como Ignacio Barcia, Natividad Bermejo, Chavete, Manuel Dimas, Dolores Gálvez, Jesús Hernández, Manuel Molde, Jesús Pastor, Andrés Pinal, Lola Solla, Rosa Ubeda e Celso Varela.

JOSÉ DE GUIMARÃES O máis internacional e consagrado artista portugués presenta a súa primeira mostra retrospectiva no noso país. A frescura, inxenuidade dos seus cadros está presente en centros de museos de todo o mundo e as súas esculturas urbanas engalanan cidades de todos os continentes. A mostra recolle 54 obras que abrancen un percorrido completo pola traxectoria deste trascendente artista. Nas salas de exposicións Caixanova (San Xoán e Gagos de Mendoza) ata o 8 de xuño.

TINO GRANDÍO Representativo da arte figurativa e abstracta galega dos anos cincuenta, mercé aos Fondos da Colección Caixa Galicia, poderemos coñecelo no Café Moderno.

MÚSICA

CAMAWEY Esta sala acolle o concerto de Skarnio, este venres 30 ás 22:30 h. O sábado 31 remata a programación do mes coa actuación, ás 22:30, de Javier Krahe.

Porriño

LEITURAS

POESÍA Recital o venres 30 ás 20 h. no Círculo Recreativo, con Nazaret Vaquero Garrán.

Rianxo

MÚSICA

CORO ABRAIRA O sábado 31 ás 19:30 van dar un concerto no salón parroquial de Asados.

Ribadeo

EXPOSICIÓNS

O SOÑO DA TERRA Baixo este título poderemos ollar as fotografías de Rosa Veiga, acompañadas por textos de Patricia Cacharro, no Auditorio Municipal.

Sada

EXPOSICIÓNS

ÁS CORES DO MAR DE GALIZA Teremos a oportunidade de mergullarnos, a través desta mostra fotográfica, no mundo submarino do noso país, resultado de 25 anos de traballo de Xosé Luís González que se encontra na casa da cultura Pintor Llorens ata o 1 de xuño.

A veterana banda de rock asturiana Ilegales toca o sábado 31 no Clavicémbalo de LUGO.



Medusa

O grupo vigués composto por Eladio Santos (voz e guitarra), Nillo Nández (guitarra eléctrica e coros), Xavier Lado (baixo) e Xacobo (batería), ben coñecidos por pertencer antes a diversos grupos da cidade; ata hai pouco baixo o calificativo de Starlux, nome que mudaron por coincidir cun selo discográfico; foron teloneiros de Oasis en Castrelos 02; gravaron un Ep 1, onde se mesturaban as influencias do pop español do 80 con sons do brit pop de bandas como Oasis ou Coldplay. Agora están gravando o Ep 2 onde inclíen 3 cancións inéditas e outras en directo. Estarán na sala Mardi Gras da CORUÑA o xoves 29 a partir das 22 h.(entrada anticipada en Portobello, Noni's, Tipo, Mardi

Gras). O venres 30 estarán na Iguala Clube de VIGO a partir das 00:30 h.(entrada anticipada en Etepé, Diskópolis, Tipo, Columna). O venres 5 de xuño tocarán na sala Burbuja de OURENSE a partir das 23 h.(entrada anticipada en Don Disco, Tipo, Peggy Records). O xoves 12 de xuño pasarán pola Casa do Patín en SANTIAGO a partir das 22 h.(entrada anticipada en Lúser, Tipo, Diskópolis, Gong, Casa do Patín). O venres 13 de xuño viaxan ata PONTEVEDRA para tocar no Camawey ás 23 h.(entrada anticipada en Tipo e Camawey). E o xoves 19 de xuño estarán no Clavicémbalo de LUGO a partir das 22 h.(entrada anticipada en Tipo e Clavicémbalo). A entrada costa 5 euros.



Para a inclusión de información de lecer pregámosvos notas fagades chegar antes dos luns. Podese facer a través do correo, Apido. 1371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Santiago

■ CINEMA

**MARIE JO E OS SEUS DOUS AMORES**  
Este drama francés vai proxectar entre o luns 9 e o venres 13 na sala *Yago*; ás sesións son ás 18 h., 20:15 h. e 22:30 h. Máis información en [www.salayago.com](http://www.salayago.com).

■ ESPECTÁCULOS

**FESTA DO CIRCO**  
Catro anos de xente non subvencionada que segue a moverse neste eido do circo e do cabaré, minoritario na Galiza, pero moi forte. Os máis dos que comezaron a hai catro anos están a formarse fóra de aquí, pero unha vez ao ano xúntanse na *Nasa* para facer un espectáculo diferente. O venres 30 e sábado 31 ás 23 h.

■ EXPOSICIÓNS

**KEITH HARING & WILLIAM BURROUGHS**  
As obras dunha e os textos do outro están expostos na galería *C5colección*.

**AS CHAVES**  
Mostra retrospectiva de **Maratite Teatro** na *Fundación Granell*. Fai un percorrido polos 17 anos de historia desta compañía creada en Compostela e que ten como sede o teatro *Galán*. Vai estar aberta ata o 9 de xuño.

**ALEXANDRO**  
*Obra recente* é o título da mostra que acolle a galería *José Lorenzo* ata o 4 de xuño.

**IMAXES DO SONO EN LIBERDADE**  
Este é o nome da exposición que amosará películas inéditas filmadas por **Eugenio Granell** en colaboración co *Centro Galego de Artes da Imaxe*. A *Fundación Granell* ademais celebra os seus oito anos de funcionamento cunha exposición de parte dos seus fondos. A través desta exposición preténdese dar a coñecer algunhas das obras que tanto Granell como a súa muller Amparo foron doando para que a fundación se mantenga como un grande escaparate da arte surrealista. A mostra tenta ser un fiel espello e unha afirmación da vida de Eugenio Granell que representa toda unha época da actividade creadora que marcou o século XX. "Fondos de la Fundación Granell" mostra obras do artista que van desde óleos, pasando por debuxos e esculturas. Pazo de Bendaña, ata finais de ano.

**SILENO**  
Baixo o nome de *Tebra azul* o artista portugués mostra os seus debuxos (16 deseños) e unha escultura. Na galería *Citania* (Aglia de Abaixo 39) ata o 20 de xuño.

**CHEMA PRADO**  
Esta mostra está formada por dúas series fotográficas

Convocatorias

**O SECTOR TÉXTIL**  
A *Fundación Barrié* da Coruña vai acoller o mércores 4 un seminario adicado a *Confección e moda en Galicia*. Analizárase a importancia e dinamismo do sector e a necesaria cooperación nos ámbitos do deseño de produtos, procesos, loxística, comercialización e subcontratación. Máis información en [www.fbarrié.org](http://www.fbarrié.org) ou no telf. 981 224 448.

**PREMIO XÓVENES ARTISTAS**  
O *Auditorio de Galicia* é o organizador deste certame no que poden participar todos os artistas nados ou residentes na Galicia e que sexan menores de 40 anos. Poderán presentar unha soa obra realizada en calquera tipo de técnica ou soporte, que deberá ser inédita e non presentada a outros concursos nin expostas. A documentación sobre as obras debe ser enviada, antes do 12 de setembro, ao Auditorio (avda. do Burgo das Nacións, 15705, Compostela). Mandarase: fotocopia DNI, declaración de residencia para os nados fóra, fotografía persoal, enderezo e teléfono de contacto, fotografías da obra, currículo ou dossier artístico, valoración económica da obra; no caso de tratarse dun vídeo, envarase coa documentación.

O xurado fará unha preselección a partir da documentación recibida e porase en contacto con estes artistas para lles indicar as datas nas que remitirán as obras, que en ningún caso se admitirán en mal estado ou que non ofrezan todos os elementos necesarios para a súa exhibición. Os traballos seleccionados serán obxecto dunha mostra que terá lugar de novembro en diante. Existe un 1º premio dotado con 6.000 euros; 4 accésitos de 1.200 euros cada un; e un premio especial do público pola mesma cantidade. Máis información sobre o certame chamar ao 981 574 153 ou exposicións@auditoriodegalicia.org.


**PREMIO XORNALÍSTICO MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA**  
A *Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada* convoca a VIII edición deste premio, en honra do peiraseiro estradense, co obxectivo de contribuír ao fomento da difusión da lectura. Seralle outorgado ao mellor traballo, ou serie de traballos (5 como máximo), sobre a lectura publicado en calquera dos medios de comunicación escritos en galego antes do 30 de xullo de 2003. O prazo de recepción dos traballos remata o

11 de agosto, e deberán remitir unha páxina do orixinal onde conste a data de publicación e o medio, acompañada dos datos do autor, ao enderezo da fundación: Zona Deportiva s/n, 36689, A Estrada. O premio está dotado con 1.500 euros. Máis información en [www.a-estrada.org](http://www.a-estrada.org) ou no telf. 986 573 406.

**II PREMIO LITERARIO CARLOS CASARES**  
Poderá concorrer a el calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría, redactados en galego ou español. Os orixinais terán unha extensión máxima de dous mil caracteres e deberán presentar por quintuplicado. Establecénsese dúas categorías: A) maiores de vinte e cinco anos, e B) menores de vinte e cinco anos, que deberá ser presentado baixo lema, anexaser en sobre pecho o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. Na parte exterior do sobre especificarase a categoría en que concorre. O fallo realizarase o 13 de xuño. O prazo remata o 31 de maio. O premio é de 600 euros por cada unha das categorías. Enviar a: Liceo de Ourense - Rúa Valentín Lamas Carvajal 5; 32005 Ourense.

**VI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALIZA**  
Convocado pola *Federación Galega pola Cultura Marítima*, vai celebrarse, a pesar do chapapote do *Prestige*, do 3 ao 6 de xullo na illa de Arousa. A FCGM convoca estes encontros cada dous anos nun porto diferente, coa fin de dar a coñecer o noso patrimonio marítimo por todos os peiraos da costa galega. Os que asistan a esta gran festa do mar contemplarán máis de cen barcos de todas as tipoloxías de Galiza, embarcacións que estarán acompañadas por moitas outras de Portugal (convocado de honra nesta edición), Francia, Irlanda, Euskadi, Catalunya, etc. En terra, 600 tripulantes e máis os visitantes terán a oportunidade de disfrutar de exposicións, conferencias, festa gastronómica, música de taberna, concertos. Se algunha organización ten interese en participar, por puntos de venda ou exposición, etc. a organización ofrecerá aloxamento e manutención para tripulantes e persoal dos expositores, así como stands gratuítos. [fgcm-galicia@mixmail.com](mailto:fgcm-galicia@mixmail.com).

Os dalís de Dalí é a mostra que podemos contemplar na Fundación Caixa Galicia de SANTIAGO. A dereita, Triple aparición.



ben diferentes. *In Fraganti* é unha colección de retratos de personaxes do mundo do cine. En *Cidades* nos propón un percorrido, en branco e negro, polos recunchos de cidades como Madrid, Berlín, Nova York, Bejiñ... Chema Prado (Rábade, Lugo, 1952) traballa desde hai tempo no mundo da fotografía e o cine. Na *Igrexa da Universidade*, ata o 1 de xuño.

**OS DALÍS DE DALÍ**  
Ata o 8 de xuño esta mostra vai estar na sede da *Fundación Caixa Galicia*.

**ANTÓN PULIDO**  
A mostra *Obra recente* recolle as súas pinturas na sala de arte de *El Correo Gallego*.

**KEITH HARING & WILLIAM BURROUGHS**  
As obras dunha e os textos do outro están expostos na galería *C5colección*.

**PEREJAUME**  
Fotografías, deseños e unha vídeo instalación do artista catalán poderemos ollalas na galería *Trinta* (Virxe da Cerca 24) ata o 6 de xuño. De orixes subrealistas, a obra de Perjaume venéllase tanto á vangarda histórica como a localismos da cultura catalá, desde aquela, no seu traballo hai unha serie de constantes como son o debuxo entendido como fio narrativo, o espectador como imprescindíbel, a toponimia e os percorridos así como a escrita. Móvese entre o real e o imaxinario con retranca e intuición poética, cuestionando os métodos tradicionais do paisaxismo pictórico.

**PRÊT-A-PORTER**  
Esta instalación de **Manuel de la Rosa** poderá ser ollada no coro da *Igrexa da Universidade* ata o 31 de maio en horario de 11 h. a 14 h. e de 17 h. a 20:30 h. de luns a sábados, e polas mañás os domingos.

**O XENIO DA CARICATURA**  
Esta mostra adicada a **Honoré Daumier** poderá ser visitada, ata o mes de xullo, no *Auditorio de Galicia*.

**JOSÉ PEDRO CROFT**  
Dedicado fundamentalmente á escultura e o debuxo, o portense crea situacións

ambiguas que se atopan no límite da estabilidade. A través da selección dunhas trinta pezas recentes, a exposición é concebida como unha grande instalación onde todas as obras gardan relación entre si. Ata o 22 de xuño no CGAC.

**EVA KOCH**  
O *CGAC* é o escenario desta mostra da artista danesa. Presenta o seu proxecto *Villar* como primicia no Estadio; proxecto co que participou na Bienal de Venecia e no que narra a historia da súa nai, unha "mema perdida" da Guerra Civil española e o reencontro familiar durante os anos sesenta.

**MARTA CASTRO RGUEZ**  
A tenda de cultura bioéxica *O Neno Labrego* (Rúa Traveses 4) mostra de escenario para a súa mostra de pintura, en técnica mixta, titulada *Smoking Room*, organizada pola A.C. *Eladía*. Ata finais de xuño.

**XOGOS DE ESCALA**  
Esculturas, pinturas, fotografías e vídeos, dos fondos do CGAC fundamentalmente, conforman esta mostra, segunda dunha serie de catro (*Olladas Cómplices*, *Xogos de Escala*, *Pegadas de Luz e Agardando unha chamada*) que teñen como obxectivo o estudo dos fondos artísticos do

Centro Galego de Arte Contemporánea, onde a poderemos ollar ata o 29 de xuño. Se a base narrativa de *Olladas Cómplices* foron relatos de Paul Auster, Edgar Allan Poe e Salvador Elizondo, para *Xogos de Escala* escóllense textos de Marcel Proust, Jorge Luis Borges e Jonathan Swift e entre os artistas reunidos están Mónica Alonso, Stephan Balkenhol, June-Bomb Bark, Frank Breuer, Filipa César, William Engelen, Suso Fandiño, Ellen Harvey, Andrés Pinal, Karin Sander, Thomas Schütte, Baltazar Torres...

**CIUDADES/INFRAGANTI**  
Fotografías de **Chema Prado**, ata o 1 de xullo na *Igrexa da Universidade*.

**COLECCIÓN ÉTNICA**  
Unha selección de fondos da *Fundación Granell* poderán ser ollados, ata o 2 de xuño, na súa sede.

**■ MÚSICA**  
**MASTRETTA**  
Este grupo dá un concerto, dentro da programación das *Festas da Ascensión*, este xoves 29 ás 23 h. na Praza do Toral

**EL FONDAMENTO**  
Esta orquestra estará no *Auditorio de Galicia* o próximo xoves 5 ás 21 h. cun espectáculo baseado en obras de Haendel. Tocarán baixo a dirección de **Paul Dombrecht**. O prezo da entrada é de 12 euros.

**PSICOFÓNICA DE CONXO + MUGARDOS + SUMRRÁ**  
A editora compostelana *Madame Mir* presenta tres novos discos destas tres formacións da cidade, de estilos ben diversos, que se porán de manifesto no concerto que van dar na *Nasa* o vindeiro xoves 5 ás 21:30 h. por 10 euros.

**■ TEATRO**  
**LAS SIN TIERRA, SIETE INTENTOS DE CRUZAR EL ESTRECHO**  
Os malagueños **Nomad Teatro** van poñela en escena este xoves 29 e venres 30 ás 20:30, o sábado 31 ás 22:30 e o domingo 1 ás 19 h. no cinema sala *Yago*.

**OTEOLO**  
Dentro do ciclo adicado ao teatro andaluz da sala *Yago*, a compañía sevillana **Cámara negra** vai representar esta versión libre de Carlos Álvarez-Osorio da obra de William Shakespeare o xoves 5 e venres 6 ás 20:30 h., sábado 7 ás 22:30 h. e domingo 8 ás 19 h.

**CASA CON DOS PUERTAS...**  
Este xoves 29 ás 21 h. continúa a haber, no marco da programación das festas da Ascensión, a mostra de teatro no *Principal*, coa representación de *Casa con dos puertas es mala de guardar*.

Psicofónica de Conxo, na imaxe, xunto con Mugardos e Sumrrá, darán un concerto o próximo xoves 5 na sala Nasa de SANTIAGO.



En Rota

**OS CAMIÑOS DA MEMORIA**  
A asociación cultural *Colectivo Camiños da CORUÑA* organiza unha serie de roteiros para os vindeiros meses. En xuño, o xoves 1, terá lugar o roteiro do **Ripibelo**, que consistirá na visita ao catro de Pastoriza, San Martiño de Suevos, O Coñadoiro, Enseada da Becha, Praia

de Alba, Os Aguillóns e Figueroa. A inscrición para participar nos roteiros é de 1'5 euros. Os autobuses saen da estación dos mesmos ás 11 h. para volver pola tarde. Máis información no telf. 696 507 825, [colectivocaminos@iespana.es](mailto:colectivocaminos@iespana.es), ou na páxina web <http://colectivocaminos.iespana.es>.





O Himalaia é un cordal con varios montes de oito mil metros. De cando en vez, chega alí un occidental rico, paga os servizos dun nativo sherpa que lle porte as equipaxes e o gué ata o cumio, fai fotografías e volve ao seu país convertido en famoso. Os sherpas son en realidade os que coñecen e escalan as montañas, os que primeiro chegaron, pero ninguén llelo

recoñece. Dáse por feito que son grises e anónimos. O BNG está cargado de sherpas e o PSOE de homes como Edmund Hillary. E facer de sherpa é xusto o contrario de dar o *sorpasso*. ♦

Director: Alonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias. Principo, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscripcións e Publicidade 986 433 830. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com. Impreso en papel reciclado Greenrey 100 de 60 gr/m<sup>2</sup>



## Anxo Moure

'Xa se ve para que serven os xuízos rápidos, para xente coma min e por motivos políticos'

**H. VIXANDE**  
Coñecido pola súa militancia pacifista en Bicis pola Paz, Anxo Moure enfróntase a un xuízo rápido acusado de atentado á autoridade cando hai imaxes de televisión que proban que non tivo ningún comportamento violento.

Seica vai ser xulgado por atentado á autoridade.

Si, iso que as imaxes demostran que eu non fun violento nin agredín a ninguén.

Pero non é a primeira vez que ten problemas coa lei.

Tiven moitos, por protestar e por outras razóns, pero sempre fun pacífico. O último problema foi porque a piscina de Chantada apareceu manchada de chapote cando ía vir Fraga a inaugurala. Coincidiu co acto para darlle premio do Millo de Ouro. Eu estaba en Corme e esa noite apareceu a pintada "Minerva Negra".

**E claro, non sabe quen foi.**

Si, si que sei. Foron as xacias do Miño [unha especie de sereas de auga doce]. Mesmo hai aberta unha investigación da policía xudicial para localizalas. Ata me preguntaron ónde estaban as xacias esas. ¿Onde van estar? En Chouzón, a carón do Miño, ¡que vaian na súa procura! E cando as atopen, que me avisen.

**Volvamos ao xuízo máis inmediato. ¿Que pasou?**

Fraga viña á inauguración dunha gardería infantil e nós quixemos facer unha inauguración simbólica cun acto alternativo.

**¿Quen son nós?**



Xabier Viana e máis eu. Os dous dedicámonos a contar os "Contos para parar as guerras e as mareas negras". De modo que nos presentamos na inauguración con caretas de personaxes dos nosos contos, Xabier coa de Vicentíño e eu coa dos tres porquiños. Ademais, eu subínme a un valado cunha pancarta que dicía "Adeus ás armas".

**¿Que pasou?**

Ao valado, canda min, subíron dous policías e cando chegou Fraga empuxáronme os de arriba e máis outro que estaba abaixo tirou de min. Ao caer tentei fuxir.

**¿E logo por que?**

Para que non mallaran en min, pero me colleron. No coche

da Garda Civil leváronme ao médico porque tiña unha especie de lipotimia. No parte, o médico dixó que tiña policontusións e eu anunciei que ía denunciar, por iso leváronme ao cuartel. Ás dez da noite lenme os meus dereitos e díxeme que teño que chamar a un avogado porque se me acusa dun delito de atentado á autoridade.

**Logo, ¿feriu a alguén?**

Parece ser que ao caer eu, mancoise un policía, pero non fun eu e si fun, non foi a mantenta porque a min tiráronme e se ferín a alguén tivo que ser na caída. O que pasa é que pensaron que podían dicir que eu fora violento, que lle pegara ao policía, pero meteron a pata.

**¿Por que?**

Crían que tiñan todo amañado, con testemuñas organizadas e todo, por iso me denunciaron e fixeron un xuízo rápido, pero despois, esa noite, saíron as imaxes de Tele 20 [unha televisión local de Chantada] e quedou claro que non fora eu.

**¿Por iso suspenderon o xuízo?**

Por iso. Ía ser o día seguinte ao incidente, o xoves 22, pero a última hora non apareceu o avogado dos policías e acordaron suspendelo, de modo que quedou para o xoves 29. O meu avogado pensa que foi unha estratexia, que agora queren negociar; teñen medo ás imaxes, que son moi claras e que confirman que non teño nada que ver coas lixeiras marcas que agora queren negociar; teñen medo ás imaxes, que son moi claras e que confirman que non teño nada que ver coas lixeiras marcas que agora queren negociar...

**Entón non foi violento.**

Non home. O acto ata era en silencio, non se berrou nada. Pretendía ser educativo, que os nenos visen que hai que excluír as armas. Mesmo Fraga estaba a cen metros de onde estábamos nós.

**¿Que pensa dos xuízos rápidos?**

Xa se ve para que serven. Son un dos primeiros ao que o queren xulgar por esa vía, por un asunto político. Sorte que están aí as imaxes. O agredido son eu. Cando eu estaba arriba, o meu compañeiro escoitou a un policía dicir referíndose a min: "a ver se se parte a crisma por facer o parvo". ♦

## Memoria ou confianza

X.R. POUSA

Os acontecementos vividos nos últimos meses falan da complexidade da sociedade en que vivimos, especialmente en Galiza, na que as cousas poucas veces son como parecen. Hai situacións críticas, de responsabilidade política máxima, como a crise do *Prestige* e inmediatamente a da guerra de Irak, que tensan ata límites máximos a corda da conciencia política e fan prever reaccións de castigo para quen detectan o poder do voto como única arma da democracia. E non pasa nada. Os propios resultados electorais do pasado domingo son expresión viva desa complexidade.

Unha de dúas: Ou non hai memoria, ou non hai confianza. Ou o noso pobo esquece os acontecementos máis inmediatos, ou algo falla para que os grupos políticos que loitan polo cambio desparten a suficiente confianza no electorado para darlle a volta unha tortilla que cheira a queimado.

Son dos que pensa que, con claras excepcións, os medios de comunicación xogan maioritariamente a favor de manter o *status quo*, pero tamén sei que se dan moitas circunstancias que permiten falar dunha sociedade en constante modernización, capaz de vencer estas rémoras e superar outros moitos condicionantes da sociedade rural tradicional.

Neste contexto, resístmome a falar dunha Galiza de desmemoriados e inclínome pola visión de formar parte dunha sociedade de incrédulos que vive moito máis lonxe das estruturas políticas do que se cree. Nun contexto mercantilizado a cáseque todos os niveis sería bon que quen se ve chamado a poñer en práctica novas solucións para un país con tan vellos problemas comence a traballar por mudar a imaxe no sentido de ofrecer unha mellor credibilidade a un electorado que probablemente xa non se conforma con boas fotografías de persoas eleixidas unilateralmente por aparatos anónimos de partidos e programas impresos en papel *couché* con contidos moi lonxanos, senón que, igual que cando mercan un coche, un traxe ou unha pizza, piden un produto con máis garantías. Máis participativo, máis fresco e transparente para que todos se poidan ver reflexados na foto e non malgastar o voto. ♦